


**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

CARPETA 01.MX

**PARTE I. INFORMACIÓN**



Outubro 2023

---

**PARTE I. INFORMACIÓN**


---

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN**

<b>01. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>02. ANTECEDENTES .....</b>	<b>7</b>
<b>03. INFORMACIÓN.....</b>	<b>11</b>
03.1 ENCADRE TERRITORIAL .....	11
03.2 CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO.....	13
03.2.1 XEOLÓXICAS.....	13
03.2.2 TOPOGRÁFICAS .....	14
03.2.3 HIDROLÓXICAS.....	17
03.2.4 CLIMATOLÓXICAS .....	18
03.3USOS ACTUAIS DO SOLO .....	20
03.3.1 OCUPACIÓN .....	20
03.3.2 AGRÍCOLA .....	22
03.3.3FORESTAL.....	26
03.3.4GANDEIRO.....	27
03.3.5CINEXÉTICO .....	29
03.3.6MINEIRO.....	29
03.3.7PESQUEIRO.....	31
03.4 CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS. ....	32
03.4.1 ENCADRE REXIONAL .....	32
03.4.2 POBOACIÓN .....	32
03.4.3 CONDICIÓNS SOCIO-ECONÓMICAS.....	49
03.4.4 EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA PREVISTA.....	56
03.5 NÚCLEOS DE POBOACIÓN EXISTENTES NO MUNICIPIO .....	58
03.5.1 OS NÚCLEOS RURAIS .....	60
03.5.2 O NÚCLEO URBANO.....	65
03.5.3 SOLO URBANO INDUSTRIAL. RÍO DO POZO.....	89

<b>03.6 DETERMINACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO</b>	<b>92</b>
03.6.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO .....	92
03.6.2. PLAN DE ORDENACIÓN COSTEIRA DE GALICIA (PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL) .....	102
03.6.3 CATÁLOGO E DIRECTRICES DA PAISAXE .....	112
03.6.4. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA .....	113
03.6.5. ACTUACIÓN INDUSTRIAL RÍO DO POZO-SECTOR II.....	118
03.6.6. PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA. PARQUE EÓLICO DE NOVO.....	119
03.6.7. PLAN DE MOBILIDADE E ORDENACIÓN VIARIA ESTRATÉXICA. (PLAN MOVE) .....	121
03.6.8. PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE FERROL, FENE, NEDA, NARÓN, ARES, MUGARDOS E CABANAS E A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN .....	121
03.6.9. 1ª REVISIÓN PLAN FORESTAL DE GALICIA CARA Á NEUTRALIDADE CARBÓNICA 2021-2040 .....	129
03.6.10. RESTO DE PLANS SECTORIAIS DE INCIDENCIA NO TERMO MUNICIPAL .....	130
03.6.10.1. PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA GALICIA - COSTA .....	130
03.6.10.2. PLAN SECTORIAL DE APARCADOIROS DISUASORIOS .....	131
03.6.10.3. MAPAS ESTRATÉXICOS DE RUÍDO .....	133
03.6.10.4. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014-22020 .....	142
03.6.10.5. PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL (PDAL) .....	142
<b>03.7 PROXECTOS PREVISTOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN</b>	<b>144</b>
03.7.1 PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS .....	144
03.7.2 PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS .....	147
03.7.3 PROXECTOS NAS REDES DE SERVIZOS .....	147
<b>03.8 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL E NATURAL...</b>	<b>148</b>
03.8.1 VALORES NATURAIS E PAISAXÍSTICOS .....	148
03.8.2 VALORES CULTURAIS E PATRIMONIAIS.....	152
03.8.2.1. CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS.....	152
03.8.2.2. BENS DE INTERESE CULTURAL .....	154
03.8.2.3. ELEMENTOS CATALOGADOS .....	155
<b>03.9 AFECCIÓN DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL</b>	<b>157</b>
03.9.1 AFECCIÓN DERIVADAS DA CONSERVACIÓN DA NATUREZA .....	157
03.9.2 LEXISLACIÓN DE COSTAS.....	159
03.9.3 LEXISLACIÓN DE AUGAS.....	163

03.9.4 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PAISAXE .....	167
03.9.5 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS.....	168
03.9.5.1 LEXISLACIÓN DO SECTOR ENERXÉTICO .....	168
03.9.5.2 LEXISLACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS.....	170
03.9.5.3 LEXISLACIÓN REDES DE GAS.....	175
03.9.5.4 LEXISLACIÓN ESTRADAS .....	177
03.9.5.5 LEXISLACIÓN FERROVIARIA .....	184
03.9.5.7 LEXISLACIÓN AEROPORTUARIA .....	191
03.9.6. LEXISLACIÓN EN MATERIA FORESTAL.....	203
03.9.7 LEXISLACIÓN EN MATERIA AGROPECUARIA.....	205
03.9.8 LEXISLACIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL .....	206
03.9.9 OUTRA LEXISLACIÓN SECTORIAL.....	208
03.9.9.1 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE DEFENSA.....	208
03.9.9.2 LEXISLACIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS .....	209
03.9.3 LEXISLACIÓN MINEIRA .....	210
03.9.4 LEXISLACIÓN CONTAMINACIÓN ACÚSTICA.....	211
03.9.19 LEXISLACIÓN DE COMERCIO.....	216
03.9.20 LEXISLACIÓN ÁREAS EMPRESARIAIS .....	216
<b>03.10 PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES.....</b>	<b>219</b>
03.10.1 PLANEAMENTO DO CONCELLO DE FERROL .....	219
03.10.2 PLANEAMENTO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO .....	226
03.10.3 PLANEAMENTO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO .....	228
03.10.4 PLANEAMENTO DO CONCELLO DE NEDA.....	231
<b>03.11 ANÁLISE DO PLANEAMENTO VIXENTE E O SEU GRAO DE DESENVOLVEMENTO.....</b>	<b>233</b>
03.11.1 SOLO URBANO.....	235
03.11.2 SOLO URBANIZABLE .....	237
03.11.3 SOLO RÚSTICO E OS NÚCLEOS RURAIS.....	239
<b>03.12 DOTACIÓNS URBANÍSTICAS.....</b>	<b>241</b>
03.12.1 ESPAZOS LIBRES .....	241
03.12.2 EQUIPAMENTOS.....	248

03.12.3 INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS .....	255
03.12.3.1 INFRAESTRUTURAS VIARIAS .....	256
03.12.3.2. INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS .....	259
03.12.3.3. INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS .....	259
03.12.4 REDES DE SERVICIOS BÁSICOS.....	260
03.12.4.1 ABASTECIMIENTO .....	260
03.12.4.2 SANEAMENTO. ....	267
03.12.5 OUTRAS INFRAESTRUTURAS .....	272
03.12.5.1. ALUMEADO PÚBLICO.....	272
03.12.5.2. ENERXÍA ELÉCTRICA.....	272
03.12.5.3. GAS .....	274
03.12.5.4 TELECOMUNICACIÓNS.....	274
03.12.5.5 XESTIÓN DOS RESIDUOS .....	275
03.12.5.6. PROTECCIÓN DA NATUREZA E Á LOITA CONTRA O LUME.....	275
<b>03.13 EXPOSICIÓNS A RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS .....</b>	<b>276</b>
03.13.1 RISCOS TECNOLÓXICOS.....	277
03.13.2 RISCOS XEOTÉCNICOS .....	278
03.13.3 RISCOS NATURAIS .....	279
<b>03.14 ANÁLISE DAS NECESIDADES DE VIVENDA E SOLO PARA ACTIVIDADES     PRODUTIVAS.....</b>	<b>296</b>
03.14.01. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE VIVENDA .....	296
03.14.02. NECESIDADES DE SOLO PARA ACTIVIDADES PRODUTIVAS.....	303

## 01. INTRODUCCIÓN

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (DOG núm. 34, do 19/02/2016), contempla, entre os seus obxectivos, o de dotar de seguridade xurídica o ordenamento xurídico, para o que considera imprescindible que todos os concellos de Galicia dispoñan dun instrumento de planeamento que ordene o seu termo municipal.

Actualmente o Concello de Narón conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 22 de abril de 2002.

O presente documento corresponde ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, na súa fase de Aprobación inicial, segundo o sinalado no artigo 60 da LSG e 144 do RLSG.

O artigo 51 da LSG regula a figura dos Plans xerais de ordenación municipal establecendo que serán formulados polos concellos respectivos e son instrumentos urbanísticos de ordenación integral que abarcará un ou varios termos municipais completos, clasificará o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirá os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

As determinacións de carácter xeral dos plans xerais axustaranse ao establecido no artigo 52 da LSG e art. 105 e ss. do RLSG incluíndo as seguintes determinacións de carácter xeral:

*a) Objetivos generales y criterios de la ordenación compatibles con la normativa sectorial y ambiental, con los instrumentos de ordenación del territorio y con el planeamiento de los municipios limítrofes.*

*Asimismo, estos objetivos y criterios deberán ser coherentes con los objetivos generales de la actividad urbanística pública y orientarse de manera preferente a resolver las necesidades de dotaciones urbanísticas y de suelo que se deriven de las características del propio ayuntamiento.*

*El plan general deberá definir una estrategia y un modelo de ordenación del territorio basados en los principios de desarrollo territorial y urbano sostenible y de mejora de la calidad de vida de los habitantes del municipio.*

*b) Clasificación del suelo de todo el término municipal en todos o alguno de los distintos tipos y categorías establecidos en la Ley 2/2016, de 10 de febrero.*

*La clasificación del suelo se realizará teniendo en cuenta lo dispuesto en el título I.*

*c) División del suelo urbano en distritos (artículo 52.c) de la LSG) según lo dispuesto en el artículo 79.*

- d) *Delimitación de los sectores en suelo urbanizable y de los ámbitos de reforma interior en el suelo urbano no consolidado (artículo 52.d) de la LSG), según lo dispuesto en los artículos 79 y 106.*
- e) *Determinación del sistema de actuación en los ámbitos de suelo urbano no consolidado y de suelo urbanizable (artículo 52.e) de la LSG).*  
*El plan general determinará el sistema de actuación con el que se desarrollarán los polígonos de gestión que se delimiten en los ámbitos de suelo urbano no consolidado y en los sectores de suelo urbanizable que establezca.*
- f) *Estructura general y orgánica del territorio integrada por los sistemas generales determinantes del desarrollo urbano y, en particular, por los sistemas generales de comunicaciones, de espacios libres y zonas verdes públicas, de equipamiento comunitario público y de servicios urbanos (artículo 52.f) de la LSG).*  
*En cualquier caso, se indicarán para cada uno de sus elementos no existentes sus criterios de diseño y ejecución y el sistema de obtención de los terrenos (artículo 52.f) de la LSG) según lo dispuesto en los artículos 107 a 111.*
- g) *Con base en el análisis de la movilidad, previsión de aparcamientos de titularidad pública, que podrán ubicarse incluso en el subsuelo de los sistemas viarios y de espacios libres, siempre que no interfieran en el uso normal de estos sistemas ni supongan la eliminación o el traslado de elementos físicos o vegetales de interés (artículo 52.g) de la LSG).*
- h) *Catálogo de los elementos que por sus valores naturales o culturales hayan de ser conservados o recuperados, con las medidas de protección que procedan (artículo 52.h) de la LSG).*  
*El catálogo del plan general se registrará por lo dispuesto en los artículos 195 a 198.*
- i) *Delimitación de áreas de reparto en suelo urbano no consolidado y en suelo urbanizable (artículo 52.i) de la LSG).*  
*El plan general delimitará las áreas de reparto de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 234 y 235.*  
*Cuando un área de reparto contenga más de un sector de suelo urbanizable, o más de un ámbito de suelo urbano no consolidado, el plan general deberá fijar el aprovechamiento tipo de la misma, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 236.*
- j) *Carácter público o privado de las dotaciones (artículo 52.j) de la LSG) según lo dispuesto en el artículo 112.*
- k) *Determinación de los plazos para la aprobación del planeamiento de desarrollo. En otro caso, este plazo será de tres años (artículo 52.k) de la LSG).*
- l) *Determinaciones necesarias para que las construcciones e instalaciones cumplan las condiciones de adaptación al medio ambiente establecidas por el artículo 91 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, y en el artículo 216 de este reglamento (artículo 52.l) de la LSG).*

O presente documento adaptase ao establecido nas Normas Técnicas de Planeamento aprobadas mediante Orde de 8 de outubro de 2019 e modificadas pola Orde de 8 de abril de 2022. Empréganse o listado de abreviaturas do Anexo 1.

## 02. ANTECEDENTES

A xunta de Goberno Local con data de 26 de marzo de 2009, adxudica o contrato de “Revisión e redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Narón” á empresa DOLMEN S.L.

O Pleno municipal en sesión de data 30 de setembro de 2021 autoriza a cesión do contrato á empresa ARQYUR SC.

O inicio dos traballos de elaboración e redacción do PXOM de Narón foi realizado por DOLMEN SL acadando a seguinte tramitación:

### 1. DOCUMENTO DE INICIO/ DOCUMENTO DE ALCANCE

Redactouse o Documento de Inicio, comunicándollo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 22 de novembro do 2010. A exposición pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, prodúcese entre o 23-11-2010 e o 23-12-2010. O Documento de Referencia foi emitido con data 18 de xaneiro de 2011.

### 2. CAMBIOS NORMATIVOS

Desde a entrega do documento inicial no 2011 por parte de DOLMEN SL houbo unha serie de modificacións de gran alcance en materia urbanística e ambiental que foron atrasando a redacción do plan. O concello decidiu esperar á aprobación da nova lei do solo, antes de continuar, en consecuencia, unha vez aprobada a Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, continúanse os traballos de redacción do plan, que ao non contar coa aprobación inicial, deben adaptarse integramente á Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental coa súa entrada en vigor.

### 3. BORRADOR DO PLAN E DOCUMENTO INICIAL ESTRATÉXICO

Posteriormente DOLMEN SL elabora o Borrador do Plan e o Documento Inicial estratéxico, que responde ao establecido na Lei 2/2016, que segundo a súa disposición transitoria primeira: *“Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial en data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela.”*

O Borrador do Plan e DIE elévanse ao Órgano Ambiental para o sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica Ordinaria, coa preceptiva información pública e trámite de consultas, obtendo resposta dos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, do 18.09.2017
- Instituto de estudos do territorio, Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, do 29.09.2017
- Dirección Xeral do patrimonio cultural, Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, do 09.08.2017
- Axencia galega de infraestruturas, Consellería de infraestruturas e vivenda, do 14.09.2017
- Dirección Xeral de ordenación e produción forestal, Consellería do medio rural, do 20.09.2017
- Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura da Dirección Xeral de Pesca. Acuicultura e innovación Tecnolóxica. Consellería do mar, do 15.09.2017
- Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, do 25.08.2017 (data rex. saída)
- Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de fomento, do 25.08.2017
- Secretaría Xeral de infraestruturas (FFCC), Ministerio de fomento, de agosto de 2017.
- Dirección Xeral de gandería, agricultura e industrias agroalimentarias, Consellería do medio rural, do 31.08.2017
- ADEGA- Trasanco, do 18.09.2017
- Asociación de Veciños Os Cruceiros, do 16.09.2017
- Varios particulares.

Fora do período de consultas foron recibidas na consellería os seguintes informes:

- Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 13.11.2017
- Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, do 06.11.2017.

Tamén foron recibidos no Concello os seguintes informes:

- Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 17.10.2017 con rexistro de entrada municipal nº 17.416 de 20.10.2017.
- Informe complementario da Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 06.10.2017, con rexistro de entrada municipal nº 18.072 de 02.11.2017

#### 4. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

En marzo de 2019 DOLMEN SL rexistra o documento de Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa aprobación inicial, documento que o Concello trasladou aos organismos sectoriais que teñen que emitir informe antes da aprobación inicial.

Recibíronse os seguintes informes:

Estatais

- Dirección Xeral de sustentabilidade da costa e do mar, Ministerio de agricultura e pesca, alimentación e medio ambiente.
- Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de fomento.
- Dirección Xeral de aviación Civil. Ministerio de Fomento
- Subdirección Xeral de patrimonio, Ministerio de defensa.
- Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria. Ministerio de Fomento

Comunidade autónoma:

- Axencia galega de infraestruturas, Consellería de infraestruturas e vivenda (sobre servidumes acústicas).
- Augas de Galicia, Consellería de infraestruturas e mobilidade
- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de Costas. Xunta de Galicia

Ademáis emitiron informe as seguintes empresas subministradoras de servizos:

- UFD Distribución Electricidade S.A.
- Negdia, Grupo Naturgy
- Cosma S.A.
- Electrica del Narahío S.A.

O Informe da Demarcación de estradas do Estado en Galicia de data 19 de decembro de 2019 ten carácter desfavorable motivado pola carencia de estudo de tráfico.

En marzo de 2020 rexístrase no Concello un documento complementario denominado “RESPOSTA INFORME 16/12/2019 Demarcación Estradas do Estado en Galicia” para a súa remisión ao organismo sectorial. Este documento contiña o estudo de tráfico solicitado, así como resposta a outras deficiencias sinaladas no informe. A raíz deste documento, o organismo sectorial emitiu informe favorable con data de 14 de outubro de 2020 no que se tiña en conta o informe previo da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia datado a 22 de setembro de 2020.

## 5. CESIÓN DE CONTRATO

O Pleno municipal en sesión de data 30 de setembro de 2021 autoriza a cesión do contrato da empresa DOLMEN SL a ARQYUR SC.

## 6. PXOM PARA APROBACIÓN INICIAL. **15054\_PXOM\_202310\_AI**


O presente documento correspóndese co Plan Xeral de Ordenación Municipal de Narón para a súa aprobación inicial segundo o sinalado no artigo 144 do RLSG elaborado polo equipo redactor de carácter multidisciplinar exposto no índice do presente documento.

No documento 15054\_PXOM\_202310\_AI\_MX\_03.1ANX\_SEC xustifícase a integración no documento das determinacións establecidas nos informes previos á aprobación inicial recabados. No documento 15054\_PXOM\_202310\_AI\_AAE\_IAE da carpeta de AAE xustifícase a integración do resultado das consultas realizadas no trámite de avaliación Ambiental Estratéxica.


### 03. INFORMACIÓN

#### 03.1 ENCADRE TERRITORIAL

O Concello de Narón conta cunha extensión de 66,90 Km<sup>2</sup>(INE), situándose no amplo grupo de municipios de tamaño medio dentro do conxunto provincial. Respecto á escasa magnitude superficial que domina nos Concellos do litoral coruñés, xeralmente entre os 10 e 50 Km<sup>2</sup>, o tamaño de Narón correspóndese con tamaños de tipo medio-alto.




*Mapa dos concellos de Galicia*



*Comarca de Ferrol*

A súa extensión está limitada polo océano Atlántico ao noroeste a ría de Ferrol ao sur, limita tamén cos seguintes municipios: Ferrol, Neda, San Sadurniño e Valdoviño.

Pertence á comarca de Ferrol (con once municipios, algo máis de 150.000 habitantes e 624 km<sup>2</sup>), que debe a súa configuración actual a un proceso de expansión urbana e industrial sobre gran número de pequenas poboacións próximas.



Dentro da comarca de Ferrol, encádrase na chamada “Ferrolterra”, integrada por varios municipios ribeiregos da ría (Ares, Fene, Ferrol, Narón, Neda e Mugardos) que forman unha área urbana continua, unha zona de influencia na que existen fortes relacións económicas e funcionais entre eles e con Ferrol (que proxecta a súa expansión sobre eles). Un exemplo son os movementos laborais diarios que se producen nesta área.

Narón viuse afectado por este fenómeno de difusión urbana e pola ampliación da área de influencia do Ferrol que fai que os municipios próximos se vaian incorporando á “comarca urbana”.

Encádrase segundo as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) na “ Rexión Urbana Ártabra”, formada polas áreas urbanas de Coruña e Ferrol e as cidades intermedias e as súas áreas de influencia nas que Narón ten un peso importante.

Coincide tamén cunha comarca natural; “a que forma a ría de Ferrol coa conca do seu principal emisario, o río Grande de Xuvia. Polo norte a comarca natural continúa cara aos territorios do antigo partido de Ortigueira, algúns dos cales –como Valdoviño- xa forma parte da actual área periurbana” (AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento rural).

## 03.2 CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO

### 03.2.1 XEOLÓXICAS


Narón e a súa comarca atópanse situados na parte noroccidental da provincia da Coruña, dentro da zona da Galicia-Tras Móntesvos, unha das seis zonas que definen o macizo ibérico.

Formado por materiais deformados pola oroxeniahercínica na península ibérica, sendo o afloramento máis importante destes materiais; existen ademais algúns afloramentos illados integrados na cordilleira ibérica.

Os principais elementos litolóxicos de Narón son tres:

- intrusionés graníticas sinoroxénicas de interfase (granodioritas precoces) e postectónicas (granodioritatrada) dispostas en franxas alargadas seguindo a dirección das estruturas hercínicas, estando xeralmente ligados a fallas.
- serie de materia azoica, que oscila entre o Precámbrico e o Silúrico, constituída por esquistos e cuarzoquistos (esquistossilíceos) orixinados por unha sedimentación de tipo "flysch" afectada despois por un baixo grado de metamorfismo.
- sedimentos cuaternarios de menos espesor e volume, de tipo adoito, incluíndo os recubrimentos existentes sobre as formacións ígneas e metamórficas formadas pola alteración da matriz rochosa.

Os depósitos máis antigos dentro dos depósitos sedimentarios están constituídos por conglomerados, gravas e gravas areosas, con estratificación gradada ou granoselección, nos que cada secuencia apóiase sobre unha base erosiva. Os depósitos aluviais son de pouca importancia debido ao réxime hídrico dos ríos atravesados polos trazados.



#### LITOLOXIA

- Granitoides alcalinos
- Anfibolitas
- Granitoides calcoalcalinos
- Calizas, dolomías e magnesitas
- Depósitos detríticos da idade cuaternaria
- Ecloxitas e granulitas
- Rochas filonianas
- Gabros
- Gneis
- Peridotitas e serpentinas
- Lousas e cuarcitas
- Depósitos detríticos da idade terciaria
- Xistos e metavulcanitas

Os depósitos de fondo de val atópanse asociados a torrentes e fluxos de auga relativamente rectos e de pouca magnitude. Existen tamén depósitos de praia formados por áreas e depósitos mareaisfinos. Ambos atópanse nas zonas de desembocadura dos cursos fluviais, onde coexisten réximes fluviais e mariños. Nas proximidades destes ríos pódense atopar tamén algunhas terrazas illadas.

A tectónica dominante en Narón está controlada esencialmente pola oroxeniahercínica desenvolvida en diferentes fases, aínda que as principais estruturas de deformación non foron aínda descubertas.

Ao suroeste existe un ámbito caracterizado desde o punto de vista macroscópico pola existencia dunha gran pregadura tombada con flanco investido e dirección N-S.

Á escala de afloramento apréciase unha esquistosidade de fluxo de tipo epizonal borrada pola esquistosidade de fase 2. Ao leste do trazado dispónse, fóra do municipio, o anticlinorio de Caaveiro-Monfero pertencente ao dominio do Olló de Sapo; entre este último, un pouco máis ao sur, atópase unha banda con disposición NNO-SSE formada por intrusións graníticas de interfase e rocas básicas prehercínicas presentes no trazado.

Ao seu lado oriental existen pregaduras homoaxiais á pregadura anterior e buzamiento axial de 10-30° cara ao norte; caracterizado tamén polo repregamento das estruturas preexistentes.

Máis ao leste, a terceira fase é de carácter moi local, con pregaduras disimétricas de tipo kink-band e planos axiais subhorizontais ou lixeiramente inclinados (20°). Tamén se observa aquí o seu desenvolvemento nas postremeiras da oroxeniahercínica e presenta fallas de desgarre dextroxiras con dirección E-O e ESE-ONO. Os desprazamentos son pequenos e oscilan entre a centena de metros e o quilómetro.

### **03.2.2 TOPOGRÁFICAS**

A diversidade orográfica do concello vai ser a que condicione a organización territorial, non só pola diferente localización dos asentamentos de poboación, senón tamén polo aproveitamento económico, pola disposición dos cultivos e das zonas forestais.


Narón presenta unha gran diversidade orográfica xa que se estende lonxitudinalmente desde a costa Atlántica ao oeste ata o val do río grande de Xuvia ao leste, e bordeando o tramo final da ría de Ferrol polo sueste; é por iso que hai condicionantes topográficos diversos.

A maioría da súa extensión municipal sitúase por baixo dos 150 m de altura, correspondente ás terras máis baixas que están conformadas polo val central do bordo da ría e as valgadas do río Xuvia e os seus afluentes menores, o río de Prados e o río Vello, así como o tramo fluvial do río Castro que discorre dentro do termo municipal. A zona montañosa non é significativa en canto á súa altitude xa que non supera os 225 m de cota salvo nos montes costeiros de Bardas, Casavella e Lagoa ou nas contrafortes do noroeste no límite cos concellos Valdoviño e San Sadurniño.

O bordo costeiro atlántico esténdese uns 3,5 km entre Punta Ferruxeda e Pena Lopesa e atópase delimitado polos montes de Lagoa, case paralelos á franxa litoral con cotas máximas entre os 260 e 300 metros, o que da lugar a unha liña de costa abrupta con cantís que superan os 100 metros de altura.


A franxa litoral restante corresponde á zona da ría de Ferrol, xunto á desembocadura do río grande de Xuvia, caracterizado por un relevo máis suave que continua cara ao interior en dirección Noroeste en dirección ao val central onde se atopan as parroquias de Narón, Castro, Trasancos e parte das parroquias de O Val e Sedes.

Este relevo máis suave favorece a concentración na contorna da ría de asentamentos de poboación máis numerosos, así como as vías de comunicación que teñen como destino Ferrol e que atravesan na súa maioría pola zona sur do concello.



Ao leste e nordés do municipio atópanse as zonas altas do concello que se sitúan nas parroquias de Sedes, Pedroso e Doso, onde predomina un relevo máis abrupto e montañoso que conforma o estreito val de Pedroso por onde discorre o Río Grande de Xuvia.

No extremo nordés atópanse as zonas máis altas do concello, o punto máis alto é o chamado Campo dos Nenos con 364 m, seguido polo Coto do Esperón con 310 m e o Alto do Pedroso con 304 m.



Respecto das pendentes, o municipio presenta unha elevada proporción de espazos que poden considerarse como chairros, con pendentes de menos do 5% (tons verdes do mapa). Isto correspóndese con:

- Espazos onde os solos naturais contan cunha capacidade agrolóxica relativamente elevada e, polo tanto, cunha ocupación histórica agraria.
- Áreas urbanas, derivado das boas condicións para a urbanización e implantación de infraestruturas, especialmente no caso das áreas produtivas, de maiores requisitos de terreos planos.
- Hábitat rural disperso e abundante con frecuente intercalado das pezas produtivas agrarias.

As áreas de maior pendente son, fundamentalmente:

- A liña dacostanorte, especialmente nos cantís da Costa Ártabra onde son superiores ao 100%. Nos espazos de ría, polo seu lado, as pendentes tamén son pronunciadas, aínda que en menor medida.

- O extremo nordés, onde as ladeiras de Campo dos Nenos, Coto do Castro, Monte do Pedroso, etc., son acusadas.

En cumprimento do artigo 140.1.c do RLSG, na serie de planos de información PINF\_03TOPO\_02HIP incorpórase un mapa hipsométrico e outro de pendentes nos que se representan as principais características topográficas do territorio, a escala 1/10.000, de todo o concello de Narón. Ademais das altitudes expresadas en metros, pódense consultar as pendentes medidas en grados.

### 03.2.3 HIDROLÓXICAS


O termo municipal de Narón, no marco da división territorial de Galicia, atópase integramente nas bacías da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, e segundo a clasificación hidrolóxica establecida polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa está integrado no sistema de explotación 14 Ferrol.



Orío Grande de Xuvia ten unha vacía de 31 km de longo que discorre polos concellos de Somozas, Moeche, San Sadurniño, Neda e por último Narón. O río discorre polo extremo sueste do concello sendo o río que recibe a maior parte das augas respecto das restantes vertentes que teñen orixe no municipio, mediante unha densa rede fluvial de pequenos regatos, formando un estreito val que conforma na súa desembocadura final a ría de Ferrol.

O río Grande de Xuvia recibe pola súa vertente sur as augas do río Castro que atravesa a parroquia de Doso, mentres que pola vertente norte conflúen os ríos Prados e Lanuxe.

Os ríos Pereiro, Salgueiro e Freixeiro son os principais cursos de auga do amplo val central, que verten na ría. Nos leitos destes tres ríos, de escaso desenvolvemento, desaugan un grande número de pequenos regatos, seguindo unha ampla rede fluvial de escasa magnitude que drena a variada orografía do sector.



Se ben a rede hidrográfica representase en todos os planos tanto de información como de ordenación, entre os planos de información hai dous planos temáticos específicos: PINF\_04IOT\_AFEC\_07AC. Augas e costas e PINF\_04IOT\_AFEC\_08INU. Inundacións.

#### 03.2.4 CLIMATOLÓXICAS

O clima desta zona é claramente atlántico; atópase dentro do dominio climático oceánico húmido, e dentro do subtipo do litoral das Rías Altas. O océano Atlántico atenúa as variacións térmicas e proporciona abundantes precipitacións.


A precipitación media anual varía moito, cunha media anual de 1.250 mm, que repártese de xeito continuo ao longo de todo o ano, cun máximo en inverno e un mínimo en verán, sumando uns 150 días de choiva fronte ás 2.000 horas de sol anual. A pesar disto, os meses de xullo e agosto presentan os mínimos anuais, por baixo dos 35 mm (cinco veces menor que en decembro), presentando aridez segundo o índice de Gausen. Respecto á temperatura, a media mensual máis baixa prodúcese no mes de xaneiro (9,9°C) e a media máis alta no mes de agosto (19,4°C), cunha amplitude térmica menor de 10°C.

Os ventos dominantes, do mesmo xeito que o resto da franxa litoral das mariñas coruñesas, correspóndense coas direccións sur e suroeste nos meses de inverno, en tanto que nos meses centrais do ano están marcados polo predominio dos procedentes do norte-noroeste e nordeste.


### 03.3 USOS ACTUAIS DO SOLO

As coberturas do solo son o principal reflexo da simbiose que articula a configuración paisaxística: a relación entre o medio físico e a actividade humana. A descrición que se fai a continuación dos usos do solo represéntase nos planos PINF\_01USOS\_01. Coberturas naturais e artificiais e PINF\_01USOS\_02. Capacidade produtiva do solo e concentracións parcelarias) a escala 1/10.000, tal e como se establece no artigo 140.1.a do RLSG. O primeiro destes planos céntrase nas coberturas naturais e artificiais e o segundo na capacidade produtiva do solo e as concentracións parcelarias.

#### 03.3.1 OCUPACIÓN



*Ocupación do solo segundo SIOSE, IGN.*



*Representación da ocupación do solo a partir de datos do SIOSE, IGN.*

En contraste ao punto anterior, a ocupación do solo presenta unha atomización maior co seu uso potencial, cunha máis que relevante intercalación de usos; así, prados e cultivos, masas forestais de produción (na súa maior parte) e zonas de poboamento rural, forman o que os estudos da paisaxe veñen denominando como mosaico-agroforestal, véndose este fortemente interrompido por espazos industriais, grandes infraestruturas e o espazo urbano de Narón. Cara ao oeste, na zona costeira, a matogueira domina a ocupación do solo.

Segundo os datos do Sistema de Ocupación do Solo en España (SIOSE, do Instituto Xeográfico Nacional), case tres cuartas partes do termo municipal están dedicadas á explotación agroforestal, cunha ocupación de case o 40% do espazo forestal (aínda que unha parte correspóndese a especies “naturais”, as plantacións para explotación son maioritarias).

O espazo “urbano” (por asimilación ao espazo urbano residencial), componse polos barrios urbanos de Narón e os asentamentos rurais, e aínda que supón o dobre de superficie que o espazo industrial e comercial, parece ter unha influencia menor pola súa maior difusión; os espazos industriais e comerciais constitúen importantes superficies continuas, o que as fai moi destacadas.

Os equipamentos pasan desapercibidos no mapa xa que están mesturados co resto da trama urbana, a excepción do campo de golf de Campomar, que ocupa algo máis de 150.000m<sup>2</sup>.

A rede viaria e ferroviaria conta cun grao de ocupación relativamente elevado (considerando que as rúas non están incluídas no sistema de datos), cun 2% da superficie municipal, ao que cabe engadir a tendencia para xerar barreiras de determinados eixos (autoestradas, ferrocarril).

### 03.3.2 AGRÍCOLA

As clases agrolóxicas permiten clasificar o solo dende o punto de vista da súa capacidade de acollida.

Para a realización deste apartado empregamos a información cartográfica e estatística do Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia, do Laboratorio do territorio, Universidade de Santiago de Compostela, de Corbelle Rico, E., Vila García, D. e CrecenteMaseda, R. (2014). Trátase dunha versión dixital do estudo “Capacidade produtiva dos solos de Galicia” realizado por Diaz-FierrosViqueira e GilSotres” (1984). Neste estudo aplícase a metodoloxía da F.A.O. de avaliación de terras, obtendo un mapa de Galicia a escala de síntese 1:200.000, empregando datos xa existentes (información xeolóxica, topográfica, termo- pluvimétrica, fotografía aérea, traballo de campo, etc.). Trátase dun estudo dos solos en función dos factores que o limitan, permitindo obter unha información aproximada das posibles alternativas do uso das terras, e facer comparativas cos usos reais das terras.

Na metodoloxía selecciónanse unha serie de propiedades e calidades da terra, agrupadas en clases para a súa posterior representación cartográfica, elaborándose unha lenda composta de catro claves; os dous primeiros símbolos son letras maiúsculas e os dous seguintes son números árabes. A estes pódese engadir un quinto símbolo que designa unha posible toxicidade do solo.

O primeiro símbolo (letra maiúscula do A ao G), define as posibilidades de mecanización, enraizamento e risco de erosión. O segundo (letra maiúscula L, M, P, T ou N) indica o período de temperaturas útiles para o crecemento das plantas. Ámbolos dous símbolos son calidades moi dificilmente mellorables. O terceiro símbolo (número do 1 ao 9) define o exceso ou déficit de auga no solo, considerándose unha calidade que permite un certo grado de mellora. Por último o cuarto símbolo (número do 1 ao 5) indica a dispoñibilidade potencial de nutrientes, e admite grandes posibilidades de mellora.

A continuación analizamos as calidades da terra do municipio de Narón seguindo esta metodoloxía.

Polo que se refire ás clases de terra, segundo as súas calidades “moi dificilmente modificables”, o municipio conta cun 74,18 % de terras da mellor calidade, fronte a unha porcentaxe do 25,16 % (terras das Clases D, E, F e G), que presentan distintos problemas para a mecanización, como son fortes riscos de erosión, ou afloramentos rochosos, ou excesivas pendentes, ou problemas de enraizamento, etc.

Polo que respecta ás clases de solo segundo o período de risco de xeadas, todas as terras son da clase L, zona na que o risco de xeadas é baixo.


En canto ás clases de solo segundo ou réxime hídrico, a maioría dos solos teñen un déficit de precipitación menor de 30 días.

Por último, segundo a dispoñibilidade de potencial de nutrientes, todos os solos son da clase 3 e 4 (con dispoñibilidade potencial de nutrientes mala).

Unha vez analizadas as distintas calidades das terras, cómpre ter en conta que é o conxunto delas, nun solo, o que da lugar ás distintas capacidades produtivas.

### **Terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros<sup>1</sup>**

As terras aptas para cultivos, prados ou pasteiros representan 5.018,08 hectáreas, o que supón o 74,18 % da superficie do municipio. É unha cifra bastante alta, que corresponde coas zonas de pendentes menores do 10 %, e dicir, coas zonas do val central, o val de Pedroso e das zonas urbanas de Narón.



*Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia do Laboratorio do territorio da Universidade de Santiago de Compostela*

<sup>1</sup>Sumatoria dos grupos (A,B,C,d)

## EVOLUCIÓN DA SUPERFICIE AGRARIA

A evolución temporal dos aproveitamentos móstrase na seguinte táboa, onde se indica a superficie agraria útil e a superficie cultivada no concello nos anos 1999 e 2009.

	1999	2009
<b>SUPERFICIE TOTAL</b>	2.139	1.155
TERRAS LABRADAS	288	280
TERRAS PARA PASTOS PERMANENTES	852	504
ESPECIES ARBÓREAS E FORESTAIS	431	280
OUTRAS TERRAS NON FORESTAIS	568	91

*Distribución das terras por tipo de aproveitamento (ha 1999-2009).*

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE*

Analizando os datos dos dous últimos censos agrarios (1999 e 2009) publicados no INE, a superficie das explotacións agrícolas diminuíu a case á metade, pasando de 2.138 a 1.155 Ha. A caída é máis pronunciada no caso das terras para pastos permanentes.

Na seguinte táboa amósase o número de explotacións nos anos 1999 e 2009:

	1999	2009
<b>Nº EXPLOTACIÓNS</b>	1.551	291
Explotacións sen terras	27	21
Explotacións con terras	1.524	270
<b>Nº Parcelas</b>	5.542	
Unidades gandeiras (UG)	2.822	1.265
Unidades de traballo-ano (UTA)	612	240
Parcelas/explotacións	3,57	
UG/explotacións	1,82	4,35
UTA/explotacións	0,39	0,82

*Número de explotacións e características das súas terras.*

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

O número de explotacións tamén caeu máis dun 43% entre os dous censos. En 2009, só un 1,48 % das explotacións contaban cunha superficie maior ás 50 ha., mentres que máis do 81% contaban con menos de 5 ha. Isto amósanos a fragmentación que sufriron as propiedades e o alto grao de minifundismo.

	1999	%	2009	%
<b>Explotacións con terras</b>	1.524	100	270	100
>=0,1 a <5	1.459	95,73	219	81,11
>=5 a <10	48	3,15	31	11,48
>=10 a <20	12	0,79	12	4,44
>=20 a <50	5	0,33	4	1,48
>=50	0		4	1,48

*Número de explotacións segundo a superficie total.*

*Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

Diminúe a superficie agraria e o número de explotacións de maneira alarmante (en 2.009 quedan menos da quinta parte das que había en 1.999), o que revela o abandono deste sector e a conseqüente perda do seu peso na economía. Factores como a crise do sector lácteo, a escasa rendibilidade da carne, o abandono do medio rural, o envellecemento da poboación, ou o déficit de profesionalización no sector.

### **PARCELACIÓN**

No concello de Narón contan con catro procesos de concentración parcelaria, dentro dos cales, tres teñen a parcelación rematada e as restante atópase na fase de acordo.

Nome da zona	Última fase aprobada	Decreto	Ha	Propietarios	Parcelas	Fincas
Santa María la Maior de Val, Santa María de Castro e San Mateo de Trasancos	Rematada	13/10/1961	907	1.514	7.483	2.295
San Salvador de Pedroso	Rematada	14/04/1973	431	848	6.247	2.614
San Estevo de Sedes	Rematada	20/07/1989	1.145	1.153	7.842	2.299
Lago, Meirás e Val	Acta de Reorganización	07/11/1991	1.260	2.060	7.450	3.166

### **CARACTERÍSTICAS DAS EXPLOTACIÓNS**

O problema da elevada idade dos titulares das explotacións e a falta de sucesión, común no medio rural galego, preséntase tamén en Narón. Así vemos como case o 25% dos titulares teñen idades entre 35 e 54 anos, case o 27% teñen entre 55 e 64 anos e máis do 44% teñen máis de 65 anos, destacando que só o 4% dos titulares ten menos de 34 anos.

	Total	Ata 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 anos e máis
TOTAL	2.039	88	508	542	901
Titulares	1.538	56	336	410	736

	Total	Ata 34 anos	De 35 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 anos e máis
Cónxuxes	402	8	137	112	145
Outros membros da familia do titular	99	24	35	20	20

*Persoas que traballan nas explotacións agrícolas segundo a relación co titular e o grupo de idade, 1999. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE*

En canto ao réxime de posesión da superficie das explotacións, a maioría son propiedade dos seus explotadores, tanto no total como no caso da superficie agrícola utilizada (terras labradas e terras para pastos permanentes).

	Superficie total	Propiedade	Arrendamento	Parcería	Outros réximes de posesión
Total (Ha)	2.139	1.927	98	0	114
Agrícola utilizada (Ha)	1.140	981	78	0	80

*Superficie das explotacións agrícolas segundo réxime de posesión (ha). Fonte: Datos do IGE, 1999*

O resto da superficie está arrendada ou noutros réximes de posesión, sendo o arrendamento o máis utilizado entre todos, alcanzando un 4,58% no total e o 6,84% na superficie agrícola utilizada, no censo do 1999.

### 03.3.3FORESTAL

#### Terras de aptitude forestal<sup>2</sup>

As terras de aptitude forestal representan 1.556,90 hectáreas, o que supón o 23,22 % do total. Son terras con pendentes menores do 35% e maiores do 10%.

#### Terras de monte non arboradas só utilizable para monte baixo, mato e improdutivo) chamado monte inculto<sup>3</sup>

<sup>2</sup>Sumatoria dos grupos (D,E,F,d)

<sup>3</sup>Sumatoria dos grupos (D,E,F,d)

As terras de monte non arboradas representan 129,71 hectáreas, o que supón 1,93 % das terras onde as pendentes son maiores do 35%, que corresponde coa zona de cantís ao norte do concello.

O plan forestal de Galicia, revisado no ano 2021 (D. 140/2021), sitúa ao Concello de Narón no Distrito I. Dentro do concello non hai ningún monte veciñal catalogado, tampouco consta ningunha sociedade de fomento forestal.

Existe unha sociedade de Xestión forestal sostible do norte (XEFONOR), que ten propiedades forestais no concello de Narón, sendo as especies forestais ás que se dedican *Eucalyptus globulus* e o *Eucalyptus nitens*, e en menor medida outras especies como *Pinus radiata* ou *Pinus pinaster*.

O obxectivo fixado na 1ª revisión do Plan forestal de Galicia é o exercicio dunha política forestal eficiente que procure a ordenación e a xestión sostible dos espazos e recursos forestais que debe deseñarse e desenvolverse dun xeito planificado, comprometido e consensuado de xeito que poida ser verificable:

- *Que sexa planificada significa que a política forestal no debe ser froito de improvisación, senón que responderá a unha estratexia determinada, planeada e programada (Plan).*
- *Que sexa comprometida implica que debe conter compromisos polos gobernos e administracións competentes que dispoñan as obrigas pertinentes orzamentarias e de financiación.*
- *Que sexa consensuada significa responder aos principios democráticos de transparencia e lexitimidade, que no sexa imposta polos gobernos e administracións senón participativa, de xeito que involucre a toda-las partes implicadas para que sexa froito do diálogo e a negociación entre os sectores e axentes económicos, ambientais e sociais interesados.*
- *Que sexa verificable significa que se dispoñan mecanismos de control, avaliación e seguimento do desenvolvemento da planificación e execución da política forestal deseñada, mediante criterios e indicadores homologables, contrastables, comparables e fiables que avalíen os progresos e resultados da planificación, así como a observación permanente do estado, dinámica, evolución e tendencias dos espazos e recursos forestais, da súa administración, ordenación e xestión.*

### **03.3.4GANDEIRO**

O sector gandeiro ten un baixo peso na actividade económica no concello de Narón, ademais foi perdendo peso coa súa progresiva redución ao longo das décadas pasadas. A gandería

bovina é na actualidade moi pouco importante. O despoboamento do medio rural, a falta de substitución xeracional e os baixos prezos do leite son factores causantes destes procesos.

A partir dos datos obtidos que se amosan na seguinte táboa, estúdase a evolución do número de explotacións e o número de vacas na zona.

No ano 2014, a cabana remanente caracterízase pola súa explotación familiar e de autoconsumo, cuns continxentes exiguos, contando con 947 reses, distribuídas en 153 explotacións. Entre 2014 e 2017 o número de explotacións diminúe en 19 mentres que o número de cabezas de bovino aumenta en 45, estando a maior diferenza no aumento do número de vacas non leiteiras.

Desde 2002 ata 2017 perdéronse a metade das explotacións (aínda que aumenta o tamaño das existentes), o 77% do número de bovinos e o 45% de vacas.

Ademais, se en 2002 o 52% de eran de leite, actualmente soamente o son o 12%; por contra incrementou o número de vacas de carne desde o 47% ata o 87%.

<b>GANDO BOVINO</b>	<b>2002</b>	<b>2014</b>	<b>2017</b>
Número de explotacións	273	153	134
Número de bovinos	1288	947	992
Número de vacas	862	389	386
de leite	454 (53%)	117 (30%)	49 (47%)
de carne	408 (13%)	272 (70%)	337 (87%)

*Evolución do número de explotación de bovino e do número de animais.*

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

O resto da cabana é de carácter familiar, e relaciónase coa agricultura complementaria.

<b>UG</b>	<b>Bovinos</b>	<b>Ovinos</b>	<b>Caprinos</b>	<b>Porcinos</b>	<b>Equinos</b>	<b>Aves</b>
Número	662	26	9	360	58	149
Porcentaxe	52,37%	2,06%	0,71%	28,48%	4,59%	11,79%

*INE. Censo agrario 2009.*

<b>GANDO PORCINO</b>	<b>Prazas de reprodutoras</b>	<b>Prazas de cebo</b>
	200	1.624

*Distribución do gando porcino (2014). Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

### 03.3.5CINEXÉTICO

Segundo a Lei 13/2013, do 23 de decembro de Caza de Galicia, denomínanse Terreos Cinexeticamente Ordenados (TECOR) a aquelas áreas do territorio galego susceptibles de aproveitamento cinexético, que fosen declaradas e recoñecidas como tales pola Consellería competente; e nas que a poboación cinexética a de estar protexida e fomentada, aproveitándose de forma ordenada.

Os recursos piscícolas da zona son aproveitados pola poboación e regulados pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia mediante a Orde do 28 de xaneiro de 2011 que establece as normas de pesca en augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta a recursos cinexéticos e piscícolas, detectáronse os seguintes:

- No Concello de Narón existe un único TECORsocio, que está xestionado pola Sociedade de caza e pesca de Xuvia. Segundo a documentación da Consellería de Medio Ambiente o TECOR que existe en Narón ocupa todo o municipio.
- Hai unha zona prohibida de caza na Ría de Ferrol.
- Couto de Pesca Xuvia de 6,40 km. O límite superior fíxase en Ponte Doso (Narón) e o inferior fíxase na Ponte de Xuvia, na estrada AC-862 (Narón e Neda). A pesca é de reos e troitas de 21cm e 16 cm.

### 03.3.6MINEIRO

Na actualidade non existe ningunha explotación mineira que estea en funcionamento no municipio.



No municipio de Narón, segundo o catastro mineiro, existen cinco dereitos mineiros: dous atópanse en situación de outorgados, outro está en trámite de outorgamento e outros dous están en fase de trámite de concurso.

Nome del Dereito Mineiro	Empresa	Sit. Xeral	Tipo	Nº Rex	Sustancia	Sup	Sec.
CHUS 1	SONDEOS Y PERFORACIONES INDUSTRIALES DEL BIERZO S.	Trámite/ outorgamento	Proxecto Investigación	146	TOC, AU	7.0	C
CHUS 2	MINEIRA DE CORCOESTO, S.L.	Trámite de concurso	Proxecto Investigación	6954	TOC, AU	129.0	C
CHUS 3	MINEIRA DE CORCOESTO, S.L.	Trámite de concurso	Proxecto Investigación	6953	TOC, AU	133.0	C

<b>GANDARÓN</b>	SANTA RITA, S.A. - CERÁMICAS DE JUBIA	Outorgado	C. Exp. Directa	6259	ARC	2.0	C
<b>NUESTRA SEÑORA DE LA MERCED</b>	CERÁMICA PEDROSO, S.L.	Outorgado	C. Exp. Derivada	5199	ARC,CAN	247.0	C

*Táboa obtida do Catastro Mineiro*


Os dous dereitos que están en situación de outorgados sitúanse na mesma zona próxima ao núcleo de Pedroso.



**03.3.7 PESQUEIRO**

Con respecto á acuicultura marítima na zona terrestre, definida na Lei 11/2008, de 3 de decembro de 2008, de Pesca de Galicia (modificada por Lei 1/2009, Lei 6/2009 e a Lei 21/2017) no concello de Narón non existen neste momento establecementos de acuicultura na zona terrestre, na marítima- terrestre nin na zona marítima.

No ámbito do Concello de Narón non existen centros de acuicultura continental definidos Lei 2/2021 de 8 de xaneiro de pesca continental de Galicia.



No mapa de pesca continental observase un área vedada no fondo da ría de Ferrol, sendo o tramo final do río Grande de Xuvia un coto de pesca de salmón e reo, e os seus afluentes de Rego vello, rego dos prados e rego das salgueiras zona vedada.

O rego do Val no seu discurso polo concello de Narón clasifícase como zona libre de pesca de salmón.

### 03.4 CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS.

Para coñecer a situación concreta do Concello de Narón, é preciso o seu encadre rexional no territorio no que se atopa, de cara a coñecer a realidade poboacional e socioeconómica.

#### 03.4.1 ENCADRE REXIONAL

A Rexión Urbana da Coruña - Ferrol é unha conurbación no norte de Galicia que abarca 32 municipios ao redor do Golfo Ártabro. Comprende as áreas metropolitanas da Coruña e Ferrol e foi establecida con ese nome mediante o decreto 19/2011, do 10 de febreiro, que aprobou as directrices de ordenación do territorio. Cunha poboación de 652.845 habitantes en 2022, a Rexión Urbana A Coruña-Ferrol representa aproximadamente o 57% da poboación provincial, a pesar de cubrir só un terzo da súa extensión territorial. Ademais, constitúe ao redor do 24% da poboación de Galicia, ocupando unicamente o 7% do territorio da Comunidade Autónoma.

Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, esta zona forma un ámbito que, cunha estratexia orientada a reforzar a integración urbana e funcional entre A Coruña e Ferrol, poderá consolidar unha ampla estrutura territorial urbana no norte de Galicia baixo a denominación de "Rexión Urbana Ártabra" e asentarse como nodo de competitividade e vértice de conexión entre o Eixo Atlántico e Cantábrico, podendo chegar a ser un nodo metropolitano no extremo do arco atlántico.

Narón é un dos núcleos intermedios de conexión entre as dúas cidades principais e ten importancia no desenvolvemento da citada Rexión Urbana Ártabra, sobre todo no referente ao porto exterior de Ferrol e á conexión do eixo urbano Ferrol-Narón. Este eixo fomenta o futuro desenvolvemento urbano e a renovación urbana, que combinado, coa relocalización de actividades en contornas urbanas moi centrais, favorecen a creación dun esquema de cohesión territorial e de integración funcional.

#### 03.4.2 POBOACIÓN

Segundo as cifras do instituto galego de estatística con data 1 de xaneiro de 2022 Narón contaba con 38.938 habitantes dos que o 48,43% eran homes e o 51,57% mulleres.

O concello divídese en 8 parroquias, aínda que o 83,18% da poboación vive na capital. Entre as parroquias rurais só O Val acada o 4,7% de habitantes, mentres que o resto concentran aproximadamente o 2%

PARROQUIAS	POBOACIÓN 2022	% 2022
CASTRO (SANTA MARIA)	899	2,31
DOSO (SAN LORENZO)	430	1,10
NARÓN	32.379	83,18
PEDROSO (SAN SALVADOR)	989	2,54
SAN XIAO DE NARÓN	697	1,79
SEDES (SANTO ESTEVO)	954	2,45
TRASANCOS (SAN MATEO)	768	1,97
O VAL (SANTA MARÍA A MAIOR)	1.816	4,66
<b>TOTAL</b>	<b>38.932</b>	<b>100</b>

O PXOM vixente caracteriza Narón como unha das áreas de expansión de Ferrol “*experimentando un forte desenvolvemento poboacional en dúas fases diferenciadas que abarcan seis décadas, as catro primeiras a partir do inicio do século e as dúas últimas e máis significativas nos anos sesenta e setenta. A forte progresión demográfica do municipio evidénciao a circunstancia de que a comezos de século Narón non alcanzaba os dez mil residentes e ocupase o lugar 52 entre os concellos galegos, en tanto que a finais dos anos setenta alcanza o noveno lugar*”.

A principios dos anos 2000 Narón ocupaba o noveno lugar segundo a poboación do concello, na actualidade (segundo datos do INE de 2022) é o oitavo municipio de Galicia e o cuarto da provincia tras A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol. Estes datos evidencian a importancia do municipio a nivel provincial e autonómico.



36057 Vigo	292.374
15030 Coruña, A	244.700
32054 Ourense	103.756
15078 Santiago de Compostela	98.179
27028 Lugo	97.221
36038 Pontevedra	82.828
15036 Ferrol	64.158
<b>15054 Narón</b>	<b>38.938</b>
36060 Vilagarcía de Arousa	37.677
15058 Oleiros	37.271

Fonte: INE, 2022

**EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN**

A grandes rasgos, a evolución da poboación do Concello de Narón presenta unha tendencia positiva. Entre os anos 1999 e 2002 houbo un pequeno decrecemento da poboación puntual que deu paso a un crecemento continuado ata o ano 2014, mentres que en 2015 houbo un lixeiro descenso de 9 persoas. Desde entón hai unha diminución progresiva dunhas 150 persoas aproximadamente ao ano, chegando á cifra de 39.661 habitantes en 2023 (20 de xuño).

Mentres que a comarca perde poboación de maneira intensa desde 2011, Narón gañou máis de 9.600 habitantes nos últimos 20 anos.



*Evolución demográfica. Fonte IGE*

Doutra banda, parece conveniente analizar en conxunto Narón e Ferrol, pois a efectos físicos compórtanse como unha única entidade. Neste sentido, as tendencias son abertamente contrapostas, pois Ferrol está a vivir un decrecemento intenso da súa poboación, cun descenso de máis de 23.500 habitantes desde 1981, o que representabacase o 27% da súa poboación para esa data.

Narón, polo seu lado, gañou case 10.000 habitantes, o que en termos relativos resulta considerablemente máis intenso, pois é un incremento de máis do 33%. Así, Narón amorteceu máis da metade da poboación perdida por Ferrol e permite que a caída demográfica do conxunto estea por baixo do 12%.


### **DENSIDADE DE POBOACIÓN**

Cunha superficie de 66,9 km<sup>2</sup> (segundo o IGE), a súa densidade de poboación supera os 581,95 hab/km<sup>2</sup> (2022), moi superior á densidade media de Galicia, situada en 92,96 hab/km<sup>2</sup>. É superior, tamén, á densidade da comarca de Ferrol, que é de 241,65 hab/km<sup>2</sup>.

Destaca, ademais, a elevada densidade da parroquia de Narón, cabeceira municipal, que cuns 10 km<sup>2</sup> presenta unha densidade aproximada de 3.300 hab/km<sup>2</sup>. Isto manifesta a importancia dos espazos altamente urbanizados. E é que nos atopamos nunha das zonas máis densas de Galicia, que aumentou a súa densidade de poboación no último século, apoiándose na expansión da cidade de Ferrol sobre os seus límites.

En cifras xerais, dos 39.080 habitantes rexistrados no Concello de Narón en marzo de 2019, 32.655 atopábanse na contorna urbana; é dicir un 83,56% da poboación é urbana, o que apenas deixa un 16,44% do peso poboacional aos núcleos de natureza rural.

A continuación móstranse as densidades de poboación do concello nos anos de 2001 a 2022, así coma unha comparación cos datos provinciais e rexionais.




*Evolución da densidade de poboación. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

## PROXECCÍONS DE POBOACIÓN

O Instituto galego de estatística (IGE) realizou unha proxección demográfica a curto prazo para a comarca de Ferrol. A partir da información proporcionada polas proxeccións a curto prazo elaboradas cada dous anos polo Instituto Nacional de Estadística (INE), o IGE elabora a desagregación territorial das mesmas, ata o nivel de comarcas. Preséntanse neste momento os resultados obtidos para o período temporal 2022-2037. As proxeccións estimaron un total de 149.984 habitantes para 2021, cando en realidade se rexistraron 151.395 no padrón municipal de habitantes. Os resultados para o ano 2022 foron algo máis axustados, pois estimáronse 149.544 habitantes e foron rexistrados 150.655. Por iso, as proxeccións demográficas son modelos que formulan unha posibilidade do que pode acontecer de manterse as tendencias e os comportamentos demográficos.

Como se pode observar na seguinte gráfica, a simulación mostra unha caída da poboación na comarca de Ferrol. Para o ano 2037 estímase unha poboación de 145.176 habitantes, case 5.500 menos ca os empadroados en 2022. Isto supón unha perda do 3,8%.

En calquera caso, hai que ter en conta que esta proxección realízase a nivel comarcal e, como veremos logo, a tendencia deste municipio non segue os mesmos patróns que os comarcais, provinciais ou autonómicos, senón que mostra certas peculiaridades. Narón gaña poboación mentres que a comarca os perde, ten unha densidade de poboación superior á media, unha taxa de natalidade tamén superior, etc.).




*Proxección de poboación a curto prazo. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

### DINÁMICA DEMOGRÁFICA. MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN


O movemento natural da poboación (diferenza entre nacementos e defuncións) e o movemento migratorio (diferenza entre emigrantes e inmigrantes) son os que marcan as dinámicas demográficas; da relación entre ambos obtemos o crecemento real.

A tendencia autonómica, provincial e comarcal en canto ao número de nacementos son similares. Desde 1975 prodúcese un descenso progresivo e continuado que alcanzou os valores máis baixos a mediados dos 90. Este descenso é debido a cambios nas pautas reprodutivas, cunha diminución da fecundidade pola maior facilidade para acceder a anticonceptivos, acceso da muller ao mercado laboral, etc. Entre 1996 e 2008 a natalidade volve subir lixeiramente, alcanzando valores similares aos de finais dos 80 para iniciar de novo un descenso ata a actualidade, sendo o número de nacementos a día de hoxe tan baixo como a mediados dos 90.

A seguinte figura recolle a evolución dos nacementos en Galicia e na provincia da Coruña entre 1975 e 2022. Ambas curvas presentan tendencias similares. Porén, o caso de Narón é algo diferente. Ata mediados da década dos 90 a tendencia foi descendente, pero a partir da década dos 2000 revértese a tendencia e o número de nacementos en Narón aumenta lixeiramente. A partir de 2011 vólvese a rexistrar unha caída no número de nacementos e chégase por debaixo da cifra rexistrada en 1975, que foron 442 nacementos fronte aos 207 de 2022.




*Evolución representativa do número de nacementos en Galicia, A Coruña ou a Comarcal de Ferrol. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*



*Evolución do número de nacementos en Narón. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

En canto á proporción de nacementos en Narón respecto á comarca, é salientable que na segunda metade da década de 1990, os nacementos de Narón representaban o 20% aproximadamente dos datos comarcais, cifra que progresivamente aumentou ata alcanzar case o 34% en 2016. Actualmente (datos do 2022), os nacementos en Narón seguen a supoñer case o 30% dos nacementos totais da comarca de Ferrol.

En canto ao número de defuncións, mantéñense máis estables no caso de Narón; soamente a finais dos 90 e principios da década de 2000, a cifra está por baixo de 300. A partir de 2003 aumenta levemente, aínda que se mantén en valores moi similares aos dos últimos anos. En cambio, para a comarca de Ferrol, as defuncións seguen unha tendencia crecente máis acelerada.



*Evolución do número de defuncións en Narón e a Comarca de Ferrol.*

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

	Taxa bruta de natalidade (‰)	Taxa bruta de mortalidade (‰)
<b>2002</b>	8,3	8,8
<b>2003</b>	8,3	10,3
<b>2004</b>	10,4	9,6
<b>2005</b>	9,6	9,4
<b>2006</b>	10,7	10,1

2007	10,4	10,9
2008	11,4	10,6
2009	10,2	9,4
2010	9,9	9,1
2011	11	8,9
2012	9,5	8,7
2013	9,1	9,6
2014	8,7	9,7
2015	9,5	9,3
2016	9,3	9,8
2017	8,7	11
2018	7,5	9,6
2019	6	9,6
2020	6,3	9,7
2021	6,3	10,8

*Taxas de natalidade e mortalidade de Narón. Fonte: Elaboración propia a partir de datos IGE.*

Desde 2002 a taxa de natalidade aumentou, pasando de 8,3‰ a 9,4‰ en 2016, sendo o máis destacable nese período que entre 2006 e 2011 alcanzou valores superiores ao 10‰, alcanzado mesmo en 2011 o 11‰. É necesario poñer en contexto que o feito de que se consideran baixas taxas inferiores ao 15‰. Segundo o Instituto Galego de Estatística, entre 2010 e 2017 todas as provincias galegas presentan unha diminución no número de nacementos e o 79,5% dos nacementos en 2017 corresponden a residentes nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Aínda que se trata dunha taxa baixa en termos xerais, hai que sinalar que se mantivo en valores superiores aos comarcais e provinciais. É superior á comunidade autónoma, provincial e comarcal (7,02‰, 7,43‰ e 6,88‰ respectivamente en 2017 segundo IGE). Isto débese con toda probabilidade a que boa parte dos ferroláns en idade reprodutiva trasládanse de Ferrol a Narón, o que incrementa a natalidade naronesa.

Un aspecto importante da natalidade nos últimos anos é a contribución das nais estranxeiras. Pódese tomar como referencia os datos provinciais, nos que A Coruña pasa entre 1996 e 2016 dun 1,5% a un 5,9% de porcentaxe de nais estranxeiras. A finais da década dos 2000 alcánzanse valores que superan o 7%, pero a máxima rexistrada foi no ano 2022, cando o 11,2% das nais foron estranxeiras.

Segundo datos do IGE, no municipio de Narón en 1998 a poboación estranxeira era do 0,3%, cifra que subiu ata o 2% en 2017. En concreto, as mulleres estranxeiras representan na actualidade un 2,4% do total de mulleres de Narón (datos do 2021), o que non supón apenas impacto nas cifras de natalidade.

En calquera caso, o índice sintético de fecundidade en Narón é tamén superior en 0,19 puntos ao de Galicia. Subiu desde 1,03 en 2002 ata 1,38 en 2017, pero volveu a baixar a 1,2 en 2021, aproximándose máis ao dato do conxunto de Galicia dese mesmo ano que é de 1,01.

Respecto a taxa de mortalidade, o concello mantense en taxas máis baixas que a comarca e a provincia, sen baixar de 8,8‰ e alcanzando taxas superiores a 10‰ a mediados dos 2000. Considérase que unha taxa de mortalidade é baixa cando está por baixo de 10‰.

É necesario analizar os datos con cautela, posto que a variación na taxa de mortalidade pode deberse, alén do aumento ou diminución do número de mortes, á diminución ou aumento da poboación.

Como consecuencia da evolución apuntada, o crecemento vexetativo ou natural da poboación é positivo ata 1990, pero durante a seguinte década ponse en negativo ata que a mediados da década dos 2000 recupérase, aínda que sen alcanzar os valores iniciais (entre 2008 e 2013 o número de nacementos superan ao de defuncións), ata que novamente en 2013 as defuncións volven superar o número de nacementos. Segundo o IGE, no ano 2017 só 13 dos 313 concellos presentan un saldo vexetativo positivo.

Polo que respecta aos concellos das sete grandes cidades galegas, todos eles presentan un saldo vexetativo negativo. Na década dos 80 o crecemento vexetativo caeu en picado e na década dos 90 estivo en valores negativos. Tras un período entre 2005 e 2013 en que os nacementos superaron ás defuncións e o crecemento natural foi positivo, entrouse novamente nunha fase negativa que en 2015 pareceu verse atenuada, pero os datos de 2016 confirman novamente un crecemento vexetativo negativo que se foi acusando a partir do ano 2019. 2022 é o ano co saldo vexetativo máis baixo con -199 persoas.

	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	SALDO VEXETATIVO
1975	442	193	249
1980	383	221	162
1985	301	248	53

	NACEMENTOS	DEFUNCIÓN S	SALDO VEXETATIVO
1990	218	275	-57
1995	188	251	-63
2000	241	270	-29
2005	329	322	7
2010	375	342	33
2011	421	340	81
2012	365	337	28
2013	350	371	-21
2014	338	375	-37
2015	364	359	5
2016	360	379	-19
2017	335	421	-86
2018	287	368	-81
2019	228	366	-138
2020	240	369	-129
2021	240	410	-170
2022	207	416	-199

Movement natural da poboación de Narón. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.



Movement natural da poboación de Narón. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

## SALDO MIGRATORIO

Os movementos migratorios constitúen un fenómeno de gran transcendencia debido ás múltiples implicacións que teñen sobre as distintas esferas demográficas, económicas, políticas e sociais.

Analízanse tanto as migracións internas, aquelas que teñen como orixe e destino algún concello de Galicia, como as externas, as que teñen a súa orixe nalgún territorio fóra de Galicia; é dicir, no resto de España ou no estranxeiro. Ambos movementos dan lugar ao saldo migratorio ou migración neta: a diferenza entre o total de entradas por inmigración e o total de saídas por emigración, que pode ter un sentido positivo (as entradas superan ás saídas) ou negativo (as saídas superan ás entradas).

Atendendo en primeiro lugar ao saldo migratorio interno -diferenza entre a inmigración interna (migracións á Narón que teñen a súa orixe noutro concello distinto dentro da Comunidade Autónoma galega), e a emigración interna (as saídas de poboación dende o Concello de Narón cara outro dentro da Comunidade Autónoma)-, atopamos dende os primeiros anos da década dos 2000 valores positivos bastante elevados, que alcanzaron o máximo en 2010 (506 persoas). A partir de entón, comezaron a diminuír continuamente (en dous anos o saldo baixou en máis de 300 persoas) aínda que o saldo interno seguiu sendo positivo ata 2015 e desde entón é negativo.

Dentro das migracións internas hai que destacar o peso das intraprovinciais, aproximadamente o 90% proceden da mesma provincia. Ao abeiro das posibilidades de traballo, o municipio foi porto de chegada de cerca de 17.000 persoas, principalmente dos municipios próximos. Segundo datos da propia web municipal *“só un de cada tres censados naceu neste concello”*.

En segundo lugar, o saldo migratorio externo diferenza entre as entradas procedentes do resto do estado e do estranxeiro, e as saídas a estes mesmos destinos tivo para o mesmo período valores maioritariamente positivos, aínda que moi inferiores aos valores do saldo migratorio interno.

Vese claramente que o saldo interno (as entradas desde outros lugares de Galicia) foron as que fixeron que o saldo total fose positivo, xa que o saldo externo presenta un volume menor.

A dinámica entre os anos 2015 e 2017 rompe a progresión ascendente dos anos anteriores, aínda que a partir de 2018 o saldo migratorio volve a ser positivo. O último dato de 2021 da

como resultado un saldo migratorio positivo de 209 persoas, polo que as entradas de poboación en Narón superan ás saídas.


	Total	Saldo interno	Á mesma provincia	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2000	-785	-634	-585	-49	-151	-158	7
2001	-12	26	25	1	-38	-71	33
2002	633	598	572	26	35	-39	74
2003	490	443	422	21	47	-27	74
2004	535	418	385	33	117	43	74
2005	626	504	484	20	122	17	105
2006	623	519	479	40	104	-18	122
2007	728	522	470	52	206	58	148
2008	679	441	449	-8	238	69	169
2009	602	453	433	20	149	38	111
2010	647	506	510	-4	141	48	93
2011	325	307	292	15	18	-74	92
2012	205	172	189	-17	33	5	28
2013	239	179	156	23	60	50	10
2014	76	103	82	21	-27	-67	40
2015	-119	-11	11	-22	-108	-74	-34
2016	-106	-58	-64	6	-48	-88	40
2017	-65	-43	-18	-25	-22	-99	77
2018	80	-33	14	-47	113	-43	156
2019	167	3	15	-12	164	25	139
2020	0	-156	-127	-29	156	67	89
2021	209	69	67	2	140	26	114

*Taxas de saldo migratorio. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

## ESTRUTURA DEMOGRÁFICA


Mentres que a pirámide “media” de Galicia é moito máis estreita pola base que na cúspide; en Narón, os primeiros grupos de idade teñen moito máis peso. As franxas de idade por debaixo dos 34 anos supoñen arredor do 4% (cada un dos grupos), mentres que para Galicia estes grupos apenas acadan o 2% nalgúns casos. En canto aos grupos máis envellecidos, estes son máis numerosos para o conxunto de Galicia que para Narón, polo que podemos concluír que Narón é un concello máis novo en relación á media galega.

**Galicia (2022)**



*Pirámide de poboación do concello de Galicia do ano 2022*

**Narón (2022)**



*Pirámide de poboación do concello de Narón do ano 2022. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, 2022*

Destacan as bandas de idade entre 40 e 44 e 45-49 anos, coincidentes cos últimos anos do denominado *baby boom*, co concello de Narón moi por riba da media galega. No concello de Narón supoñen o 10% da poboación, mentres que para o conxunto de Galicia pouco máis do 4%.

O ensanchamento polo centro (40-49) reflicte o peso das idades adultas, os nados durante o chamado *baby boom*, fundamentalmente dos últimos estadios. Destaca o estreitamento nas idades comprendidas entre 15 e 25 anos, froito da redución de nacementos na década dos 90 en toda España.

Respecto á estrutura por sexo, do mesmo xeito que no resto de Galicia, as mulleres superan en número aos homes en practicamente todos os grupos de idade, agás os tres primeiros. Xeralmente nacen máis nenos que nenas pero tende a equilibrarse, e nas idades anciás é onde a proporción de mulleres é maior (mortalidade masculina máis temperá). Nas idades adultas superan lixeiramente o número de homes (entre un 1 e un 4% máis de mulleres) pero a partir dos 60 anos a diferenza comeza a ser maior. Na franxa de idade 80-84 anos, o 40,8% son homes e para os grupos de máis de 85 a porcentaxe redúcese ao 35,5%.

Podemos dicir que é un municipio novo en termos relativos, ou polo menos se o contrastamos coa súa contorna. Tanto Galicia, como A Coruña e a Comarca de Ferrol, viron descender a porcentaxe de poboación menor de 20 anos mentres que en Narón foi aumentando lixeiramente (18,24%). Está máis de tres puntos por encima da cifra comarcal (15,02% en 2022). Do mesmo xeito, segundo datos do IGE, a idade media da poboación é máis baixa en Narón (45,53) que no resto de entidades antes citadas (é 3,4 anos menor que a idade media da comarca).

A poboación de Narón non está envellecida, o cal se pon de manifesto co índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos) e co índice de sobreenvellecemento (relación entre a poboación maior de 84 anos e a maior de 64).

O índice de envellecemento actual é dun 118,64% en Narón por 167,26 de Galicia e o de sobreenvellecemento é de 18,52 en comparanza co 19,97 de Galicia. Pode resultar máis representativo o dato de que a porcentaxe da poboación maior de 65 anos en Narón é do 21,54% mentres que na comarca é do 27,63%

Esta tendencia débese ao desprazamento dos mozos desde Ferrol cara os municipios lindeiros e inflúe en factores xa analizados como a taxa de natalidade.

Índice de envellecemento			Índice de sobreenvellecemento		
	Galicia	Narón		Galicia	Narón
2002	119,7	105,94	2002	11,45	9,6
2003	124,11	108,46	2003	11,67	9,46
2004	126,89	110,07	2004	11,98	9,41
2005	129,17	110,21	2005	12,32	9,6
2006	132,26	111,59	2006	12,71	9,84
2007	134,16	111,15	2007	13,09	9,89
2008	135,46	110,06	2008	13,66	10,26
2009	137,25	109,88	2009	14,1	10,43
2010	139,37	109,1	2010	14,46	11,03
2011	141,88	108,32	2011	14,79	11,32
2012	144,19	107,75	2012	15,17	11,67
2013	146,07	107,87	2013	15,56	12,17
2014	149,33	108,89	2014	16	12,42
2015	151,94	109,4	2015	16,5	13,49
2016	153,58	109,45	2016	16,97	14,19
2017	154,75	109,33	2017	17,47	15,09
2018	156,37	109,57	2018	18,08	15,29
2019	158,15	111,77	2019	18,58	15,96
2020	160,4	112,68	2020	19,15	17,21
2021	163,59	117,04	2021	19,56	17,94
2022	167,26	118,64	2022	19,97	18,52

*Índice de envellecemento e sobreenvellecemento. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

A análise por grandes grupos de idade non fai máis que reforzar a idea da que se esta a falar en todo o estudo da poboación; estamos ante un concello relativamente xove. Como se pode apreciar na táboa, a poboación menor de 16 anos aumentou a un ritmo similar á da poboación maior de 64 anos.

	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Idade media
<b>2002</b>	2.955	20.528	5.780	41,7
<b>2003</b>	4.170	23.480	6.175	41,8
<b>2004</b>	4.283	23.888	6.233	41,9
<b>2005</b>	4.415	24.328	6.340	42

	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Idade media
2006	4.551	24.584	6.529	42,1
2007	4.683	24.933	6.629	42,2
2008	4.913	25.357	6.738	42,2
2009	5.125	25.682	6.905	42,2
2010	5.325	25.930	7.030	42,3
2011	5.522	26.206	7.182	42,5
2012	5.715	26.203	7.320	42,6
2013	5.822	26.196	7.432	42,9
2014	5.906	26.089	7.579	43,2
2015	5.949	25.895	7.721	43,4
2016	5.985	25.666	7.775	43,8
2017	6.052	25.392	7.836	44,6
2022	5.677	24.873	8.388	45,53

*Poboación de Narón segundo grandes grupos de idade. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

## DEPENDENCIA DA POBOACIÓN

A taxa de dependencia global relaciona o total de efectivos “dependentes” (poboación non activa, menores de 20 anos e maiores de 64) coa poboación activa (os que se atopan no intervalo de idades que vai dende os 20 ata os 64). A taxa de dependencia xuvenil relaciona a poboación nova (menores de 20 anos) coa poboación potencialmente activa. O índice de dependencia senil é a relación entre a poboación maior (maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa.

	Global	Xuvenil	Senil
GALICIA	59,9	18,1	41,7
A CORUÑA	59,1	20,8	40,61
NARÓN	54,2	20,9	33,2

*Taxas dependencia da poboación. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, 2022.*

Segundo algúns autores, unha situación óptima sería aquela na que a taxa de dependencia xuvenil fose igual ou superior a 40, e a senil inferior a 20, datos que distan bastante dos obtidos para o concello de Narón no ano 2022. Cabe mencionar tamén, que nin a provincia de A Coruña, nin a Comunidade Autónoma de Galicia chegan a eses valores.

### 03.4.3 CONDICIÓN SOCIO-ECONÓMICAS

#### POBOACIÓN SEGUNDO A SÚA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA

Dentro da poboación activa distinguimos a poboación ocupada e a poboación en paro.

NARÓN	1991			2001			2011
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Poboación de 16 e máis anos	24.646	11.918	12.728	28.065	13.522	14.543	33.174
Poboación activa	11.577	7.969	3.608	13.787	8.454	5.333	20.641
Ocupados	8.955	6.643	2.312	11.732	7.590	4.142	15.223
Parados	2.622	1.326	1.296	2.055	864	1.191	5.418
Poboación inactiva	12.931	3.811	9.120	14.278	5.068	9.210	12.533

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares segundo o sexo e a relación coa actividade (activo ou inactivo). Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

NARÓN	1991	%	2001	%	2011	%
Poboación de 16 e máis anos	24.646		28.065		33.536	
Poboación activa	11.577	47,0%	13.787	49,1%	20.641	61,5%
Ocupados	8.955	77,4%	11.732	85,1%	15.223	73,8%
Parados	2.622	22,6%	2.055	14,9%	5.418	26,2%
Poboación inactiva	12.931	52,5%	14.278	50,9%	12.533	37,4%

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares segundo o sexo e a relación coa actividade (activo ou inactivo). Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

A *Encuesta de Población Activa* elaborada polo Instituto Nacional de Estadística xa non desagrega os datos por municipios, polo que se presenta na seguinte táboa cos últimos datos sobre algunhas das condicións socioeconómicas de Narón.

NARÓN	Total	Homes	Mulleres
Poboación de entre 16 e 64 anos	24.873	12.248	12.625
Afiliacións en alta laboral	14.605	7.174	7.431
Paro rexistrado	2.278	866	1.412

*Últimos datos sobre as condicións socioeconómicas de Narón. Fonte: Elaboración a partir de datos do IGE. Os datos de afiliacións en alta laboral corresponden co período de xuño 2023. O resto de datos son do ano 2022.*

Segundo os datos dos censos de 1991 e 2001, no concello de Narón o peso da poboación activa é moi similar á da poboación inactiva. Isto cambia en 2011 e, mentres que a poboación inactiva segue en valores similares aos de 1991, a poboación activa supera con creces a de anos anteriores (20.641 persoas activas 2011 fronte a 11.577 en 2001). En 2001 a poboación activa era o 49% da poboación maior de 16 anos, cifra levemente superior á de 1991 (é similar ao resto de Galicia), pero que en 2011 experimenta unha suba, poñéndose en 61,5%. En Narón aumentou a poboación activa entre 2001 e 2011 nun 12% aproximadamente. Os últimos datos dispoñibles para xuño de 2023 sinalan que o 58,72% da poboación en idade de traballar (entre os 16 e 64 anos) está ocupada mentres que o 9,16% está rexistrada no paro. O 62% das persoas que están rexistradas no paro son mulleres, aínda que elas son tamén algo máis numerosas no número de afiliados en alta laboral (50,88%).

O máis significativo dentro da poboación activa é a proporción entre as persoas ocupadas e paradas. O número de ocupados subiu de maneira progresiva entre 1991 e 2011, pasando de case 9.000 a máis de 15.000. En 1991 eran o 77% da poboación activa; en 2001, experimentábase unha suba importante, superando o 85% e en 2011 baixou considerablemente a menos do 74%, cifra inferior á de 1991. Resulta máis significativo se se analiza desde o punto de vista das persoas paradas: en 1991 eran o 22,6% da poboación activa, que baixou ao 15% en 2001 para subir considerablemente a máis do 26% en 2011, porcentaxes similar ao de toda Galicia e que reflicten os efectos da crise que arrasou o mundo naqueles anos.

Non se dispón de datos desagregados por sexo para 2011, pero en 2001 a porcentaxe de mulleres inactivas supera a dos homes (un 64% fronte a un 35% da poboación activa), do mesmo xeito que ocorre cos parados, aínda que a diferenza é menor neste caso (o 58% son mulleres). Cos datos de afiliados á seguridade social achegados polo IGE, pódese ver como en Narón, entre 2011 e 2018 aumentaron en 510 persoas, sendo relevante a diferenza segundo xénero xa que o número de homes descendeu en 33 e o de mulleres aumentou en 543.

A fenda entre o número de homes e mulleres ocupados foi descendendo nas últimas décadas: en 2001 a porcentaxe era dun 35% de mulleres ocupadas (65% de homes), que en 2011 subiu ao 46% e no 2018 ao 48% de mulleres (51% de homes). As porcentaxes son moi similares ás de Galicia. Os últimos datos para Narón sinalan que o peso das mulleres é xamaior, representando o 50,88% das persoas ocupadas. En 2023 foron dadas de alta laboral 1.290 mulleres máis ca no ano 2011 fronte a 38 homes.

<b>Galicia</b>	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>%</b>	<b>Mulleres</b>	<b>%</b>
2011/Outubro	942.280	501.034	53,17	441.246	46,83
2018/Setembro	966.059	502.114	51,98	463.945	48,02
2022/Setembro	1.038.540	531.217	51,15	507.322	48,85
2023/Xuño	1060.481	541.883	51,1	518.597	48,9
<b>Narón</b>					
2011/Outubro	13.277	7.136	53,75	6.141	46,25
2018/Setembro	13.787	7.103	51,52	6.684	48,48
2023/Xuño	14.605	7.174	49,12	7.431	50,88
Diferenza 2011/2023:	+1.328	+38	-	+1.290	-

*Afiados á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia, o sexo (2011-2018). Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

## **POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO A SITUACIÓN PROFESIONAL E SEGUNDO A PROFESIÓN**

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>%</b>	<b>Mulleres</b>	<b>%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>11.732</b>	<b>7.590</b>	<b>65%</b>	<b>4.142</b>	<b>35%</b>
Empresario, traballador por conta propia	1.938	1.171	60%	767	40%
Que emprega persoal	763	511	67%	252	33%
Que non emprega persoal	1.175	660	56%	515	44%
Asalariado, traballador por conta allea	9.720	6.369	66%	3.351	34%
Con carácter fixo	6.221	4.342	70%	1.879	30%
Con carácter eventual	3.499	2.027	58%	1.472	42%
Outras situacións	74	50	68%	24	32%
Axuda familiar	19	14	74%	5	26%
Membro de cooperativas	55	36	65%	19	35%

*Poboación ocupada de Narón segundo situación profesional (ano 2001). Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.*

A diferenza do que se observa en 2001, a porcentaxe de homes e mulleres ocupados é extrapolable á maior parte das categorías: como a de traballadores por conta propia, nas que as mulleres son o 40%, ou quen emprega persoal (33% mulleres). A maior fenda atópase nos traballadores fixos que son homes nun 70%. Un dato moi revelador sobre a estrutura do tecido empresarial é que o 83% da poboación ocupada eran asalariados por conta allea, sendo moi pequeno o peso dos empresarios ou traballadores por conta propia.

Para rematar co estudo da poboación activa, veremos como se reparte segundo a súa profesión:

	Total	Homes	Mulleres
<b>TOTAL</b>	11.732	7.590	4.142
Dirección das empresas e das administracións públicas	894	490	404
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	821	359	462
Técnicos e profesionais de apoio	1.044	675	369
Empregados de tipo administrativo	727	285	442
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	1.862	725	1.137
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	320	188	132
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería	3.050	2.738	312
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.438	1.136	302
Traballadores non cualificados	1.022	475	547
Forzas armadas	554	519	35

*Poboación ocupada de Narón segundo profesión (ano 2001). Fonte: Elaboración propia a partir de IGE.*

Completando a información do anterior cadro, pódese ver na táboa como o grupo máis numeroso no concello Narón en 2001 son os traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería (26%), seguidos dos traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores (16%). Agrupados por sectores, os grupos do sector servizos son os máis numerosos.

Os datos máis actualizados en relación á poboación ocupada segundo a profesión son as afiliacións en alta laboral por sectores. Os resultados do período de xuño 2023 para Narón son expostos na seguinte táboa.

SECTOR	Nº AFILIACIÓNS EN ALTA LABORAL
Agricultura e pesca	230
Industria	2.416
Construción	1.086
Servizos	10.794

*Número de afiliacións en alta laboral por sectores. Fonte: Seguridade Social*

O 74,3% dos afiliados dedícanse ao sector servizos; o 16,63% á industria; o 7,48% á construción e o 1,58% á agricultura e pesca.

### CUALIFICACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

Destacar que a porcentaxe de poboación de Narón sen completar o bacharelato elemental, ESO ou EXB (25,72%) e inferior o porcentaxe de poboación galega (26,60%) nesa mesma categoría de estudos.

	GALICIA			NARÓN		
	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
TOTAL	2.334.674	1.110.986	1.223.688	28.065	13.522	14.543
NON SABE LER OU ESCRIBIR	47.912	11.495	36.417	544	103	441
MENOS DE 5 ANOS DE ESCOLARIZACIÓN	381.258	159.492	221.766	4.407	1.813	2.594
SEN COMPLETAR BACHARELATO ELEMENTAL, ESO OU EXB	621.097	296.036	325.061	7.217	3.416	3.801
BACHARELATO ELEMENTAL, ESO OU EXB COMPLETO	585.711	305.869	279.842	7.631	4.042	3.589
BACHARELATO SUPERIOR BUP/LOXSE, COU/PREU	262.685	129.288	133.397	2.994	1.506	1.488
FPI, FP GRAO MEDIO, OFICIALÍA INDUSTRIAL	77.815	40.758	37.057	1.592	932	660
FPII, FP GRAO SUPERIOR, MESTRÍA INDUSTRIAL	107.661	58.176	49.485	1.627	885	742
DIPLOMATURA, ARQUITECTURA, ENXEÑERÍA TÉCNICA	125.844	48.207	77.637	1.200	481	719
LICENCIATURA, ARQUITECTURA, ENXEÑERÍA SUPERIOR	116.841	56.886	59.955	817	326	491
DOCTORAMENTO	7.850	4.779	3.071	36	18	18

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas unifamiliares segundo sexo e nivel de estudos, ano 2001. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

A taxa de analfabetismo (% poboación de máis de 16 anos que non sabe ler nin escribir sobre o total de poboación de máis de 16 anos) do concello de Narón é inferior a taxa galega.

	Total	Homes	Mulleres
<b>GALICIA</b>	2,1	1	3
<b>NARÓN</b>	1,9	0,8	3

*Taxa de analfabetismo na poboación de 16 e máis anos. Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, 2001.*

En 2011 rexistráronse 3.087 persoas en Narón que eran analfabetas e que non tiñan estudos, representando así o 7,93% da poboación dese mesmo ano. A media galega de persoas analfabetas e sen estudos situouse no 11,37% no ano 2011, polo que o concello de Narón está bastante por debaixo da media. Por outra parte, o 14,03% dos habitantes de Narón en 2011 tiña estudos de primeiro grao (estudos primarios; persoas que foron á escola 5 anos ou máis sen completar EXB, ESO ou bacharelato elemental), o 52,9% tiña estudos de segundo grao (estudos secundarios) e o 10,33% estudos de terceiro grao (estudos superiores).

### ACTIVIDADES NO TERRITORIO

A base económica do concello depende maioritariamente de sector servizos que segundo os datos do IGE en 2022 ocupaba ao 74% da poboación activa; seguido, pero a gran distancia, da industria con algo máis do 16%, o peso da construción está á baixa cun 7,5% e o sector primario é case inexistente con menos do 2%.

Desde 2001 perdéronse case 150 empregos no sector primario, máis de 450 na industria e máis de 400 na construción, mentres que o sector servizos aumentou en máis de 3.800 empregos. Seguindo as pautas xerais de terciarización a todas as escalas, o sector servizos aumentou aproximadamente un 54,8% con respecto ás cifras de 2001, sendo o sector que máis poboación ocupa.


	Total	Agricultura e pesca		Industria		Construción		Servizos		Non const a
		n	%	n	%	n	%	n	%	
2001	11.732	375	3,20	2.880	24,55	1.504	12,8	6.973	59,44	-
2011	13.529	257	1,90	2.659	19,65	1.434	10,6	9.033	66,77	146
2018	14.138	262	1,85	2.565	18,14	1.086	7,68	10.213	72,24	12
2023	14.526	230	1,58	2.416	16,63	1.086	7,48	10.794	74,3	-

*Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*


As porcentaxes en canto a empregados no sector servizos, construción e industrial son similares aos comarcais, provinciais e autonómicos, pero no caso do sector primario, hai diferenzas. Narón alcanza a porcentaxe máis baixa (na comarca é lixeiramente maior, pero respecto a Galicia hai unha diferenza de máis do 4%). Trátase dunha comarca cun peso moi escaso do sector primario e máis aínda neste municipio. En Narón, do total de afiliacións en 2023, só un 0,25% o son no réxime especial agrario (36 persoas) e un 1,05% no do mar (152 persoas).

O sector secundario é o segundo en importancia no concello de Narón, pero moi por debaixo do sector terciario; a industria ocupa ao 16,63% da poboación traballadora (un 16% menos que en 2001) e a construción ao 7,48% (un 27,8% menos que en 2001). No gráfico pódese ver un descenso paulatino en ambos os casos desde 2001.

Como se viu, o sector servizos é ou sector máis importante do concello en canto a postos de traballo se refire. Este sector aumentou os postos de traballo nos últimos anos e representa ou 74,3% da poboación traballadora (un 54,8% máis que en 2001). Está a acentuarse a tendencia á terciarización, á prestación de servizos.



*Poboación ocupada segundo a rama da actividade. Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*



■ Agricultura e pesca ■ Construción ■ Industria ■ Servizos

*Poboación ocupada segundo a rama da actividade (2023). Fonte: Datos do IGE*

Toda a rexión estivo moi vinculada ao mundo militar da mariña (xa no século XVI convértese no centro da mariña de guerra española), pero a crise industrial tivo grande incidencia en toda a comarca de Ferrol e tras a reconversión industrial produciuse un cambio na estrutura do emprego. O peso da industria, que ata hai uns anos era un dos principais motores económicos, está en declive, do mesmo xeito que a explotación mariña, a agricultura e a gandería. Na actualidade está moi influenciada polo desenvolvemento de Ferrol, que proxecta a súa expansión sobre este municipio.

#### 03.4.4 EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA PREVISTA

Segundo o art. 68 RLSG, o PXOM “*deberá fundamentar as súas previsións de desenvolvementos de carácter residencial nun diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido*”, para o que considerará os seguintes datos de partida:

- Horizonte temporal (Hp), que se fixa en 16 anos
- Parque actual de vivenda e o seu estado de ocupación, diferenciando:
  - Parque de vivendas existente no solo urbano consolidado (PVE).
  - O número de vivendas baleiras (VB).
  - O tamaño medio da vivenda (tmV) no momento da redacción do plan
- Para a xustificación das necesidades de vivenda, o plan xeral terá en conta:
  - A taxa anual de crecemento da poboación residente (TAP).
  - O tamaño medio do fogar (tmF).

- A porcentaxe de vivenda de segunda residencia (VS).

Dentro da previsión de solo para uso residencial, o plan xeral poderá prever, a maiores da resultante das necesidades derivadas do incremento da poboación, unha porcentaxe de vivenda de segunda residencia. Esta previsión non poderá ser superior ao 20% do número de vivendas novas necesarias (VNN).

Por tanto, necesitaremos coñecer a taxa anual de crecemento da poboación residente para xustificar os desenvolvementos residenciais propostos no Plan.

Segundo o artigo 68 RLSG, a taxa de variación anual da poboación residente calcúlase a partir do crecemento vexetativo e o saldo migratorio mediante a seguinte fórmula:

$$\text{TAP} = (\text{Pf} - \text{Pi}) / \text{T}$$

TAP	taxa anual de crecemento da poboación residente (habitantes/ano).
Pi	número de habitantes no ano inicial do período temporal considerado (i) (habitantes) - (dato do plan xeral, segundo IGE ou similar).
Pf	número de habitantes no ano final do período temporal considerado (f) (habitantes) - (dato do plan xeral, segundo IGE ou similar).
T	período temporal considerado (16 anos).

No caso de Narón utilizaremos os valores que se inclúen na seguinte táboa, considerando tanto as previsións do borrador como a actualización da aplicación do método con valores de poboación máis recentes. Utilízanse os datos ofrecidos polo IGE.

	Previsión Borrador	Actualización Documento de Aprobación Inicial
<b>Pi</b>	(2000) 30.328	(2006) 35.664
<b>Pf</b>	(2015) 39.565	(2022) 39.115
<b>T (anos)</b>	15	16
<b>TAP (habitantes/ano)</b>	616	215,69
<b>Incremento poboación (16 anos)</b>	9.856	3.451
<b>Poboación final</b>	49.421 (2031)	<b>42.566 (2038)</b>

Na táboa apréciase unha variación substancial entre o crecemento previsto no borrador e o agora estimado. Isto débese a que 2014 e 2015 marcaron valores máximos, e desde entón a poboación de Narón comezou a descender lentamente.

### 03.5 NÚCLEOS DE POBOACIÓN EXISTENTES NO MUNICIPIO


O termo municipal de Narón está composto por oito parroquias: Castro (Santa María), Doso (San Lourenzo), San Xiao de Narón (San Xiao), Pedroso (San Salvador), Sedes (Santo Estevo), Trasancos (San Mateo), O Val (Santa María A Maior) e Narón, onde se sitúa a capital do municipio.

O municipio de Narón, a pesar de ter unha grande transformación da súa orixinaria estrutura rural, debido ao seu importante desenvolvemento residencial e industrial que se iniciou nos anos 60, aínda conserva en gran parte do municipio unha estrutura de núcleos rurais que se estenden por todo o territorio municipal, sempre incluídos nun ámbito agrícola que permitira as economías de autoconsumo vinculadas a este sector.

PARROQUIAS	SUPERFICIE (KM <sup>2</sup> )	POBOACIÓN 2022	% 2022	DENSIDADE (HAB/KM <sup>2</sup> )
CASTRO (SANTA MARIA)	5,7	899	2,31	157,72
DOSO (SAN LORENZO)	2,7	430	1,10	159,26
NARÓN	10,1	32.379	83,18	3.205,84
PEDROSO (SAN SALVADOR)	13,1	989	2,54	75,50
SAN XIAO DE NARÓN	5,1	697	1,79	136,66
SEDES (SANTO ESTEVO)	11,7	954	2,45	81,53
TRASANCOS (SAN MATEO)	5,8	768	1,97	132,41
O VAL (SANTA MARÍA A MAIOR)	13,2	1.816	4,66	137,57
<b>TOTAL</b>	<b>67,5</b>	<b>38.932</b>	<b>100</b>	<b>576,77</b>



Parroquias do termo municipal de Narón



Porcentaxe de poboación por parroquias

A súa relevancia demográfica fai que se sitúe entre os municipios máis poboados de Galicia, con 39.661 habitantes en 2023 (Servicio Estatística Concello de Narón) que se distribúen entre 8 parroquias.

Tal como se pode observar no gráfico de distribución a poboación nas parroquias, existe unha gran diferenza entre Narón, onde se atopa a cabeceira municipal, cun potente núcleo urbano no que se asenta máis do 80% da poboación do concello e o resto das sete parroquias, tal como se describe nos seguintes apartados.

### 03.5.1 OS NÚCLEOS RURAIS

A información referente aos núcleos rurais delimitados polo PXOM está contida na carpeta 03.AMAP do presente documento conforme ao establecido nas NTP.

Nese documento contense a memoria descritivas dos núcleos rurais delimitados no concello, en consonancia co Plan Básico Autonómico, acompañado das fichas descritivas que conteñen a información detallada de cada un dos asentamentos.

Contense ademais a serie de planos de información, planos de ordenación e planos da delimitación sobre ortofotografía actual e fotografía do denominado “voo americano”.

Recollese a continuación o listado dos núcleos rurais delimitados (157) polo presente PXOM segundo as súas parroquias:

*Núcleos rurais*

Código PXOM	Nome do núcleo delimitado	Código INE
<b>00.Narón</b>		
0001	Cornido	-
0003	Ansede	-
0004	As Agradas	-
0005	Feal	-
0006	A Picota	-
0007	A Pumarela	-
0008	Lodairo	-
<b>01. Castro (Santa María)</b>		
0101	O Agrande	150540101
0102	A Borrallada	150540102
0103	Borreiros	150540103
0105	O Campo das Ratas	150540105

Código PXOM	Nome do núcleo delimitado	Código INE
0106	A Carballosa	150540106
0107	A Costa	150540107
0108	A Chousa	150540108
0109	Fernande	150540109
0110	Gadoi	150540110
0111	A Mata	150540111
0112	Nelle	150540112
0113	A Pena de Embade	150540113
0114	Os Sobecos	150540114
<b>02. Doso (San Lourenzo)</b>		
0201	As Animas	150540201
0202	A Braña	150540202
0203	O Bustelo	150540203
0204	A Cabrita	150540204
0205	Os Calvos	150540205
0206	O Cabalo Furado	150540206
0207	A Costa	150540207
0208	A Gaiba	150540208
0209	O Chao	150540209
0210	Pielas	150540210
0211	Santá (Doso)	150540211
0212	Os Tortos	150540212
0213	Os Bidueiros (Doso)	150540213
0214	Vista Alegre	150540214
0215	A Casanova	150540215
0216	As Cerdeiras	150540216
0217	O Pouso	150540217
0218	O Igrexario	150540218
0219	O Souto	150540219
0220	O Verdescal	150540220
<b>09. San Xiao de Narón</b>		
0901	A Areosa	150540901
0902	A Verruga	150540902
0903	Forxas	150540903
0904	A Fraga	150540904
0905	A Igrexa	150540905
0906	A Pena Parda	150540906
0907	Prados	150540907
0908	A Revolta	150540908
0909	Sequeiro	150540909
0910	A Venda	150540910
0911	Os Bicás	150540911

Código PXOM	Nome do núcleo delimitado	Código INE
0912	O Vilar	150540912
0913	Ferreiras	150540913
<b>10. Pedroso (San Salvador)</b>		
1001	Bazón	150541001
1002	O Carballo	150541002
1004	O Castro da Ermida	150541004
1007	O Catasol	150541007
1009	As Congostras	150541009
1010	A Corredoira	150541010
1011	A Costeira	150541011
1012	O Cotelo	150541012
1013	Faxín	150541013
1015	A Gándara	150541015
1016	Os Loureiros	150541016
1017	Meizoso	150541017
1018	O Mosteiro	150541018
1019	Os Novás	150541019
1020	Painzás	150541020
1021	A Pallota	150541021
1022	A Pedra	150541022
1023	A Pereiruga	150541023
1024	Piñeiros	150541024
1026	O Pozo	150541026
1027	Pradelo	150541027
1028	A Revolta	150541028
1029	O Río do Couto	150541029
1031	A Vacariza	150541031
1032	Os Bidueiros (Pedroso)	150541032
1033	O Castro	150541033
1035	A Torre	150541035
1036	Santá (Pedroso)	150541036
<b>11. Sedes (Santo Estevo)</b>		
1101	Os Barreiros	150541101
1102	A Borrallada	150541102
1103	O Camiño	150541103
1104	O Camiño Novo	150541104
1105	O Carballo (Sedes)	150541105
1107	Eiravedra	150541107
1108	A Feira do Trece	150541108
1110	O Freixido	150541110
1111	A Gándara (Sedes)	150541111
1112	Guiove	150541112

Código PXOM	Nome do núcleo delimitado	Código INE
1113	Lagoela	150541113
1114	Martianes	150541114
1115	O Pazo	150541115
1116	A Pedreira	150541116
1117	O Pereiro	150541117
1118	Placente	150541118
1119	Prados (Sedes)	150541119
1120	O Rapadoiro	150541120
1121	A Revolta (Sedes)	150541121
1122	O Río da Lousa	150541122
1123	A Rocha	150541123
1124	Sabín	150541124
1125	O Salgueiral	150541125
1126	As Salgueiras	150541126
1127	Vilallonte	150541127
1128	Pallota	150541128
<b>12. Trasancos (San Mateu)</b>		
1201	A Barcia	150541201
1202	Caaveiro	150541202
1203	O Calvario	150541203
1204	A Calliqueira	150541204
1205	O Campo das Ratas	150541205
1206	O Carabuchal	150541206
1207	Curro	150541207
1208	A Fontela	150541208
1209	A Igrexa	150541209
1210	As Viñas	150541210
1212	O Muíño do Vento	150541212
1213	Paxarón	150541213
1214	A Pena	150541214
1215	A Ruxida	150541215
1216	A Vacariza	150541216
1217	O Bidueiro	150541217
1218	O Vilar	150541218
1219	A Lavandeira	150541219
<b>13. O Val (Santa María a Maior)</b>		
1301	O Abelleiro	150541301
1302	Baltar	150541302
1303	Bardás	150541303
1304	A Cavada	150541304
1305	Os Canteiros	150541305
1306	As Carballedas	150541306

Código PXOM	Nome do núcleo delimitado	Código INE
1307	Cima de Vila	150541307
1308	O Codesal	150541308
1309	Corval	150541309
1310	Cornido	150541310
1311	O Cruceiro	150541311
1312	As Filgueiras	150541312
1313	O Foxo	150541313
1314	O Grandal	150541314
1315	O Lobeiro	150541315
1316	A Modia	150541316
1317	Os Outeiros	150541317
1318	A Pedreira	150541318
1319	O Pico do Vento	150541319
1320	Pradedo	150541320
1321	Quintá	150541321
1322	O Redondo	150541322
1323	O Río de Cortes	150541323
1324	Santa Margarida	150541324
1325	O Vento	150541325
1326	Vilacornelle	150541326
1327	O Vilar	150541327
1328	Os Vilaes	150541328
1329	Vilasuso	150541329
1331	O Casal	150541331
1335	Ciobre	150541335
1336	O Castro	150541336

### 03.5.2 O NÚCLEO URBANO

O núcleo urbano de Narón, situado na parroquia denominada Narón, é a cabeceira municipal e conforme o centro urbano contando con máis do 80% da poboación do termo municipal.

O solo urbano de Narón, sendo un núcleo diferenciado, esténdese irregularmente sobre as terras baixas que bordean a ría de Ferrol, seguindo o límite meridional do termo municipal en dirección Nordeste-Suroeste, desde a desembocadura do río Xuvia ata o polígono industrial da Gándara no límite co concello de Ferrol, tendo como principal eixo estruturante a estrada AC-862: Estrada de Castela e a estrada AC-566 a Cedeira.

O solo urbano de Narón ten continuidade a través do seu eixo principal, a estrada de Castela, co solo urbano de Ferrol, formando un continuo urbano.




*Delimitación do núcleo urbano de Narón*

O desenvolvemento residencial do solo urbano de Narón produciuse principalmente a finais do século XX e principios do XXI, dun xeito moi potente e ocupando unha grande superficie de solo pero dun xeito descontínuo deixando espazos vacantes interiores e mazás incompletas e integrando grandes áreas de solo industrial/ terciario na súa trama, como é a presenza de Megasa no barrio de Xuvia, o polígono da Gandara no barrio do mesmo nome e o polígono das Lagoas na zona norte da estrada de Cedeira.


Aínda así a configuración da pegada urbana é moi clara mantendo no presente PXOM a delimitación do solo urbano buscando a súa compactación e mellora das dotacións.

As tipoloxías edificatorias máis habituais son as de vivenda colectiva en mazá pechada sobre os solos de maior consolidación, principalmente no entorno da estrada de Castela e a vivenda unifamiliar illada nas zonas periféricas.




*Tipoloxías edificatorias do núcleo urbano de Narón*

Como xa explicamos anteriormente o núcleo urbano de Narón esténdese ao longo da estrada de Castela e Cedeira na beira norte da Ría de Ferrol, entre a desembocadura do Río Xuvia e o termo municipal de Ferrol, estando atravesado por diversas infraestruturas de comunicacións (ferrocarril, autoestrada AP-9, estradas FE-11, FE-12,..) o que divide o espazo urbano en diferentes barrios: A Gándara, A Solaina, Alto do Castiñeiro, O Couto, Freixeiro, Piñeiros, Xuvia e As Lagoas, que se describen a continuación:



*Infraestruturas que atravesan o solo urbano de Narón. Fonte Información Xeografica de Galicia*




*División en barrios do núcleo urbano de Narón*

### **A GÁNDARA**

Barrio situado ao suroeste ao sur da estrada FE-11 que limita coa zona urbana de Ferrol, tendo o polígono de A Gándara continuidade entre os dous Concellos.

A zona sur do barrio está ocupada polo polígono industrial, mentres que a zona setentrional destinada a usos residenciais mantendo densidades baixas no extremo este, conforme a desenvolvementos de vivendas familiares, mentres que no resto da zona predomina a vivenda colectiva en mazá pechada.

Existen pequenas pezas vacantes pendentes de completar a malla viaria e diversos solares pendentes de edificar regularizando as aliñacións existentes.




*Delimitación do barrio de A Gándara*



*Vista 3D do barrio de A Gándara*

## EVOLUCIÓN



**Anterior 1956:** de aspecto rural e aínda “afastado” de Ferrol, composto basicamente por construcións de pequeno porte en torno ao viario, fundamentalmente ao redor das actuais Estrada dá Gándara e Rúa Concepción Arenal. Ao finalizar este período estaba en construción o polígono residencial asociado a Estrada de Castela, vector de expansión de Ferrol.

**1954-1975:** período de contrastes con barriadas obreiras vinculadas a Estrada de Castela e vivendas colectivas en altura sobre rúas transversais ao viario principal; nas áreas máis ao leste na Estrada dá Gándara as construcións deste período seguen un esquema similar ao do anterior.

**1976-1990:** supón a chegada das primeiras instalacións industriais tanto na fronteira con Ferrol como na enseada, aínda que aínda dun modo incipiente. As vivendas de tipo unifamiliar con tendencia rural perden protagonismo fronte ás colectivas en altura, que van completando os viarios iniciados no período anterior.

**1991-2001:** practicamente complétase o polígono industrial da Enseada da Gándara con algunhas pezas de gran tamaño ( Megasider, Poligal...). Residencialmente debe mencionarse a Rúa Vigo como a máis destacada.

**2002-2018:** o modelo de ocupación residencial baséase, fundamentalmente, por concluír mazás ou urbanizacións que se atopaban a medias; o polígono industrial queda practicamente ocupado na súa totalidade. O Centro Comercial Odeón pode considerarse como edificio de maior sinal do barrio. A mellora viaria é considerable, especialmente pola Estrada da Trincheira (a pesar de acentuar a barreira), pero tamén por outras como a Rúa de Mán Pita.

## A SOLAINA

Barrio occidental de menor tamaño que tamén limita coa zona urbana de Ferrol situado ao norte da estrada de Castela.

A zona situada no extremo norte presenta un maior grao de compacidade formando unha imaxe de barrio moi definida, así como a zona suroeste coas denominadas vivendas da Mariña.

A estrutura viaria apóiase na estrada de Castela como eixo principal, reproducindo retículas incompletas conforme ao desenvolvemento paralelo da edificación. Neste barrio o PXOM'02 propoñía varias áreas de repartición que foron aprobadas e contan coa urbanización (non sempre rematada) pendente da súa edificación.

Fora deste ámbito con ordenación a incorporar no barrio existen poucos baleiros pendentes de colmatar.




*Delimitación do barrio de A Solaina*



Vista 3D do barrio de A Solaina

## EVOLUCIÓN



500 M

**Anterior 1956:** Trátase dun espazo rural que apenas presenta unhas poucas construcións concentradas, fundamentalmente, en Estrada deCastela e Santalcía.

**1957-1975:** A boa comunicación da Estrada deCastela e do ferrocarril (cuxa víafracciona o barrio) fixo que o desenvolvemento se executase en todas as súas formas, xa fose con tipoloxía de barriada/polígono enVirxedo Mar, onde tamén se levantou o colexio, ou con

modelos máis próximos á parcelación, abríndose tramos de rúas e iniciando mazás pechadas de pequenos patios que tardaron décadas en completarse derivado da multiplicidade de parcelas e o escaso tamaño das mesmas; é o caso de eixos como Rúa Cristobo Colón e a súa contorna. Fronte á vía do tren o comportamento foi similar, pero con vivenda o fileira seguindo o viario.

**1976-1990:** continuación do período anterior, fóronse completando os viarios e mazás iniciados. A Rúa A Solaina convértese nunha sorte de bulevar interior, rúa principal sen continuidade fose do barrio. Deste período é o outro colexio.


**1991-2001:** Continúa o remate das mazás iniciadas nos anos 60, deixando aínda algún oco que aínda segue vacante. Iníciáanse desenvolvementos ao sur da vía, escasos ata entón, e con tendencia cara a mazás ocas (con espazo libre dentro delas).

**2002-2018:** remátanse a maior parte da mazás pendentes ao norte da vía e continúaase coa expansión ao sur de vía. Ábrese a Rúa Covandonga, que mellora a súa conexión exterior e habilita paso dun lado ao outro da vía, á que se adhíren novas rúas aínda pendentes de edificar.

### ALTO DO CASTIÑEIRO

O barrio de Alto do Castiñeiro, situado entre a estrada FE-11 ea autoestrada AP-9, é o de maior tamaño onde se concentran os equipamentos máis importantes do municipio (edificio do concello, centro de saúde, pazo da cultura,...). Igual que os dous barrios anteriores tamén se estrutura ao redor da estrada de Castela e a estrada da Faisca.

A zona sueste do barrio caracterízase por bolsas de baixa densidade, sendo na súa maioría de vivenda unifamiliar illada. No resto predomina a vivenda entre medianeiras que conforman mazás pechadas que en moitos casos non chegaron a completar as aliñacións e onde se intercalan solares vacantes. Como no caso do barrio da Solaina, hai varios polígonos de xestión, que aínda que foron tramitados non se realizaron as obras de urbanización, con varios baleiros pendentes de desenvolvemento.




*Delimitación do barrio de Alto do Castiñeiro.*



Vista 3D do barrio de Alto do Castiñeiro.

## EVOLUCIÓN



**Anterior 1956:** como as anteriores, presentaba un aspecto profundamente rural, pero con certa concentración de construcións na Estrada de Castela; pero a diferenza dos outros barrios, nas numerosos cruces de camiños tendía a haber concentracións de vivendas de trazos rurais. A maior parte destes camiños son hoxe rúas que, aínda que alargadas, conservan trazados irregulares e curvos.

**1957-1975:** foco de gran expansión con certa relevancia de construcións de tipoloxía asimilada á rural. Con todo, este período é o inicio da construción de edificios de vivenda colectiva, onde aínda que hai exemplos como a barriada de bloques abertos (e dous pechados) da Rúa Río

Masma, destaca pola construción de vivendas entre medianeiras que en gran medida apóianse sobre os camiños rurais preexistentes, aínda que se abren algunhas rúas de parcelación, como as que conectan as actuais Rúa Vintecinco de Xullo con Rúa Camiño do Piñeiros, ocupadas, no seu maior parte, nos períodos posteriores.

**1976-1990:** en gran medida continuista co período anterior, ocupando espazos emazás inconclusas.

**1991-2001:** Ademais de continuar coas tendencias do período anterior, abre paso ás grandes operacións inmobiliarias, caso da iniciada na Praza de Galicia, onde ademais dunhas 180 vivendas concéntranse varios equipamentos relevantes, como a casa do concello, a casa da cultura, o Centro Comercial Narón, así como como un espazo libre dotado de varios parques e zonas axardinadas.

## O COUTO

O seu ámbito territorial correspóndese cos terreos de relevo accidentado do fondo da ría, caracterizados pola presenza de lombas litorais.

Conforme aos seus condicionantes orográficos a zona caracterízase por unha ocupación de vivenda unifamiliar, xeralmente illada, seguindo a estrutura de camiños preexistente. É lindeiro ao leste e norte cos núcleos rurais de A Picota e Pumarela e Lodairo respectivamente.

Ao leste, a carón da costa e do Mosteiro de San Martiño de Xuvia sitúase a urbanización de O Couto, con forte presenza visual dende a ría e en especial dende a autoestrada AP-9.




*Delimitación do barrio de O Couto*



*Vista 3D do barrio de O Couto.*

## EVOLUCIÓN



Non pode dicirse que a súa evolución coñeza períodos moi diferenciados, pois basicamente consiste no “salpicado” continuo de vivendas unifamiliares. Incluso a rede viaria é basicamente a mesma, aínda que con melloras máis que perceptibles pois pasan de camiños a rúas; practicamente, a única vía de novo trazado que non aparece na foto de 1956 é a Estrada da Trincheira, aínda que sendo estritos está fóra do barrio.

A esta tónica xeral pódenselle facer dúas excepcións:

**Entre 1971 e 1980** aparecen varios edificios de vivenda colectiva no cruzamento das avenidas de Souto Vizoso e Miguel de Cervantes.


**A finais dos anos 90 do século XX** finalízase unha urbanización de vivendas unifamiliares pareadas (Urbanización do Couto), próxima ao mosteiro e encorsetada entre a Estrada da Trincheira e a vía do ferrocarril; con todo, ao estar en ladeira, á marxe das pendentes que supón, conta con vistas á ría.

## **FREIXEIRO**

O barrio de Freixeiro desenvólvese a partir do trazado das estradas de Castela e de Cedeira, concentrándose as maiores densidades na zona de intersección de ambas. Está atravesado de este a oeste pola liña férrea, e a futura conexión entre a estrada FE-13 e a estrada AC-566: Estrada de Cedeira.

Os crecementos de vivenda familiar concéntranse principalmente na zona nordeste, nas que atopamos importantes baleiros pendentes de urbanizar. Cara o suroeste localízase a zona máis densa de vivenda colectiva entre medianeiras formando mazás pechadas, en moitos casos inconclusas, e con baleiros pendentes de rematar.

Ao norte do barrio, a carón da futura conexión entre a AC-566 e AC-862, sitúanse os dous centros de ensino secundario do municipio.




*Delimitación do barrio de Freixeiro.*



*Vista 3D do barrio de Freixeiro.*

**EVOLUCIÓN**



**Anterior 1956:** como o comentado ata agora presenta unha imaxe puramente rural máis aló de certo volume de construcións ao redor das estradas de Castela e a de Cedeira, que vira cara ao norte. Con todo, xa na foto de 1956 o groso do viario ten un trazado rectilíneo propio xa de rúas, manténdose estas no presente. O ferrocarril, que divide o barrio en dous, xa estaba presente, coa característica curva a modo de meandro ao oeste do barrio, que seguiría ata a apertura da Autoestrada do Atlántico, xa no século XXI.

**1957-1975:** o desenvolvemento entre a parte ao norte e ao sur das vías é moi diferente; así no norte aparecen varias pezas industriais combinadas con vivendas maioritariamente unifamiliares; ao sur, polo seu lado, predominan os edificios de vivenda colectiva.

**1976-1990:** pode considerarse que se trata dun período continuista na parte sur, no que se van completando as mazás iniciadas no período anterior; ao norte, polo seu lado, empezan a levantarse mazás análogas ás do sur, aínda que as unifamiliares seguen sendo frecuentes. Neste período aparece un centro de educación secundaria no seu extremo norte.

**1991-2001:** continuista co período anterior en todos os termos; quizais o máis destacado sexa unha promoción de 122 vivendas que xerou tres mazás na Rúa Ponte Pielas.

**2002-2018:** pode considerarse como un período de promocións de maior porte que en períodos anteriores, como a de Rúa Ortigueira, Rúa San Lucas, Rúa Cerrallón de Arriba, Rúa Torrente Ballester, etc. Ademais constrúese un supermercado en edificio exento así como un novo centro de secundaria lindeira a preexistente.


**PIÑEIROS**

Piñeiros é un barrio lineal estruturado ao longo da estrada de Castela ao norte do río de Santa Cecilia ou Freixeiro que o delimita polo sueste atravesando a zona sur do mesmo.

As zonas de vivenda colectiva concéntranse a ámbolos dous lados da estrada de Castela aínda que moitas das mazás que se propoñen no PXOM'02 non se completaron debido á previsión da apertura dunha vía paralela polo norte á estrada de Castela, nunha zona onde se sitúan diversas vivendas familiares, que complican a obtención dos terreos necesarios.

Outras bolsas de vivenda unifamiliar concéntranse na parte sur na zona lindeira co barrio de O Couto.

Atopamos varias bolsas baleiras especialmente no extremo oriental, a carón da desembocadura do Rego do salgueiro, cunha ampla zona afectada por Costas.




*Delimitación do barrio de Piñeiros*



*Vista 3D do barrio de Piñeiros*

EVOLUCIÓN



Na súa evolución basicamente hai unha serie de construcións, maioritariamente unifamiliares, que seguen a Estrada de Castela, ás que se lle foron sumando outras de similares características e ás que se lles foron engadindo bloques de vivenda colectiva, especialmente cando había fondo suficiente para o seu desenvolvemento. Quizais o cambio máis destacado sexa xa neste século, coa apertura da residencia xeriátrica Fogar San Xosé e os bloques de vivendas situados fronte a ela.

## XUVIA

Este barrio estrutúrase a partir do eixo viario da estrada de Castela desde a ponte de Xuvia, co que enlazan a saída cara Valdoviño e a estrada local a Castro.

A ocupación edificatoria concéntrase no antigo núcleo de Xuvia (Santa Rita) no extremo oriental adquirindo certa continuidade ao longo da estrada de Castela, aínda que hai unha proporción considerable de solares vacantes. Ten unha importante presenza no barrio o complexo industrial de Megasa, situado a carón da ría.

Na zona setentrional do barrio ao norte da liña do ferrocarril, sitúase o ámbito dosector de solo urbanizable R-1 previsto no PXOM'02; que foi desenvolvido. Neste ámbito localízase a escola de educación infantil, estando os solares pendentes de edificar. Tamén ao norte a carón da estrada DP-5401 existen varias edificacións de carácter industrial entre as que se intercalan vivendas familiares.




*Delimitación do barrio de Xuvia*



Vista 3D do barrio de Xuvia

## EVOLUCIÓN



**Anterior 1956:** a construción basicamente limitábase a algunhas vivendas na Estrada deCastela.

**1957-1975:** prodúcese certo desenvolvemento en peite, especialmente cara á ría, formados por vivendas unifamiliares ou edificios plurifamiliares de escaso porte.

**1976-1990:** o máis destacado é a implantación dunha planta siderúrxica entre o espazo edificado e a ría. O resto vén ir enchendo, en parte, as rúas abertas, así como a propia Estrada deCastela.


**1991-2001:** período de pouca actividade neste ámbito.

**2002-2018:** contrasta co anterior polo fervor construtivo, con promocións como as que están entre o colexio e a igrexa e que supoñen o 12% do parque residencial actual, así como diversas operacións de certo tamaño ( Rúas Curros Enríquez, PapaXoanXXIII, Foro, paseo marítimo...). Ademais, urbanizouse un sector ao norte das vías (Rúa Tres de Abril), aínda que está pendente de edificarse.

### **AS LAGOAS**

O barrio das Lagoas é principalmente industrial e desenvolveuse de maneira dispersa na contorna da estrada de Cedeira dende os anos sesenta. Nos últimos anos realizáronse obras de urbanización para mellorar os problemas de tráfico e das infraestruturas do polígono.

Na zona norte das Lagoas concéntrase unha pequena bolsa residencial de vivenda colectiva nas proximidades do CEIP O Feal. Nesta zona o PXOM'02 propoñía varias áreas de repartición residenciais que non chegaron a desenvolverse. Na zona sur máis próxima ao núcleo atópanse diversos usos de carácter terciario.



*Delimitación do barrio de As Lagoas*



*Vista 3D do barrio de As Lagoas.*

## EVOLUCIÓN

Nos anos 80 do séculoXX emprázanse as primeiras construcións industriais sen urbanización, cun desenvolvemento paulatino ata a actualidade e cunha gran mellora na urbanización durante o séculoXXI.

A información referente á cobertura das dotacións descríbese no apartado 03.12. da presente memoria, na que se describen as principais redes de servizos básicos (abastecemento e saneamento) así como os sistemas de espazos libre, equipamentos e redes de comunicación.

### **03.5.3 SOLO URBANO INDUSTRIAL. RÍO DO POZO.**

Aínda que non se trata dun asentamento de poboación, no termo municipal de Narón localízase o polígono industrial de Río do Pozo, ao norte do centro urbano entre as parroquias de Narón e Santa María de Castro, sitúase no enlace entre os eixos de comunicación AG-64 e a prolongación da FE-12.

O solo urbano desta actuación empresarial desenvólvese en catro fases:


- Fase I: Correspóndese coa zona que foi obxecto dun Plan de Actuación Urbanística (PAU) aprobado no ano 1990 e o seu correspondente Plan Parcial
- Fase II: Resultante da ordenación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal "*Actuación industrial Río do Pozo sector II*" aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de febreiro de 2000.

- Fase III: Zonas de uso industrial e de equipamento comercial resultantes da ordenación do “Plan parcial Sector III do Río do Pozo” aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Narón o 29-06-2001 (DOG 27-07-2001; BOP 14-07-2001).
- Fase IV: Corresponde ás zonas de uso industrial e de equipamento comercial resultantes da ordenación do “Plan parcial Sector IV- Polígono Río do Pozo” aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Narón o 25-06-2004 (DOG 18-08-2004; BOP 26-07-2004).



*Delimitación do solo urbano industrial de Río do Pozo*

No mes de xaneiro de 2013 aprobouse definitivamente o plan de sectorización para o desenvolvemento dos terreos situados ao norte do solo industrial. Na actualidade estase a desenvolver a xestión e urbanización do polígono I que coincide cos terreos ocupados por unha cementeira.



*Delimitación dos terreos de solo urbano e solo urbanizable industrial de Río do Pozo*



*Vista 3D do polígono de Río do Pozo, coa zona urbana de Narón e a Ría ao fondo*

### 03.6 DETERMINACIÓNS DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

#### 03.6.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As propostas e determinacións das DOT definen unha senda a seguir e perfilan un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sustentabilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia, eliminando disparidades territoriais, o cal contribuirá ademais a unha maior eficiencia do sistema produtivo, así como á protección e posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e a eficiencia ambiental en todos os procesos. Dispoñer deste modelo de ordenación favorecerá a unha gobernanza máis coordinada e eficaz, pois permitirá orientar aos restantes instrumentos de ordenación territorial e urbanismo, así como ás iniciativas sectoriais, de xeito que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e o papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.

O concello de Narón está integrado na Rexión urbana Ártabra. Segundo se establece nas DOT a importancia desta Rexión baséase nunha serie de razóns que se transcriben a continuación:

- *O seu tamaño demográfico é necesario para dotar de certa masa crítica o sistema urbano galego, outorgándolle unha dimensión suficiente como para ocupar un papel relevante entre os espazos urbanos europeos.*
- *Constitúe un espazo supramunicipal de forte concentración urbana capaz de actuar como centro de conexión entre os sistemas urbanos do Atlántico e do Cantábrico.*
- *Está a desenvolver un dos sistemas portuarios máis importantes da fachada atlántica europea.*
- *Desde o punto de vista económico, o conxunto Ártabro constitúe un dos máis importantes conglomerados industriais de España, particularmente na industria da enerxía, a construción e reparación naval, a confección e a metalurgia.*
- *Así mesmo, a importancia alcanzada polos grupos empresariais e, ao seu lado, o desenvolvemento do terciario económico e das grandes instalacións comerciais proporciona ao conxunto un papel relevante nos fluxos interurbanos do Noroeste de España.*

Compre destacar o papel que ten o concello de Narón nesta Rexión como nodo fundamental do eixo industrial de Ferrol- As Pontes destacando o polígono de Río do Pozo como un dos

espazos para actividades económicas de maior importancia de Galicia. Dentro deste espazo de crecemento industrial o papel do concello de Narón resulta primordial:

*“Este espazo de crecemento industrial debe orientarse a realizar unha oferta tan diversa e flexible como sexa posible para acoller demandas de moi diverso tipo, desde novas implantacións de grandes industrias a pequenas instalacións orientadas a facilitar o desenvolvemento das súas iniciativas polos emprendedores locais. A conexión destes eixos viarios co porto exterior proporciona unha oportunidade para moitas actividades loxísticas e constitúe un atractivo adicional para captar investimentos foráneos. **Ademais, este novo espazo de actividades económicas debe desenvolver un papel estratéxico na configuración do futuro desenvolvemento urbano no eixo Ferrol- Narón, favorecido pola existencia dun ferrocarril de proximidade, permitindo operacións de renovación urbana de forma combinada coa recolocación de actividades que se atopan en contornas urbanas moi centrais. Trátase, non só de mellorar a competitividade de Ferrol como espazo de actividade, senón de lograr que a nova etapa de desenvolvemento que agora afrontamos prodúzase de forma ordenada, sen que se hipotequen as oportunidades de futuro mediante implantacións dispersas, de maior impacto ambiental e carentes de integración territorial.**”*

A continuación reproducense as determinacións excluíntes e as orientadoras das DOT, que teñen especial incidencia no concello de Narón:

## **EN RELACIÓN CO SOLO URBANO**

### **Determinacións excluíntes.**

- 3.1.2. *Só poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.*
- 3.1.3. *Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans xerais de ordenación municipal identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial destas Directrices. Con dito fin, outorgaráselles a clasificación urbanística que lles corresponda atendendo á lexislación vixente.*
- 3.1.4. *Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificativo da necesidade de*

*novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia. Ademais, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estímulo á rehabilitación.*

**3.1.5. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico:**

- a. Non poderán conter previsións de crecementos residenciais desvincellados dos asentamentos preexistentes salvo que se correspondan con aquelas áreas de recualificación identificadas co obxectivo de reconducir as dinámicas de ocupación do territorio incompatible cun modelo de desenvolvemento sustentable.*
- b. Deberán garantir a accesibilidade e mobilidade, prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.), en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, para o cal contemplarán as análises necesarias baseadas na consideración das necesidades de desprazamento existentes e derivadas das previsións do planeamento.*
- c. A localización de centros atraentes de desprazamentos (centros comerciais, grandes desenvolvementos residenciais, hospitais, etc.) considerará a súa articulación coas devanditas fórmulas de transporte sostible.*
- d. Priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Asemade, evítaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación*
- e. Establecerán medidas tendentes á incorporación de usos deficitarios (distintos do residencial) e á mestura de usos complementarios, evitando ordenacións monofuncionais e segregacións económicas e sociais.*
- f. Incluirase a perspectiva do metabolismo urbano nas súas análises de partida na medida do posible, contemplando medidas para a súa mellora atendendo as consideracións contidas na Memoria destas DOT.*
- g. Deberán conter as análises e a planificación precisa para que o organismo de cunca correspondente poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración,*

*reutilizaciónou vertedura a medio receptor de forma sostible, para as necesidades presentes e futuras da poboación e actividades existentes, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo a teito de planeamento.*

- h. Incluirán unha parte de análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades socioeconómicas do concello, en termos tanto de ocupación do territorio como de ocupación da poboación activa, así como das respectivas estratexias de acción futura, nomeadamente no que atinxe á utilización do solo.*

*3.1.10. Co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar novas edificacións*

#### **Determinacións orientadoras.**

*3.1.15. O diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:*

- a. A evolución recente do parque de vivenda (incluíndo as vivendas baleiras) e as tendencias na demanda.*
- b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar.*
- c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas ou de novas infraestruturas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica.*
- d. A posición no territorio, e a función que desempeña cada termo municipal dentro do sistema territorial no que se integra.*

-

*3.1.16. Os Plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade cos principios de sustentabilidade e atendendo aos seguintes criterios:*

- a. Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, a relación co seu contorno máis próximo, as actividades realizadas nese contorno próximo e o seu encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxías arquitectónicas, elementos patrimoniais e a paisaxe que entre eles compoñen.*
- b. No interior das Áreas urbanas preveranse espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a*

*integración en corredores ecolóxicos ou a drenaxe e no seu caso depuración de augas de escorrentía.*

- c. As áreas libres situadas dentro das áreas urbanas disporanse, sempre que sexa posible, de xeito que poida establecerse unha conexión entre elas, propiciando a conformación de corredores ecolóxicos.*
- d. No caso de que existan zonas con risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuindo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.*
- e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos tramados urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.*
- f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media ou alta que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.*
- g. Considerarase a mobilidade no deseño do modelo territorial de maneira que se reduza a demanda de transporte e se favorezan a intermodalidade e o transporte colectivo.*
- h. Nas obras de urbanización, sempre que sexa a opción de maior eficiencia global, e conforme á lexislación sectorial competente, contemplarase no deseño das redes de servizos (abastecemento e saneamento de auga, subministro de enerxía, telecomunicacións) que o seu trazado sexa mediante galerías subterráneas ou gabias compartidas.*

*3.2.1. A planificación sectorial de áreas empresariais de Galicia estudará as demandas de solo para usos industriais e terciarios, e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sustentabilidade e en congruencia co modelo territorial das DOT. A tal efecto establécense as seguintes orientacións, sen menosprezo das consideracións máis específicas realizadas ao longo da Memoria:*

- a. Preveranse parques de carácter estratéxico nas Rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e da Coruña-Ferrol, así como nas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol, Lugo e Ourense. Para determinar a súa localización teranse en conta as posibilidades de conexión*

coa rede de estradas de altas prestacións, a rede ferroviaria e os servizos de transporte colectivo, tanto preexistentes como de nova implantación.

- f. Para novas implantacións ou ampliacións das áreas existentes estudarase a necesidade do recurso (auga) e a posibilidade da súa utilización para abastecemento. Buscarase a integración do saneamento de augas residuais e da recollida e tratamento de augas pluviais no marco territorial e ambiental no que se atope.
- g. A planificación das áreas empresariais e dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible.
- h. As diferentes áreas empresariais poderán acoller usos comerciais e terciarios, sempre que non desvirtúen a súa finalidade nin comprometan a súa funcionalidade.

*3.2.2. Preveranse plataformas loxísticas asociadas aos portos comerciais autonómicos, aos portos de interese xeral do Estado, aos nodos de confluencia de infraestruturas viarias de altas prestacións ou ferroviarias, así como aos núcleos do sistema urbano que destaquen pola súa accesibilidade.*

*3.2.3. Os parques empresariais localizaranse respectando os valores ambientais (incluíndo os culturais) do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións do termo municipal e considerando os servizos de transporte colectivo preexistentes.*

## **EN RELACIÓN AOS NÚCLEOS RURAIS**

### **Determinacións excluíntes**

*3.1.6. Terán consideración de Solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o planeamento municipal defina e delimite. Teranse en conta unha serie de criterios: a súa clasificación en planeamentos anteriores, o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural e aqueloutros definidos na lexislación urbanística.*

*3.1.7. A definición do Solo de núcleo rural corresponde ao planeamento municipal, para o que se terá en conta a súa estrutura morfolóxica, a funcionalidade e a variación tipolóxica existente no sistema de asentamentos rurais.*

*3.1.8. Os instrumentos municipais de planeamento regularán os asentamentos rurais atendendo como mínimo a unha serie de criterios: tamaño medio da parcela*

*edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos ou a disposición das edificacións e as actividades económicas que se desenvolvan ligadas ao medio rural, nomeadamente as agroalimentarias, gandeiras e forestais, de cara a garantir a compatibilidade entre a calidade do hábitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais, a conservación do medio natural e da contorna, e unha actividade agraria competitiva e sostible.*

- 3.1.9. Na delimitación dos núcleos rurais dos asentamentos de tipo polinucleares prestarase especial atención á existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.*
- 3.1.10. Co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar as novas edificacións.*
- 3.1.11. Respecto aos núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá estudar as necesidades de crecemento que teñan en conta criterios socioeconómicos, así como a tipoloxía do modelo de asentamento rural que co menor impacto posible sobre o medio se integra na contorna, identificando as dinámicas recentes de transformación e evitando conxuntos indiferenciados.*
- 3.1.12. En solo rústico as administracións públicas non poderán executar nin financiar directa ou indirectamente obras de urbanización salvo cando estean previstas nos instrumentos de ordenación do territorio ou no planeamento urbanístico.*

#### **Determinacións orientadoras.**

- 3.1.15. O diagnóstico xustificando da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:*
- a. A evolución recente do parque de vivenda (incluíndo as vivendas baleiras) e as tendencias na demanda.*
  - b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar.*
  - c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas ou de novas infraestruturas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica.*
  - d. A posición no territorio, e a función que desempeña cada termo municipal dentro do sistema territorial no que se integra.*
- 3.1.16. Os Plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade cos principios de sustentabilidade e atendendo aos seguintes criterios:*

- a. *Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, a relación co seu contorno máis próximo, as actividades realizadas nese contorno próximo e o seu encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxías arquitectónicas, elementos patrimoniais e a paisaxe que entre eles compoñen.*
- b. *No interior das Áreas urbanas preveranse espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos ou a drenaxe e no seu caso depuración de augas de escorrentía.*
- c. *As áreas libres situadas dentro das áreas urbanas disporanse, sempre que sexa posible, de xeito que poida establecerse unha conexión entre elas, propiciando a conformación de corredores ecolóxicos.*
- d. *No caso de que existan zonas con risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuindo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.*
- e. *Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos tramados urbanos x existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.*
- f. *Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media ou alta que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.*

## **EN RELACIÓN COAS ESTRADAS**

### **Determinacións excluíntes**

- 4.1 .8. *O acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvementos urbanísticos deberá rea lizarse a través de estradas cando menos de rango local", e que "as conexións coas estradas supramunicipais coordinarase coa administración titular da vía.*

## **EN RELACIÓN AO LITORAL**

### **Determinacións excluíntes**

- 6.2. *As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental e a protección do patrimonio cultural costeiro.*
- 6.5. *Os instrumentos de ordenación de territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír á funcionalidade, ao mantemento da calidade ambiental e paisaxística e ao desenvolvemento económico e social de Galicia.*
- 6.6. *O planeamento municipal dos concellos costeiros contemplará a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co contorno. Neste contorno evitárase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade.*
- 6.10. *Na franxa litoral inmediata ao límite interior da ribeira, cunha anchura mínima de 500 metros, as construcións evitarán a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, sen que, a estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar (ou equivalentes) no termo municipal respectivo.*
- 6.11. *O acceso ao mar en ámbitos urbanos desenvolverase preferentemente mediante viarios de uso peonil, debendo preverse no planeamento urbanístico, e executarse con criterios de máxima integración ambiental e paisaxística prevendo, no caso das praias, a accesibilidade de persoas discapacitadas.*

## **EN RELACIÓN CO PATRIMONIO NATURAL**

### **Determinacións orientadoras.**

- 7.1.1. *Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.*
- 7.1.3. *Os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos, así como os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos segundo a lexislación de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural, deberán tomar medidas de prevención, corrección, mitigación e adaptación ás consecuencias de alta probabilidade do cambio climático, considerando así mesmo as de media certeza, atendendo ás previsións e estudos realizados polos*

*organismos e institucións con competencia na materia, sen menosprezo das directrices e orientacións que se establezan no Plan marco galego de acción fronte ao cambio climático.*

#### **Determinacións excluíntes**

- 7.2.3. *Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos, integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico.*

#### **EN RELACIÓN COA PAISAXE**

##### **Determinacións orientadoras.**

- 8.6. *O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos.*
- 8.8. *Os instrumentos de ordenación territorial identificarán as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados.*

#### **EN RELACIÓN CO PATRIMONIO CULTURAL**

##### **Determinacións excluíntes**

- 9.5. *Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no Anexo IV, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións.*

##### **Determinacións orientadoras.**

- 9.12. *O planeamento urbanístico municipal, na delimitación dos ámbitos de interese patrimonial en solo rústico, especificará as áreas ás que asignar a categoría de protección patrimonial ou histórica*

### 03.6.2. PLAN DE ORDENACIÓN COSTEIRA DE GALICIA (PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL)

O 13 de xullo de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

No que afecta ao presente planeamento a Disposición adicional cuarta da Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia referente á adaptación do Plan de ordenación do litoral de Galicia aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, de 10 de febreiro establece que pasará a denominarse Plan de ordenación costeira de Galicia. E a Disposición transitoria segunda de aplicación transitoria do Plan de ordenación do litoral de Galicia establece que ata a súa revisión manterase o réxime xurídico das áreas de protección costeira, dos corredores e os espazos recollidos nos artigos 54, 57 e 58.

O Plan de Ordenación do Litoral, aprobado por D 20/2011, ten por obxecto “establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”.


As comarcas costeiras, delimitadas polo POL, que se localizan no concello de Narón son as de *Rías Altas e Golfo Ártabro*. Á súa vez, o POL tamén define unidades de paisaxe, das cales se localizan total ou parcialmente no concello de Narón as seguintes: *A Gándara, Esteiros do Xuvia e O Freixeiro, Montes da Lagoa e Campelo e A Frouxeira*.

O ámbito de aplicación do POL no termo municipal de Narón, recollía as ladeiras cara o litoral atlántico, e cara a ría de Ferrol, establecendo as áreas continuas e discontinuas neste ámbito.

O artigo 2 parágrafo 2 da Lei 4/2023 establece que aos efectos da Lei o litoral de Galicia exténdese cara o interior, ata o límite dos concellos costeiros ou, cando o supere, o límite interior dos espazos naturais que radiquen neles, e mar adentro ata o límite exterior do mar territorial. No apartado 5. Establece que quedan fora do ámbito de aplicación da presente lei os portos do Estado, que se regularán pola súa lexislación específica.

O artigo 30 establece as áreas de zonificación do litoral: área de protección ambiental, área de mellora ambiental e paisaxística e área de reordenación . Nos capítulos II, III e IV do título III establécense as áreas, os obxectivos remitando os usos permitidos, compatibles e prohibidos ao plan de ordenación do litoral.

A información cartográfica da Lei de ordenación do litoral de Galicia está dispoñible nun visor web da Xunta de Galicia, que zonifica a totalidade do territorio de Narón recollido no plano de información 04\_IOT\_AFEC\_01POL2



Na área de protección ambiental inclúense segundo a lei “área con características naturais singulares e valores ambientais excepcionais que deben ser especialmente protexidos, inclúe a zona comprendida entre a liña de 12 millas náuticas ata a liña de ribeira de mar -espazo marítimo-terrestre comprendido entre a liña de máxima baixamar viva e o límite ata o que chegan as ondas nos temporais máis grandes coñecidos- e os espazos naturais protexidos - parques naturais, humidais protexidos, Rede Natura, monumentos naturais, e paisaxes protexidas, entre outros-“ que se corresponde cos espazos naturais da costa norte es as beiras do río CastroXuvia e desembocadura do Freixeiro.


Á área de reordenación recolle os solos urbanos e núcleos rurais clasificados como tales (e así recollidos na webSiotuga da Xunta de Galicia) e o que respecta á Área de Mellora ambiental e Paisaxística contén o resto do territorio.

Respecto do resto das determinacións do Plan de Ordenación do Litoral:

Tamén existen **corredores ecolóxicos**, nos que se recollen os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como garante da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental.

Ademais localízanse varios **miradoiros** que afectan ao concello de Narón, son o de *Montes de Lagoa* e *O Salto* dentro do concello, o do *Monte Ancos*, *Esteiros de Xuvia* e *Marisma do Bellelle* no concello de Neda.

Ademais, o POL identifica a praia natural de *Casal* e establece unha proposta de trazado da “Senda dos faros” que posteriormente resolverase mediante plans especiais. O PXOM debe recoller, con carácter orientador, o trazado da Senda dos Faros proposta polo POL ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o futuro desta non se vexa comprometido. O PXOM incorpora, nos respectivos planos, o trazado da Senda Litoral da Costa Ártabra, que é unha senda existente que se propón como tramo da “Senda dos faros”.



Por outra banda, no POL tipifícanse os distintos asentamentos (en función da súa orixe, estrutura, e calidade urbana ou cohesión social) en: asentamento de carácter fundacional (destacando núcleos de identidade do Litoral), desenvolvemento periférico, asentamento funcional, agregado urbano, nova agrupación e ámbitos de recualificación. A información sobre os asentamentos, recollida na serie de planos do POL “usos e elementos para a valoración” tense en conta no estudo e tratamento dos núcleos rurais.

Concretamente, dentro dos asentamentos de carácter fundacional, identifícanse os **Núcleos de identidade do Litoral (NIL)** que son “*aqueles asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica, no bordo costeiro lámina de esteiro e a súa vinculación co mar, confírelles unha*”

*singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico*". En Narón non existe ningún núcleo de identidade do litoral identificado no POL.

Os **ámbitos de recualificación**, recoñecidos como novas agrupacións, son *"aquelas áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, localizadas en ámbitos de necesaria revalorización. Son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia, senón toda a costa europea nas últimas décadas"*. Son ámbitos cuxa mellora é necesaria mediante a incorporación de elementos de estruturación ambiental e funcional.

A única unidade que establece unha área de recualificación en Narón é a de *Esteiros de Xuvia*, onde establece a seguinte determinación para esa zona:

*"Crecementos dispersos ao longo da fachada litoral no saínte oeste do estuario, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira, sen funcións definidas nin identidade poboacional que xeran un continuo urbano que impide a contemplación do horizonte. Mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe, tratando de integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional."*

En cumprimento do sinalado no artigo 140.1.d do RLSG, dentro da documentación gráfica do PXOM, incorpórase unha serie de planos coas determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e afeccións da normativa sectorial que deban ser tidas en conta para a ordenación urbanística. Os aspectos comentados neste apartado reflíctense no plano de información PINF\_04\_IOT\_AFEC\_01\_POL e PINF\_04\_IOT\_AFEC\_01\_POL2, que se elaborou segundo a información dispoñible para descargar en formato vectorial no visor de información xeográfica de Galicia.

## **DETERMINACIÓNS DO POL**

*Artigo 5º. Réxime.*

- 1. As determinacións establecidas neste documento non implican clasificación urbanística do solo. Serán os concellos os que, no momento da redacción, revisión ou modificación do seu planeamento clasifiquen o solo de conformidade coas categorías establecidas pola lexislación urbanística e en coherencia con este plan. Para iso analizaranse os contidos da memoria, das fichas das unidades de paisaxe e da serie cartográfica de modelo territorial, así como a de usos do solo e elementos para a valoración xunto con esta normativa.*

*Artigo 29º.Solo.*

*A dispersión urbana favorece a fragmentación ecolóxica, paisaxística, funcional e social do territorio. O planeamento deberá fomentar formas de desenvolvemento máis eficientes de cara á valorización da funcionalidade do solo que garantan un uso eficiente e sustentable dos recursos, así como a optimización territorial, ambiental e social de infraestruturas, dotacións e servizos.*

*O planeamento deberá propiciar unha estrutura urbana que garanta a integración dos núcleos de poboación na paisaxe, definindo axeitadamente as súas tipoloxías construtivas, bordos urbanos, silueta, espazos públicos e viarios co fin de manter as principais vistas e perspectivas do núcleo. Co obxectivo de conseguir un uso máis eficiente e sustentable do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes con carácter previo á ocupación doutros solos.*

*Quedan prohibidos os novos crecementos illados, a excepción da recualificación dos ámbitos recollidos para este efecto, así como os solos industriais e de equipamentos, que o poderán ser atendendo ás mellores condicións de accesibilidade e de modo que se prevexan e minimicen os efectos negativos sobre o territorio.*

*Velarase por que a planificación dos novos crecementos procure tramas compactas e diversas en usos, con especial atención á morfoloxía e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que se adapten ao ámbito. No caso de núcleos tradicionais preexistentes promoverase a coherencia coa trama identitaria.*

*Con carácter xeral, o planeamento non dirixirá os crecementos urbanísticos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles. Do mesmo modo, deberán dirixirse cara ás zonas con pendentes máis axeitadas e con menos impacto visual e paisaxístico.*

*Artigo 37º.Ordenación.*

- a. Favorecer a relación dos desenvolvementos e infraestruturas co seu contorno natural e rural próximo evitando a presión sobre espazos de valor natural ou cultural.*
- b. Preservar, na medida do posible, o fondo escénico das paisaxes litorais constituído polas abas expostas ao mar libres de edificación.*
- c. Favorecer os procesos de compactidade e complexidade garantindo a conectividade dos sistemas mediante corredores transversais, ecolóxicos e funcionais, evitando a dispersión e difusión, así como os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais ao redor das vías de comunicación.*

- d. *Planificar, se é o caso, desenvolvementos urbanísticos sustentables, preservando os espazos e elementos de valor de xeito integrado na paisaxe.*
- e. *Planificar, se é o caso, os desenvolvementos urbanísticos cunha escala, morfotipoloxía e disposición conforme co carácter do modelo de organización identitario do lugar.*

*Artigo 38º. Corredores.*

- a. *Garantir a conectividade dos espazos e hábitats costeiros co resto do territorio favorecendo o bo funcionamento do sistema.*
- b. *Garantir unha xestión acorde coa protección dos seus valores ecolóxicos e funcionais.*
- c. *Mellorar a capacidade das especies de absorber perturbacións, sen alterar significativamente as súas características de estrutura e funcionalidade.*
- d. *Establecer unha rede verde a escala territorial que sirva de soporte para o coñecemento e valorización deste rico patrimonio, mellorando a calidade ambiental e paisaxística do territorio.*
- e. *Servir como elementos vertebradores para dotar dunha maior funcionalidade ecolóxica e calidade ambiental e paisaxística os espazos con procesos intensos de ocupación.*
- f. *Aproveitar as zonas de dominio público como fío condutor de conectividade espacial, ao tempo que se mantén o funcionamento hidrolóxico dos cursos de auga.*
- g. *Favorecer a función dos bordos das canles e da súa vexetación de ribeira como filtro natural, reducindo a presión sobre elas, e planificando unha axeitada transición co resto dos compoñentes da matriz biofísica asociada e, se é o caso, garantindo a súa función de filtro natural das augas afluentes e do manto freático.*
- h. *Integrar sendeiros e percorridos para conseguir fomentar deste modo o coñecemento do seu rico patrimonio natural e cultural, ao mesmo tempo que asegurar a súa conectividade e funcionalidade co resto do territorio costeiro.*
- i. *Adoptar medidas para a preservación destes ámbitos da implantación de novas instalacións e edificacións, prestando especial atención ás existentes.*

-

*Artigo 41º. Asentamentos.*

- a. *Establecer un modelo de ocupación racional do territorio minimizando o consumo de solo, mantendo o equilibrio das condicións que configuran o medio natural das áreas máis fráxiles e sensibles do litoral, evitando a presión sobre elas.*
- b. *Fomentar a recuperación das áreas degradadas e a compactación dos tecidos existentes coa intensidade adecuada ao seu carácter, evitando a ocupación*

*extensiva do solo, conservando e valorizando o contorno patrimonial e histórico, a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.*

- c. Impulsar o desenvolvemento dos sectores estratéxicos da súa actividade económica sobre a base da calidade, a innovación e o aproveitamento sostible dos recursos naturais e culturais do territorio en que se insire e xestiona.*
- d. Apoiar un modelo de ordenación que favoreza o desenvolvemento da súa base patrimonial, prestando especial atención ao mantemento da trama tradicional e á súa relación coa paisaxe.*
- e. Mellorar os niveis de calidade de vida existentes, favorecendo o desenvolvemento sustentable.*
- f. Mellorar o acceso da poboación aos equipamentos, procurando un uso máis diverso e eficaz do tecido edificado.*
- g. Evitar novas urbanizacións illadas de carácter residencial ou turístico.*

-

*Artigo 43º. Agregado urbano.*

- a. Fomentar a compactación dos tecidos existentes coa intensidade axeitada ao seu carácter, evitando a ocupación extensiva do solo aínda vacante.*
- b. Establecer estratexias de naturalización e integración do tecido existente, incorporando como espazos libres de cohesión os corredores ecolóxicos e áreas boscosas, así como o espazos de interese co obxectivo de dotar de lexibilidade, estrutura e conectividade o territorio, mellorando a calidade ambiental e a escena urbana.*
- c. Prestar especial atención á mellora da paisaxe, especialmente alí onde constitúa fachada marítima ou fondo escénico.*
- d. Mellorar os niveis de calidade de vida existentes favorecendo o desenvolvemento sustentable, integrando os procesos dispersos de ocupación no novo modelo de organización territorial mediante operacións de recualificación e dotación.*
- e. Mellorar o acceso da poboación aos equipamentos e servizos, procurando un uso máis diverso e eficaz do tecido edificado, ofrecendo alternativas de transporte e reducindo a necesidade de desprazamentos.*
- f. Fomentar a planificación de itinerarios alternativos interurbanos de tal maneira que se integren o tecido urbano e o rural, favorecendo a conectividade e mobilidade sustentable.*
- g. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.*

Artigo 44°. Áreas de recualificación.

- a. Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.
- b. Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.
- c. Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.
- d. Restituír a paisaxe natural, rural ou urbana, dotando da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.
- e. Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.
- f. Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.)
- g. Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.
- h. Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sustentabilidade e calidade establecidos neste plan.

## **EN RELACIÓN COS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS**

Artigo 60°. Desenvolvementos urbanísticos.

1. Os desenvolvementos urbanísticos deberán xustificarse en función das necesidades de crecemento municipal no marco dun desenvolvemento equilibrado e sustentable, que o planeamento urbanístico deberá garantir en coherencia coas determinacións do POL.
2. Unicamente se permitirán os desenvolvementos urbanísticos illados que teñan como finalidade a recualificación das áreas identificadas para tal efecto neste plan, así como a implantación illada de actividades produtivas, industriais, dotacionais e empresariais de tal forma que se xere o mínimo impacto sobre o territorio.
3. O planeamento xeral velará por que os novos crecementos urbanísticos se formulen de forma integral, con especial atención á morfoloxía, posición relativa e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que integren os principios, criterios e normas xerais perseguidas para cada elemento do modelo territorial deste plan.
4. Cando por razóns derivadas da orografía e configuración do contorno en que se atope o asentamento, o seu crecemento só poida ser en dirección á costa, o plan dirixirá estes crecementos urbanísticos cara ás zonas con pendentes máis adecuadas, atendendo a unha menor exposición e relación visual coa costa e, en

*todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.*

5. *Para iso pártese da caracterización dos asentamentos realizada polo presente plan e recollida na súa cartografía.*

-

*Artigo 61º.-Normas xerais para o desenvolvemento dos solos.*

*As seguintes normas xerais deberán ser interpretadas no marco de cada unha das determinacións específicas para cada elemento do modelo territorial deste plan.*

1. *Contención da ocupación do solo.*
  - a. *Priorizando o espazo público sobre o espazo privado.*
  - b. *Establecendo densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo e garantan espazos libres de calidade.*
  - c. *Propiciando a integración paisaxística da urbanización.*
2. *Adaptación ao relevo (adequar o construído ao natural).*
  - a. *Evitando a edificación en posicións dominantes sobre a costa.*
  - b. *Minimizando os movementos de terras, alteracións dos leitos e cortas de arboredo de interese.*
  - c. *Evitando as pendentes con forte impacto visual, ecolóxico ou funcional.*
3. *Naturalización do tratamento dos espazos destinados á urbanización.*
  - a. *Salvaguardando as características naturais dos solos.*

*Artigo 64º. Mellora ambiental e paisaxística.*

1. *Excepcionalmente, permitiranse crecementos urbanísticos que de forma motivada e racional se formulen para completar trama urbana existente desde asentamentos de carácter fundacional, periférico funcional ou agregado urbano ou, se é o caso, para propiciar un crecemento racional desde un asentamento fundacional.*
2. *Nesta área os crecementos dirixiranse, sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa. Neles as edificacións situaranse diante dos núcleos existentes tan só co obxectivo de completar a fachada marítima, ou a trama existente.*

*Artigo 65º. Ordenación.*

*Esta área considérase apta para os desenvolvementos urbanísticos desde calquera tipo de asentamento. Nela, o plan dirixirá os crecementos urbanísticos, preferentemente e sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.*

*Artigo 70º. Agregado urbano.*

- 1. Nesta área poderanse establecer desenvolvementos urbanísticos desde calquera tipo de asentamento dirixindo os crecementos urbanísticos, sempre que sexa posible, en dirección contraria á costa e, en todo caso, evitando a presión sobre as áreas máis fráxiles e os espazos e elementos de valor recollidos neste plan.*
- 2. O plan prestará especial atención á incorporación dos corredores, ás áreas boscosas e aos espazos de interese co obxectivo de dotar de lexibilidade, estrutura, conectividade e maior calidade ambiental estes contornos ao mesmo tempo que se procura a súa integración paisaxística.*
- 3. Procurarase a compactibilidade dos desenvolvementos, recualificando na medida do posible os existentes e mellorando o acceso da poboación ás dotacións e equipamentos co obxectivo de integralos funcionalmente no modelo de organización territorial.*
- 4. Prestarase especial atención á mobilidade, conectividade e accesibilidade, priorizando modos de transporte alternativos.*
- 5. Potenciarase a recuperación dos núcleos fundacionais así como a recualificación dos espazos de interese e as actuacións vinculadas á reconversión de actividades económicas ou industriais preexistentes.*
- 6. Evitarase amplificar procesos desconformes co plan por supoñer a presión sobre elementos ou espazos de valor así como a ocupación extensiva do bordo costeiro e os seus fondos escénicos.*

### **EN RELACIÓN COA PAISAXE**

*Artigo 75º.-Criterios xerais de integración.*

- a. Calquera intervención ao longo das súas diferentes fases de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio.*
- b. A planificación territorial e o planeamento urbanístico deberán manter as condicións de visibilidade propias de cada unha das diferentes unidades de paisaxe identificadas, tales como a linealidade dos vales, as vistas panorámicas desde posicións elevadas ou a percepción do relevo no seu conxunto.*
- c. Analizaranse especialmente as texturas, as cores, as xeometrías e as escalas dos volumes dos elementos previstos, extractando aqueles que sexan característicos ou singulares das paisaxes naturais, rurais e urbanas*
- d. As actuacións previstas, tanto as edificacións, como o parcelario, a rede de camiños e as infraestruturas deberán adecuar os seus perfís á topografía do terreo, e evitar a alteración das pendentes naturais.*

- e. Os elementos preexistentes de valor deben incorporarse ao proxecto. Evitarase, polo tanto, a eliminación de resaltes do relevo, a cubrición de canles naturais, así como a destrución de peches, bancais ou camiños tradicionais.
- f. As intervencións na paisaxe velarán polo mantemento da vexetación de porte arbóreo e arbustivo preexistente, salvo que se xustifique o contrario atendendo a motivos ecolóxicos. En caso de alteración ou desaparición definiranse medidas axeitadas de recuperación e integración que garantan a presenza de especies propias do lugar, evitando unha excesiva fragmentación dos hábitats e corredores biolóxicos. Será necesario apoiarse na estrutura espacial da vexetación predominante: formas e tamaños das manchas de vexetación -lineais, extensas, puntuais, irregulares- e a súa estratificación vertical -arbórea, arbustiva e herbácea-. Nos proxectos de revexetación deberanse utilizar especies axeitadas ás condicións edafoclimáticas da zona. Para a súa selección será necesario considerar a forma e dimensión das especies, a súa textura, coloración e fenoloxía para alcanzar a mellor integración paisaxística e ecolóxica.
- g. Evitarase a afección sobre os elementos patrimoniais, as construcións situadas no contorno de bens inmoables de interese cultural, artístico, histórico, arqueolóxico, ou tradicional e buscará a axeitada harmonización con eles.
- h. Nos núcleos de carácter tradicional e nos contornos rurais, co fin de integrar ao máximo as actuacións construtivas e de manter os hábitats que contribúan á conservación da biodiversidade, considérase necesario o mantemento da vexetación autóctona ou de singular valor presente nos terreos, así como a conservación das sebes e vexetación asociada aos peches dos terreos.
- i. Os edificios adaptaranse no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.
- j. O deseño do edificio e do terreo, os espazos anexos e a súa articulación co contorno resolverán axeitadamente a forma de inserirse na paisaxe do lugar, valorando as súas calidades e respectando e recuperando, se é posible, as pegadas valiosas existentes en cada terreo e en cada parcela, tales como edificios, cercas e muros, monteiras e árbores ou sebes, regueiros, camiños ou rochedos. A selección de especies para revexetación debe ser coherente coas do contorno, evitando as de carácter ornamental ou alleas ao dominio bioclimático.

### 03.6.3 CATÁLOGO E DIRECTRICES DA PAISAXE

Tal e como establecen as Directrices de Ordenación do Territorio, os catálogos e directrices de paisaxe, considerados no seu conxunto, concíbense como un instrumento normativo

complementario aos instrumentos de ordenación do territorio, polo canto achegan uns obxectivos e disposicións baseados nas relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio e contribúe a unha gobernanza máis participativa.

No documento 15054\_PXOM\_202310\_AI\_MX\_03.1ANX\_P SX achégase o estudo da paisaxe do termo municipal de Narón así como as as medidas adoptadas polo PXOM para conseguir os obxectivos de protección da paisaxe.

#### **03.6.4. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA**

O Plan Sectorial está en vigor desde maio de 2014 (aprobado polo Concello da Xunta o 30 de abril de 2014 DOG 28/05/2014), contando cunha modificación puntual denominada nº 1 aprobada polo Concello da Xunta o 29 de novembro de 2018.

Neste documento se recollen as áreas empresariais existentes no municipio e propón unha nova área xunto co concello de Valdoviño.

No apartado de lexislación sectorial recóllese a Lei 3/2022, de 18 de outubro de áreas empresariais de Galicia, de aplicación ás áreas empresariais de interese autonómico.

As fichas destas áreas achéganse a continuación:

15036031

NOME DA ÁREA: / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.I. ENSENADA DA GÁNDARA**

PROVINCIA: / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL: / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA: / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO: / AYUNTAMIENTO:

**FERROL - NARÓN**

PROMOTOR: / PROMOTOR:

**SEPES**

XESTORA: / GESTORA:

**SEPES**

ESTADO: / ESTADO:

**En funcionamento**

SUPERFICIE ÁREA:

**880.000,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

**504.500,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONIBLE:

**0,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

**01/01/1982**



UTM X:

**686.039.72**

UTM Y:

**4.816.788.88**



15054011

NOME DA ÁREA: / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.E. RÍO DO POZO - FASE I**

PROVINCIA: / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL: / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA: / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO: / AYUNTAMIENTO:

**NARÓN**

PROMOTOR: / PROMOTOR:

**SEPES**

XESTORA: / GESTORA:

**SEPES**

ESTADO: / ESTADO:

**En funcionamento**

SUPERFICIE ÁREA:

**596.403,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

**360.543,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONIBLE:

**0,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

**01/01/1993**



UTM X:

**666.181.80**

UTM Y:

**4.820.889.86**



NOME DA ÁREA: / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.E. RÍO DO POZO - FASE II**

PROVINCIA: / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL: / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA: / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO: / AYUNTAMIENTO:

**NARÓN**

PROMOTOR: / PROMOTOR:

**SEPES**

XESTORA: / GESTORA:

**SEPES**

ESTADO: / ESTADO:

**En funcionamento**

SUPERFICIE ÁREA:

**377.004,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

**286.191,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONIBLE:

**0,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

**01/01/2003**



UTM X:

**564.922.85**

UTM Y:

**4.820.202.00**



NOME DA ÁREA: / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.E. RÍO DO POZO - FASE III**

PROVINCIA: / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL: / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA: / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO: / AYUNTAMIENTO:

**NARÓN**

PROMOTOR: / PROMOTOR:

**SEPES**

XESTORA: / GESTORA:

**SEPES**

ESTADO: / ESTADO:

**En funcionamento**

SUPERFICIE ÁREA:

**513.012,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

**310.558,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONIBLE:

**0,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIÓNAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIÓNAMENTO:



UTM X:

**564.919.47**

UTM Y:

**4.821.600.18**





ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA  
ÁREAS EMPRESARIALES DE GALICIA

Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia  
Plan sectorial de ordenación de áreas empresariales en la comunidad autónoma de Galicia

CÓDIGO DA ÁREA / CÓDIGO DEL ÁREA

**15054014**

NOME DA ÁREA / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.E. RÍO DO POZO - FASE IV**

PROVINCIA / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO / AYUNTAMIENTO:

**NARÓN**

PROMOTOR / PROMOTOR:

**SEPE**

XESTORA / GESTORA:

**SEPE**

ESTADO / ESTADO:

**En funcionamento**

SUPERFICIE ÁREA:

SUPERFICIE ÁREA:

**935.938,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

SUPERFICIE NETA:

**665.346,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONÍBLE:

SUPERFICIE DISPONÍBLE:

**365.682,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIONAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIONAMENTO:



UTM X:

**684.838.48**

UTM Y:

**4.821.604.71**



ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA  
ÁREAS EMPRESARIALES DE GALICIA

Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia  
Plan sectorial de ordenación de áreas empresariales en la comunidad autónoma de Galicia

CÓDIGO DA ÁREA / CÓDIGO DEL ÁREA

**15054021**

NOME DA ÁREA / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.I. AS LAGOAS**

PROVINCIA / PROVINCIA:

**CORUÑA (A)**

ÁREA FUNCIONAL / ÁREA FUNCIONAL:

**FERROL**

COMARCA / COMARCA:

**FERROL**

CONCELLO / AYUNTAMIENTO:

**NARÓN**

PROMOTOR / PROMOTOR:

**Zona de Industrialización Espontánea**

XESTORA / GESTORA:

ESTADO / ESTADO:

**Asentamiento industrial á marxe do planeamento**

SUPERFICIE ÁREA:

SUPERFICIE ÁREA:

**900.000,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE NETA:

SUPERFICIE NETA:

**600.000,00 m<sup>2</sup>**

SUPERFICIE DISPONÍBLE:

SUPERFICIE DISPONÍBLE:

**0,00 m<sup>2</sup>**

DATA DE POSTA EN

FUNCIONAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIONAMENTO:




UTM X:

**686.808.72**

UTM Y:

**4.819.113.87**



NOME DA ÁREA: / NOMBRE DEL ÁREA:

**P.I. A BOEIRA**

PROVINCIA: / PROVINCIA:

CORUÑA (A)

ÁREA FUNCIONAL: / ÁREA FUNCIONAL:

FERROL

COMARCA: / COMARCA:

FERROL

CONCELLO: / AYUNTAMIENTO:

VALDOVIÑO - NARÓN

PROMOTOR: / PROMOTOR:

SEPEs

XESTORA: / GESTORA:

SEPEs

ESTADO: / ESTADO:

En estudo

SUPERFICIE ÁREA:

1.400.000,00 m<sup>2</sup>

SUPERFICIE NETA:

840.000,00 m<sup>2</sup>

SUPERFICIE DISPONIBLE:

840.000,00 m<sup>2</sup>

DATA DE POSTA EN

FUNCIONAMENTO:

FECHA DE PUESTA EN

FUNCIONAMENTO:



UTM X:

507.689,88

UTM Y:

4.822.286,84



O ámbito P.I. A Boeira, proposto polo Plan Sectorial, non foi desenvolvido ata o momento. O concello de Narón non está interesado no seu desenvolvemento debido á súa localización e grande tamaño. O ámbito está situado en terreos arborados sen transformar e afastado do resto de polígonos industriais do concello. O seu acceso potencial sería a través da AC-112, estrada autonómica da rede secundaria non axeitada para o tráfico industrial. Este illamento redonda nun encarecemento dos custos de urbanización asociados, así como nunha dispersión das áreas produtivas non desexada tanto polos seus efectos sobre a mobilidade como polo menor atractivo para as empresas susceptibles de implantación. Con todo, o Plan está vixente, polo que este ámbito clasifícase como solo urbanizable, sen que iso supoña a renuncia ao desenvolvemento doutros ámbitos produtivos máis adecuados ás necesidades de Narón.

No plano de información PINF\_04IOT\_AFEC\_03AEMP. Áreas Empresariais, aparcamentos disuasorios e parques eólicos, represéntanse, a escala 1/10.000, as áreas empresariais do PSOAEG, xunto cos outros proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e o Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e a viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos de A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiagode Compostela, Lugo e Ourense.

### 03.6.5. ACTUACIÓN INDUSTRIAL RÍO DO POZO-SECTOR II

O Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal de la Actuación Industrial Río do Pozo sector II, aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de febreiro de 2000(DOG N°39 25-2-2000).

O proxecto sectorial realizouse para a implantación de dúas grandes industrias como son INDITEX e Madeiras do Noroeste, cuxo carácter loxístico precisaba de parcelas de grandes dimensións, cunhas necesidades singulares dentro do uso industrial en canto á dotación de prazas de aparcadoiro e as diferentes edificacións que se integran dentro a parcela.

No presente Plan Xeral terase en conta as determinacións do proxecto para que a ordenación e a normativa sexan compatibles coa ordenación existente.



Representáanse no plano de información PINF\_04IOT\_AFEC\_03AEMP, xunto coas áreas empresariais do PSOAEG e o Plan sectorial de aparcamentos disuasorios, tal e como se expuxo no apartado anterior.

**03.6.6. PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA. PARQUE EÓLICO DE NOVO**


Na súa Modificación de decembro de 2002, o Plan Sectorial Eólico de Galicia delimita as Áreas de Potencial Eólico distinguindo dúas categorías: áreas de investigación e áreas de reserva.

Nas áreas de investigación, o titular dun Plan Eólico Estratéxico ten dereito a investigar o recurso eólico e, se resulta en contía suficiente para o seu aproveitamento, á construción das instalacións. Nas áreas de reserva, a instalación de parques eólicos determinarase por competencia de proxectos. O Plan Eólico establece tamén que o planeamento urbanístico dos concellos afectados queda vinculado ás determinacións contidas nos proxectos sectoriais.



A Modificación contempla dúas áreas de investigación que afectan ao TM de Narón:

- Área de investigación Monte Ventoso, entre Ferrol e Narón.
- Área de investigación de Novo, entre Ferrol e Valdoviño.

En Narón atópase un único proxecto sectorial deste tipo: o parque eólico “Parque Novo”, que afecta tamén ao concello veciño de Valdoviño que se rexe pola *“Resolución do 10 de xullo de 2001 pola que se declara a utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico denominado Novo e a compatibilidade do parque eólico denominado Novo coa concesión de explotación María Elena Leste, fracción primeira.”*



Áreas de desenvolvemento eólico / Áreas de desenvolvemento eólico

-  ADE Tipo I / ADE Tipo I
-  ADE Tipo II (Acotadas) / ADE Tipo II (Acotadas)

ADE TIPO I: Áreas que están definidas polas coordenadas que se inclúen no Plan Sectorial Eólico de Galicia  
 ADE Tipo I: Áreas que están definidas por las coordenadas que se inclúen en el Plan Sectorial Eólico de Galicia  
 ADE TIPO II: Áreas que se reducen con respecto ás que orixinalmente estaban incluídas no Plan Sectorial Eólico  
 ADE Tipo II: Áreas que se reducen con respecto a las que orixinalmente estaban incluídas en el Plan Sectorial Eólico


**PARQUE EÓLICO DE NOVO**

COORDENADAS POLIGONAIS			
VÉRTICE	X	Y	CONCELLOS
1	569.500,00	4.828.000,00	NARÓN
2	571.121,68	4.828.540,56	NARÓN
3	572.320,46	4.823.345,85	VALDOVIÑO
4	570.673,75	4.822.522,50	VALDOVIÑO

O parque conta con 25 xeradores cunha potencia unitaria de 750 kW, dos que seis se sitúan no concello de Narón, na zona de Lagoela.



Segundo a memoria do proxecto sectorial, teñen a consideración de solo rústico de parques eólicos “a zona delimitada nos planos destinada ás instalacións do parque eólico propiamente devandito, dentro da poligonal que define a área que se considera necesaria para a utilización racional do recurso natural do vento”, en gris escuro na seguinte imaxe.



A delimitación do ámbito de incidencia enerxética deste parque eólico pódese consultar na serie de planos de información a escala 1/10.000; concretamente no plano PINF\_04IOT\_AFEC\_03AEMP, nel represéntase a ubicación dos aeroxeradores existentes na actualidade.

Estase a tramitar o Proxecto de renovación tecnolóxica do Parque Eólico Novo consistente no desmantelamento do parque existente (de 25 aeroxeradores) e a súa substitución por outro parque de igual potencia (18,75MW) composto por 6 aeroxeradores dos que ningún se prevé xa no termo municipal de Narón.

Este proxecto conta con Declaración de Impacto Ambiental (clave 2020/0254) favorable asinada o 07/03/2023 e publicada no Diario Oficial de Galicia publicada no Diario Oficial de Galicia nº 56 de 21 de marzo de 2023.

### **03.6.7. PLAN DE MOBILIDADE E ORDENACIÓN VIARIA ESTRATÉXICA. (PLAN MOVE)**

Co obxectivo de mellorar o transporte e accesibilidade na Comunidade Autónoma Galega a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas elaborou el Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (Plan MOVE 2010-2015).

O Plan MOVE definía dúas actuacións que afectaban a Narón:

- Conexión da AP-9 (Enlace de Neda) coa AG-64 (Enlace de San Sadurniño).
- Conexión da AC-113 (actual AC-566) coa AC-642 (actual AC-862).

A Modificación do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Areas, Mugardos e Cabanas suprimiu a primeira actuación e recolleu a segunda nos termos descritos no seguinte apartado.

### **03.6.8. PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE FERROL, FENE, NEDA, NARÓN, ARES, MUGARDOS E CABANAS E A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN**

O Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Areas, Mugardos e Cabanas data do 2002. O 15 de xuño de 2015 publicouse no DOG o acordo de aprobación definitiva do antedito Plan Sectorial. O 13 de outubro de 2015 publicouse no DOG unha revisión e emenda de erros gráficos detectados na modificación.

Analízanse a continuación a Modificación do Plan Sectorial na súa versión final de outubro de 2015. A información contida neste apartado reflíctese a escala 1/10.000 no plano

PINF\_04IOT\_AFEC\_04PSRV, xunto coa redexeral de comunicacións viarias e ferroviarias existentes, as súas zonas de protección/afección a as liñas límite de edificación.

A continuación reproducense as determinacións do Plan Sectorial que teñen especial incidencia na redacción do PXOM.

*Artigo 5. Reservas viarias*

1. *Defínense inicialmente como reservas viarias do Plan Sectorial as áreas identificadas como tales nos planos correspondentes.*
2. *Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha reserva viaria se teña desenvolvido a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente, a reserva viaria prevista para ela no Plan Sectorial será substituída pola banda de flutuación do antedito estudo informativo, agás que este fose tramitado como un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e na súa normativa se estableza unha regulación diferente.*
  - *En defecto de definición da banda de flutuación no estudo informativo, esta estenderase 100 m a cada lado do eixe da infraestrutura, e 200 m en torno ao punto quilométrico de referencia dos enlaces previstos.*
3. *Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha reserva viaria se teña desenvolvido a nivel de anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente deixará de considerarse a reserva viaria prevista para ela no Plan Sectorial, establecéndose a partir dese intre a zona de dominio público da estrada proxectada e as súas zonas de protección correspondentes, segundo o previsto na lexislación sectorial autonómica en materia de estradas.*

-

*Artigo 6. Zonas de non edificación*

1. *Defínense inicialmente como zonas de non edificación do Plan Sectorial as áreas comprendidas entre as liñas de non edificación identificadas como tales nos planos de reservas viarias.*
2. *Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha zona de non edificación se teña desenvolvido a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente, a zona de non edificación prevista para ela no Plan Sectorial será substituída pola zona reservada da edificación do antedito estudo informativo, agás que este fose tramitado como un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e na súa normativa se estableza unha regulación diferente.*
  - *En defecto de definición da zona reservada da edificación no estudo informativo, esta estenderase:*

- a) 75 m a cada lado do eixe, no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
  - b) 35 m a cada lado do eixe da infraestrutura no caso de estradas convencionais.
  - c) 100 m en torno ao punto quilométrico de referencia dos enlaces previstos.
  - d) 50 m en torno ao punto quilométrico de referencia das interseccións a nivel previstas.
3. Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha zona de non edificación se teña desenvolvido a nivel de anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente, deixará de considerarse a zona de non edificación prevista para ela no Plan Sectorial, establecéndose a partir dese intre a liña límite de edificación da estrada proxectada, segundo o previsto na lexislación sectorial autonómica en materia de estradas.

#### *Artigo 8. Obriga de modificación*

*As determinacións contidas nesta normativa vincularán ao planeamento das entidades locais, que haberán de adaptarse a elas no prazo de tres anos desde a data da súa aprobación e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do planeamento urbanístico.*

-

#### *Artigo 9. Informes da Axencia Galega de Infraestruturas*

*Os informes da Axencia Galega de Infraestruturas ós que se fai referencia neste Capítulo deberán emitirse no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte a que a solicitude teña entrado no rexistro da Axencia Galega de Infraestruturas.*

*O transcurso do dito prazo sen que se teña practicado a notificación da resolución permitirá á persoa interesada entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.*

#### *Artigo 10. Clasificación dos terreos afectados polas reservas viarias*

*Os terreos afectados polas reservas viarias do Plan Sectorial clasificaranse, coas excepcións previstas nesta Sección, como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.*

*Nese sentido, as determinacións con respecto ás distintas clases do solo contidas nesta Sección refírense única e exclusivamente aos terreos afectados polas reservas viarias do Plan Sectorial.*

#### *Artigo 11. Solos urbanos*

1. Os solos clasificados como urbanos con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial poderán manter a súa clasificación.
2. Non se permitirá a clasificación como solos urbanos dos terreos incluídos nas reservas viarias do Plan Sectorial que non estivesen clasificados como tales con anterioridade á aprobación daquel, tendo en conta as prescricións do artigo 5.2 para o caso de actuacións desenvolvidas a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente e do artigo 5.3 para o das desenvolvidas a nivel de anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente.

#### Artigo 12. Solos urbanizables

1. Os solos clasificados como urbanizables con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial que contén cun plan parcial aprobado, ou instrumento de desenvolvemento equivalente, poderán manter a súa clasificación.
2. Nos solos clasificados como urbanizables con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial que non contén cun plan parcial aprobado, ou instrumento de desenvolvemento equivalente, deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.
3. Nos solos que se pretenda clasificar como urbanizables, cando non estivesen clasificados dese xeito con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial, deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.
4. No informe ao que se fai referencia nos apartados anteriores, a Axencia Galega de infraestruturas poderá declarar:
  - a) Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é totalmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderá clasificarse como tal.
  - b) Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcialmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderán integrarse nun sector de solo urbanizable, pero destinándoos, total ou parcialmente, a sistema xeral viario.

- Nesta caso, no instrumento de planeamento preverase a obtención deses terreos por parte da administración titular da estrada mediante cesión

*obligatoria ou ocupación directa, nos termos previstos na lexislación autonómica en materia de ordenación urbanística.*

*- Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é totalmente incompatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.*

#### *Artigo 13. Solos de núcleo rural*

- 1. Os solos clasificados como de núcleo rural tradicional con anterioridade á aprobación do plan sectorial poderán manter a súa clasificación.*
- 2. Nos solos clasificados como núcleo rural común ou complexo con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.*
- 3. No informe a que se fai referencia no número anterior, a Axencia Galega de Infraestruturas poderá declarar:*
  - a) Que a clasificación dese solo como núcleo rural común ou complexo, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcial ou totalmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderá clasificarse como tal.*
  - b) Que a clasificación dese solo como núcleo rural común ou complexo, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcial ou totalmente incompatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.*
- 4. Non se permitirá a clasificación como solos de núcleo rural dos terreos incluídos nas reservas viarias do Plan Sectorial que non estivesen clasificados como tales con anterioridade á aprobación daquel, tendo en conta as prescricións do artigo 4.2 para o caso de actuacións desenvolvidas a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente e do artigo 4.3 para o das desenvolvidas a nivel de anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente.*

#### *Artigo 14. Solos rústicos*

1. Os solos clasificados como rústicos de protección ordinaria con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial deberán clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas.
2. Os solos clasificados como rústicos de especial protección con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial poderán manter a súa clasificación, superpoñéndoa á de solo rústico de protección de infraestruturas.


As zonas dentro do termo municipal afectadas polo Plan Sectorial son as seguintes:

**NOVAS INFRAESTRUTURAS.**

• **Conexión AC-116 (C-646) (Costa Norte) por Río do Pozo**

Este viario comunica a estrada da costa, AC-116, coa Autovía Ferrol - Vilalba a través do Polígono Río do Pozo. Esta acción ten como obxectivo resolver os problemas de tráfico e mobilidade existentes a través dunha vía alternativa que permita a distribución do tráfico de acceso radial á cidade e solucione o tráfico periurbano.

A solución proposta, con sección de estrada convencional, consiste en continuar o viario (parcialmente executado a día de hoxe) de saída do polígono de Río do Pozo-Sector IV, no seu vértice noroeste ata a conexión coa AC-116, eliminando os xiros á esquerda. Esta solución complementábase coa construción dunha rotonda no Cruzamento de A Concha entre a AC-116 e a DP-5408, e o acondicionamento desta estrada ata o lugar de Quinta, onde se prolongará un viario ata a súa conexión co viario previsto no “Plan de sectorización do Ámbito I”.



- **Conexión AC-566 (AC-113) con AC-862 (C-642) en Narón**

A través deste viario comunícanse dúas importantes zonas industriais de Narón: As Lagoas e O Ponto (Xuvia). A súa misión é captar parte do actual tráfico que circula pola Estrada de Castela, desconxestionando esta travesía, e permitir o desenvolvemento urbanístico da zona. Ten unha lonxitude de 1.900 m, sección 7-12, cun radio mínimo de 375 m e unha pendente máxima do 2,5%. Esta actuación xa se atopa executada parcialmente cun largo viario de 12 m, e dispón de calzada e beirarrúas. Se valora como actuación pendente 1.700 m que restan por desenvolver.

Inicialmente, prevíase a conexión deste eixo coa estrada AC-862 a través da rúa Río Baxoi, co fin de minimizar impactos e aproveitar o existente (paso inferior baixo a liña de ferrocarril), modifícase a conexión pola rúa Camiño Revolta.



A aprobación do proxecto para a execución desta conexión foi publicada no DOG de data 27/09/2023.

- **Conexión FE-13 - AC-566**



Esta actuación prevé a conexión da FE-13 coa AC-566 por medio dunha estrada convencional que conecta a vía xa executada mediante o desenvolvemento do plan parcial do Boial e o plan de sectorización do Vinculeiro no Concello de Ferrol, e prolóngase a través da rúa Bimbieiro, no concello de Narón.

Esta actuación atópase incluída no PXOM de Ferrol, e posto que é unha actuación xa parcialmente executada polos plans de desenvolvemento do ámbito, a proposta é levada a cabo pola Deputación e/ou concellos, posto que atravesa o solo dos Concellos de Ferrol e de Narón.

### **MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EXISTENTES**

- **Remodelación enlace AG-64 con AC-566**

Propónse a remodelación do enlace existente da autovía AG-64 coa estrada AC-566 (Enlace de Castro) para permitir así todos os movementos e crear un itinerario alternativo ao tramo Narón-Castro da AC-566 a través do ramal da autoestrada (FE-12) e a AG-64, paralelo ao xerado pola estrada actual, completando para iso o enlace de Castro.

Esta actuación xa se atopa contemplada no proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia: "Acondicionamento da estrada AC-566. Tramo: Narón – Valdoviño".

Longitud: 0,50 km	Presupuesto: 3.000.000,00 €
Organismo: Xunta de Galicia	Red: Altas Prestaciones
	

Esta actuación englobase xunto coa Conexión AC-112 co AC-566, acadando conxuntamente un orzamento de 8.000.000€.

A continuación móstrase un cadro resumo das accións da Modificación do Plan sectorial que afectan ao concello de Narón.

ACCIÓN	Conexión AC-116 por Río do Pozo	Conexión AC-566 con AC-862	Conexión FE-13 con AC-566 (*)	Remod. enlace AG-64 con AC-566
LONXITUDE	0,77 Km	1,70 Km	0,72 Km	0,50 Km
SECCIÓN	Estr. Convencional	Estr. Convencional	Estr. Convencional	Enlace
ESTADO	Sen iniciar	Sen iniciar	Sen iniciar	Proxecto
REDE	Complementaria	Estruturante	Complementaria	Altas prestacións
INVESTIM.	1.884.050 €	6.2960.00 €	1.764.000 €	3.000.000 €
ORGAN.	Xunta	Xunta	Deput. e Concellos	Xunta

(\*) Esta acción afecta parcialmente ao concello de Narón

### 03.6.9. 1ª REVISIÓN PLAN FORESTAL DE GALICIA CARA Á NEUTRALIDADE CARBÓNICA 2021-2040

Este documento non se contempla de maneira específica no PXOM dado que as súas determinacións non teñen contido urbanístico se non que son propias da xestión do monte forestal.

### **03.6.10. RESTO DE PLANS SECTORIAIS DE INCIDENCIA NO TERMO MUNICIPAL**

#### *03.6.10.1. PLAN HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA - COSTA*

O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa vixente (2021-2027), aprobado polo Consello de Ministros por RD 48/2023, de 24 de xaneiro, foi elaborado por Augas de Galicia para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga. (Directiva 2000/60/CE)

A partir do Plan Hidrolóxico do ciclo anterior (2015-2021), revisáronse e actualizáronse os contidos de acordo ao establecido na normativa de aplicación vixente e seguindo as indicacións proporcionadas pola Comisión europea aos organismos de bacía dos estados membros.

Os obxectivos xerais deste plan hidrolóxico son a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial. Estes obxectivos acadaranse protexendo a calidade do recurso, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos, en función da capacidade de asimilación dos sistemas acuáticos.

O plan guíase por criterios de sustentabilidade no uso da auga mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, a prevención da deterioración do estado das augas, a protección e mellora do medio e os ecosistemas acuáticos e a redución da contaminación. Así mesmo, esta planificación contribuirá a paliar os efectos das inundacións e secas.

Nas zonas inundables e nas zonas de fluxo preferente, os instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico establecerán usos e infraestruturas compatibles coas súas condicións.

O Plan Hidrolóxico non establece medidas que afecten ao TM de Narón no apéndice 12.2. Listado de medidas do programa 2022-2027.

As obras previstas no anterior Plan hidrolóxico consistentes no interceptor xeral da marxe dereita da marxe e Ferrol e interceptor xeral do tramo Cadaval- Neda, foron executados e postos en uso na actualidade.

Segundo o artigo 140 del RLSG, na serie de planos de información hai dous planos nos que se poden consultar, a escala 1/10.000, a información referente ás zonas inundables (04IOT\_AFEC\_08INU) e a rede de canles fluviais (04IOT\_AFEC\_07AC). En ambos casos

utilízase a información dispoñible no Sistema de Cartografía de zonas inundables (Infraestrutura de Datos Espaciais do Ministerio para a Transición Ecolóxica) e a Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) de Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

#### *03.6.10.2. PLAN SECTORIAL DE APARCADOIROS DISUASORIOS*

O carácter supramunicipal do *Plan Sectorial de Aparcadoiros Disuasorios no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* baséase nas singularidades do seu ámbito de actuación, no seu obxectivo, na súa magnitude, incidencia territorial e características especiais, cumprindo todos os aspectos requiridos pola lexislación que regula este carácter.

O estudo comprende os ámbitos metropolitanos das 7 cidades galegas: A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

O documento destaca que, atendendo á mobilidade e utilizando como fonte básica de información as enquisas de transporte realizadas pola Xunta de Galicia, a principal relación é a producida entre Ferrol e Narón, con case 40.000 desprazamentos diarios.

O Plan Sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida para a área metropolitana de Ferrol establece no concello de Narón dúas zonas de aparcadoiro disuasorio para fomentar o uso do ferrocarril ou do autobús como medio de transporte alternativo ao coche. Estes ámbitos teranse en conta na calificación do solo urbano proposto. Como xa se comentou en apartados anteriores, a información correspondente ao Plan Sectorial de aparcadoiros disuasorios represéntase no plano de información PINF\_04IOT\_AFEC\_03AEMP.

Apeadero FEVE Santa Cecilia					
Oferta Transporte Público		Demanda Potencial		Oportunidad Urbanística	
Expediciones/día	45-60	Desplazamientos/ día corredor	45.722	Clasificación	Urbano
				Categoría	Consolidado
Distancia parada (m)	275	Congestión vía de acceso	No	Calificación	Equipamiento público
Existencia plataforma reservada	Sí			Superficie (m <sup>2</sup> )	1250
Correspondencia líneas	L 1B (Residencia Puerto)	Distancia al acceso (km)	0,2	Estado	Acondicionado
					Con accesos
Información urbanística adicional					
Planeamiento de desarrollo	-	NO	Propietario	Administración	Referencia catastral
Tipo planeamiento desarrollo	-		Público	Ayuntamiento de Narón	4867002NA6 146N000 1XP
Fecha aprobación inicial	-		Num. aproximado parcelas afectadas		1
Fecha aprobación definitiva	-		Fuente información:		
Uso definido del suelo en planeamiento de desarrollo	-	Aparcamiento	www.ferrol.es/pxom/; www.planeamentourbanistico.xunta.es; www.catastro.meh.es		
Capacidad potencial:	50				
					
Observaciones			Aproximación costes de inversión		
Área geográfica que cubre del área metropolitana: N			Señalización		6.000
¿Uso actual como aparcamiento disuasorio espontáneo?: No			Sistemas de explotación		30.000
¿Se trata de infraestructura existente?: Sí			Obra civil e instalaciones		
Otras sinergias/ventajas: Uso como microaparcamiento disuasorio en origen, combinado con tren. En la actualidad la línea Ferrol-Narón tiene tráfico de pasajeros de interés			Equipamientos y medidas de integración ambiental		45.356
			TOTAL		81.356

Esta actuación xa foi executada:



Estación FEVE Narón					
<b>Oferta Transporte Público</b>		<b>Demanda Potencial</b>		<b>Oportunidad Urbanística</b>	
Expediciones/día	45-60	Desplazamientos/ día corredor	66.526	Clasificación	Suelo Urbano PROM Narón 04/2002
Distancia parada (m)	0	Congestión Va de acceso	No	Categoría	Consolidado PROM Narón 04/2002
Existencia plataforma reservada	No	Distancia al acceso (km)	0	Calificación	Sistema viario PROM Narón 04/2002
Correspondencia líneas	L 1-2 (Neda - Puerto)			Superficie (m2)	3000
				Estado	No acondicionado
					Con accesos
Información urbanística adicional					
Planamiento de desarrollo	-	NO	Propietario	Administración	Referencia catastral
Tipo planamiento desarrollo	-		Privado		788662946178N0001P
Fecha aprobación inicial	-			Num. aproximado parcelas afectadas	1
Fecha aprobación definitiva	-			Fuente información:	
Uso definido del suelo en planamiento de desarrollo	-			www.concellodenaron.com/web/04/2002/ajuntamiento/prom/; www.planamentourbanistico.xunta.es; www.catastro.meh.es	
Capacidad potencial:	150				
					
Observaciones		Aproximación costes de inversión			
Área geográfica que cubre el área metropolitana E (¿Usa actual como asentamiento disperso espontáneo? No) (¿Se trata de infraestructura existente? Si) (¿Se trata de un asentamiento disperso en esta ubicación, a pesar de ser suelo privado. En la actualidad la línea ferroviaria tiene tráfico de pasajeros de viajeros. La ubicación de las explotaciones de los propietarios se hallará de acuerdo con el Texto Refundido de la Ley del Suelo, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 20 de junio. Real Decreto Legislativo 2/2000, de 20 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Suelo.		Señalización			6.000
		Sistemas de explotación			30.000
		Obras civiles e instalaciones			150.000
		Equipamientos y medidas de integración ambiental			54.365
		<b>TOTAL</b>			<b>240.365</b>

Pendente de executar.

### 03.6.10.3.MAPAS ESTRATÉXICOS DE RUÍDO

A Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do consello sobre avaliación e xestión do ruído ambiental estableceu a seguinte definición de mapa estratéxico de ruído: “*Mapa deseñado para poder avaliar globalmente a exposición ao ruído nunha zona determinada, debido á existencia de distintas fontes de ruído, ou para poder realizar predicións globais para dita zona*”. De acordo con esta definición, un mapa estratéxico de ruído é, polo tanto, un instrumento deseñado para avaliar a exposición ao ruído, é dicir, é diferente ao que se ten denominado como mapa de ruído ou mapa de niveis sonoros.

Polo tanto os mapas estratéxicos de ruído conteñen información sobre niveis sonoros e sobre a poboación exposta a determinados intervalo de eses niveis de ruído, ademais de outros datos esixidos pola Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do ruído.

Estes mapas poden ser de catro tipos segundo a fonte de orixe: Aglomeración ( máis de 100.000habitantes), gran eixo viario (tráfico superior a 3.000.000 vehículo ao ano), gran eixo ferroviario (tráfico superior a 300.000 trens ao ano) e Gran Aeroporto (máis de 50.000movementos por ano).Segundo a súa orixe é competencia dunha ou outras administracións a elaboración dos mapas estratéxicos de ruído.


No termo municipal de Narón no se atopan aglomeracións nin grandes aeroportos, así como non existen Mapas estratéxicos de ruído da rede ferroviaria.

Respecto dos grandes eixos viario os mapas correspondentes á rede de estradas do Estado correspóndelle ao Ministerio de Fomento e a rede autonómica á Xunta de Galicia, deste xeito, o Ministerio ten desenvolvido en tres fases de aplicación da directiva, nos anos 2007, 2012, 2017 e estase a elaborar a cuarta fase 2021.

Por outra banda a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia aprobou este ano 2023 o Plan de Acción contra a contaminación acústica da Rede autonómica de estradas así como as zonas de servidume acústica e os niveis sonoros dos grandes eixos da rede autonómica de estradas de Galicia.


Segundo a información dispoñible no Sistema de información sobre contaminación acústica (SICA) do Ministerio de para a transición ecolóxica e o reto demográfico, na primeira fase elaboráronse os mapas estratéxicos de ruído da AP9F, da AC-566 e o tramo Narón- Ferrol da AC-862.

## Consulta gráfica de mapas de ruido 1ª Fase (2007)




Na segunda fase elaboráronse os mapas estratéxicos de ruído das estradas FE-11, FE-12 e FE-13.

## Consulta gráfica de mapas de ruido 2ª Fase (2012)



Na fase 3ª elaboráronse os mapas estratéxicos de ruído da estrada AC-862 de ponte Xuvia a Ferrol e da AG-64 ata o polígono de Río do Pozo.

## Consulta gráfica de mapas de ruído 3ª Fase (2017)



As zonas de servidume acústica dos grandes eixos viarios da rede autonómica aprobado por resolución de 15 de maio de 2023 incorporan os seguinte tramos que afectan ao termo municipal de Narón:


- AG-64 enlace PI Río do Pozo- Enlace Ortigueira (AC-862)
- AC-862 Ferrol (límite concello)- Xuvia (AC-115)

A información está no plano (PINF\_04IOT\_AFEC\_05MER).


Incorpóranse a continuación as imaxes dos mapas de niveis sonoros dispoñibles no visor SICA das estradas que discorren polo termo municipal de Narón.

**PRIMEIRA FASE:**

- **AP-9-2, Cecebre- Ferrol.**



- **AC-566, entre Narón (AC-862, PK00,00) ata enlace AG-84 (PK 4,670)**




- **AC-862, Ferrol- Narón (PK 0,00 a PK 3,41)**


Este tramo foi reelaborado na terceira fase.

**SEGUNDA FASE:**

● **FE-11**



● **FE-12**






• FE-13









**TERCEIRA FASE:**

• **AC-862**



• **AG-64**





#### *03.6.10.4. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014-2020*

Foi adoptado oficialmente pola Comisión Europea o 18 de novembro de 2015, e nel preséntanse as prioridades de Galicia no que respecta á utilización dos fondos públicos dispoñibles para o setenario 2014-2020. Os seus obxectivos son os seguintes:

- Fomentar a transferencia de coñecemento e innovación na agricultura, silvicultura e as zonas rurais.
- Mellorar a competitividade da agricultura e promover a silvicultura sustentable.
- Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e a comercialización dos produtos agrícolas, o benestar animal e a xestión de riscos no sector agrícola.
- Restaurar, conservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura.
- Eficiencia dos recursos e clima, centrado no investimento en enerxía renovables e aforro enerxético.
- Inclusión social e desenvolvemento local nas zonas rurais.

Narón queda incluído como zona intermedia, non presentando medidas específicas para este concello, aínda que é necesaria a compatibilidade coas liñas do PDR para garantir o acceso ás vías de financiamento propostas.

#### *03.6.10.5 PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL (PDAL)*

Con respecto á planificación actual da acuicultura, o Consello da Xunta de Galicia do 26 de maio de 2011 declarou a acuicultura como de interese público de primeiro orde e, posteriormente, o 18 de outubro de 2012 aprobou a Estratexia Galega da Acuicultura (ESGA) de cara a impulsar e promover o desenvolvemento da acuicultura en Galicia.

No marco da ESGA estase elaborando, entre outros, o Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia (PDAL). O ámbito deste plan é o mesmo que o do Plan de Ordenación do Litoral (POL), isto é o territorio de todos os municipios costeiros relacionados no anexo da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, cos matices que se establecen no artigo 3º da normativa do POL. O plan atópase en fase de tramitación (aprobado inicialmente).

Mentres non se aprobe definitivamente, a Orde do 15 de marzo de 2012, conxunta das Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona

terrestre establece o réxime aplicable para os establecementos en virtude da normativa vixente.

A elaboración do Plan Director da Acuicultura Litoral de Galicia está prevista nas Directrices de Ordenación do Territorio de 2011 como plan sectorial de incidencia supramunicipal.

Este plan debe respectar as determinacións do POL en canto á admisibilidade ou non destas instalacións en función das zonas en que pretendan localizarse, aínda que podería introducir, xustificadamente, algunha modificación, xa que ten o mesmo rango normativo. En calquera caso, cando se trate de espazos naturais protexidos, debe respectar o réxime de usos establecido na normativa específica de conservación do espazo e, na súa falta, o establecido no propio POL.

Ten por obxecto:

a) Definir as directrices para a instalación de novos establecementos de cultivos mariños na parte litoral da zona terrestre, así como para a ampliación dos establecementos xa existentes.

b) Analizar as repercusións socioeconómicas, ambientais e paisaxísticas das posibles localizacións das plantas de acuicultura con criterios de sustentabilidade e en coherencia cos instrumentos de planificación territorial, Directrices de Ordenación do Territorio (en diante DOT) e Plan de Ordenación do Litoral (en diante POL) aprobados.


**03.7 PROXECTOS PREVISTOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN**

**03.7.1 PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS**

No termo municipal de Narón na actualidade están previstos ademais dos plans sectoriais recollidos no apartado precedente varias obras sobre a rede de comunicación viaria:

ESTRADADP-5401. NARÓN- POLÍGONO RÍO DO POZO

Mediante Decreto 172/2020 apróbase o cambio de titularidade, a prol do concello de Narón de dous treitos da estrada provincial DP-5401.



Neste tramo prevese a execución dunha senda peonil

Por outra banda no tramo que parte da estrada AC-862 en Xuvia ata o tramo anterior prevese a execución de obras de ampliación coa rectificación de varias curvas, en especial no ámbito do solo urbanizable R-1.

O PXOM deberá recoller este trazado previsto tanto no sistema xeral viario como nas aliñacións previstas.


### ESTRADA DP-5407. ESTRADA DO FEAL

Tamén existe un proxecto de ampliación e mellora da estrada DP-5407, estrada do Feal, no presente PXOM recóllese o trazado previsto.




### ESTRADA DP-5404. ESTRADA DO TRECE

A Deputación de A Coruña ten redactado tamén o proxecto de Ampliación e mellora de trazado na DP-5404 de Xuvia á Praia da Frouxeira, existindo un proxecto adaptado do ano 2014 no que se incorpora a execución de rede de saneamento.



**ESTRADA AC-566. NARÓN- VALDOVIÑO**


En setembro de 2011 fíxose público o anuncio do proxecto de trazado da obra acondicionamento e mellora da estrada AC-566, treito: Narón- Valdoviño, que afecta a ambos concellos.



**VAC DA COSTA NORTE. TRAMO: AG-64 (SAN SADURNIÑO)- SANGUIÑEIRA**

O proxecto redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas da vía de Alta capacidade da Costa Norte afecta ao termo municipal de Narón no enlace coa estrada AG-64 ao inicio do seu trazado no lugar de Casanova.

O presente PXOM ten en conta os terreos necesarios para esta nova actuación.



### **03.7.2 PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS**

Dúas liñas férreas atravesan o solo urbano de Narón. Está prevista a execución dun paso subterráneo no Alto do Castiñeiro conectando as rúas Clara Corral e rúa Grove.

Os terreos para a execución deste paso está incluídos no ámbito de solo urbano non consolidado no barrio de Alto do Castiñeiro AC17 polo qque está prevista a consecución dos terreos , imputándose a realización da obra do paso á ADIF.


### **03.7.3 PROXECTOS NAS REDES DE SERVIZOS**

No apartado 03.12.4 no que se describen as redes de abastecemento e saneamento existentes no termo municipal de Narón recóllense os programas de investimento municipal nestas dúas redes.

### 03.8 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS DE INTERESE CULTURAL E NATURAL

#### 03.8.1 VALORES NATURAIS E PAISAXÍSTICOS

O catálogo das paisaxes de Galicia divide o concello de Narón en dúas unidades paisaxísticas. A maior parte de Narón está enmarcada na unidade 10-GAP-GOLFO ÁRTABRO (dividida en dúas sub-unidades: “litoral” e “interior”, estando o concello de Narón afectado por ambas partes), mentres que a zona costeira atlántica do municipio atópase dentro da unidade paisaxística 11-GAP-GALICIA SETENTRIONAL (divídese en tres sub-unidades, pero a maior parte correspóndese coas “rias altas litorais”, mentres que as “rias altas interior” afectan minimamente a Narón e a terceira sub-unidade, “serras a fosas setentrionais”, non ten presenza).



*Grandes Áreas Paisaxísticas. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia*

Dentro da os valores naturais con recoñecemento legal no municipio de Narón podemos atopar:


- Zona Especial de Conservación (ZEC) da Rede Natura 2000:
  - Costa Ártabra (ES1110002)
  - Xuvia-Castro (ES1110013)

- Debido á presenza de especies de avifauna de interese, foron designados como Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), tamén incluídas na Rede Natura 2000, ou espazo Costa de Ferrolterra-Valdoviño (ES0000258)

Os espazos da Rede Natura 2000 designados como Espazos Naturais Protexidos ao amparo da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza, baixo a categoría de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN). Os ZEPVN que afectan o concello son os seguintes:

- ZEPVN Costa Ártabra
- ZEPVN Xuvia-Castro
- ZEPVN Costa de Ferrolterra-Valdoviño

Segundo a Disposición transitoria segunda da Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (que derroga a Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza), as zonas de especial protección dos valores naturais declaradas á entrada en vigor desta lei e que sexan lugar de importancia comunitaria (LIC), zona especial de conservación (ZEC) ou zona de especial protección para as aves (ZEPA) terán a consideración de **espazos protexidos Rede Natura 2000** competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.



*ZEC e ZEPA en Narón: Elaboración propia a partir de Información Xeografía de Galicia (<http://mapas.xunta.gal/visores/basico/>).*

Ademais, existe no municipio unha área de especial interese paisaxístico dentro do concello de Narón, denominado polo Catálogo de Paisaxes como é ou AEIP\_10\_01 MONTES DE LAGOA, na parroquia de O Val.



*Área de Especial Interese Paisaxístico Montes da Lagoa*

*Fonte: Visor Catálogo das paisaxes de Galicia*

Respecto aos hábitats de interese comunitario, é necesario sinalar que o concello de Narón presenta un medio altamente antropizado, no cal elimináronse grande parte das áreas de maior valor ambiental do territorio. Desta maneira, as zonas que aínda manteñen valores ambientais relevantes xa se atopan actualmente incluídas nalgunha das figuras de protección legalmente establecidas. Fóra destas áreas protexidas, presentan especial singularidade ambiental os ecosistemas litorais e os leitos fluviais e os seus bosques de ribeira asociados, non só polo

valor intrínseco destes ecosistemas senón tamén polo seu papel como corredores ecolóxicos (litorais e fluviais, respectivamente).

A cartografía dispoñible dos hábitats de interese comunitario (anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade) presenta importantes imprecisións debido á súa escala de traballo, que fai que non resulte adecuada a súa consideración na delimitación dos tipos de solos do PXOM, que requiren unha definición a escala moito máis detallada.

Algúns dos principais tipos de hábitats de interese comunitario identificados no Concello de Narón son comunidades vexetais dinámicas (especialmente as formacións herbáceas e de matogueira), cuxa ocupación superficial pode presentar variacións importantes ao longo do tempo en función do manexo do territorio. Por tanto, a situación concreta na que se atopen estes hábitats naturais nun momento determinado pode variar en pouco tempo pola mera evolución natural da vexetación ou por unha intensificación dos usos do territorio. Aténdonos ao anterior, non parece oportuno basearse na cartografía dispoñible de hábitats de interese comunitario para a clasificación e cualificación dos solos do Concello. Ademais, os hábitats presentes na zona litoral xa se atopan incluídos nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección de espazos naturais e de costas e os bosques de ribeira no solos rústicos de especial protección dasaugas.

Non obstante, considerase axeitado ter en conta unha masa de bosque aluvial ou de ribeira situada entre o río Grande de Xuvia e a localidade de Castro da Ermida, que no seu momento incluíuse na Proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia de decembro 2011. No bosque de ribeira o municipio de Narón vén caracterizado por unha masa de ameneiros pertencente á comunidade vexetal *Valerianopyrenaicae - Alnetumglutinosae* Amigo, Guitián&F.Prieto 1987 e a súa primeira etapa de degradación: unha saucedada de la *Salicionalbae* (Soó 1939) Moor 1958. A primeira destas formacións forestais caracterízase pola presenza, entre outras, das seguintes especies arbóreas: *Alnusglutinosa*, *Fraxinusexcelsior*, *Salixatrocinerea*, etc.; mentres que no estrato herbáceo son comúns *Carexacutasp.* *reuteriana*, *Osmundaregalis*, *Valeriana pyrenaica*, *Seneciobayonensis*, *Carexpendula*, *Athyriumfilix-femina*, etc. A saucedada resultante da degradación da aliseda anteriormente indicada é unha formación arbustiva alta dominada por *Salix alba*, *S. fragilis*, *S. atrocinerea*, *Alnus glutinosa*, entre outras.

A proposta de ampliación da Rede Natura 2000 á que nos referíamos supra non chegou a aprobarse. Non obstante, entendemos que esta masa de bosque aluvial presenta suficiente

interese para constituír unha área complementaria de conservación, sen prexuízo das consideracións ao respecto do organismo sectorial e do seu perceptivo informe vinculante.

Establecido o interese da conservación do bosque, cabe mencionar que a delimitación integrada na proposta citada incluía terreos sen presenza de ningunha das dúas comunidades forestais que caracterizan os bosques aluviais no concello de Narón (ameneiros e salgueiros). Por iso, definimos un novo ámbito do bosque de Castro Ermida no que nos axustamos ás áreas con presenza destas comunidades. As zonas excluídas son zonas de pasteiro, plantacións forestais exóticas, hortas e áreas xa urbanizadas; todos eles espazos que non se corresponden coas formacións características de alisedas e saucedas de ribeira (*Valeriano pyrenaicae*–*Alnetum glutinosae* e *Salicionalbae*).

De igual modo, propónse a consideración de áreas complementarias de conservación para os humidais incluídos no Inventario de Humidais de Galicia, que tamén contan con representación do hábitat prioritario 91E0\*. Este inventario identifica os humidais mediante un punto, sen un contorno definido, polo que tomaremos as delimitacións que se veñen considerando no Concello de Narón nos últimos anos.

Respecto das especies ameazadas, identificouse unha zona con presenza de paxariños amarelos (*Linaria aguil/onensis*), planta en perigo de extinción dentro da ZEC "Costa Ártabra". Non se dispón da súa localización exacta xa que vive en cantís e áreas costeiras e a súa presenza é difícil de estimar dada a complicada accesibilidade dos acantilados.

Segundo o artigo 140.1.d del RLSG, na documentación gráfica do PXOM incorpóranse planos de información nos que se reflictan as determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e afeccións da normativa sectorial que deban ser tidas en conta para a ordenación urbanística. No plano de información PINF\_04IOT\_AFEC\_06VN representaranse os valores naturais descritos neste apartado.

### **03.8.2 VALORES CULTURAIS E PATRIMONIAIS**

#### **03.8.2.1. CAMIÑO DE SANTIAGO INGLÉS**

Polo concello de Narón descobre o Camiño de Santiago Inglés delimitado polo Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés; (DOG núm.178 do 18.09.2014), que parte desde Ferrol e percorre o concello bordeando a ría. É unha das rutas marítimas xacobeas que se utilizaban na idade media para chegar a Santiago de Compostela, empregada principalmente por peregrinos escandinavos,

procedentes dos países baixos, norte de Francia e Inglaterra, que entraban por barco en Galicia. Parte do trazado coincide co Camiño Real que comunicaba Ferrol con Santiago.

Para a delimitación da ruta principal tense en conta a recuperación do trazado conservado do Camiño Real e, naqueles lugares onde desapareceu, búscase un trazado funcional que garanta o tránsito, e que discorra por estradas públicas con certeza para os peregrinos, ademais de contar cos valores patrimoniais ou ambientais.

Segundo a Delimitación do trazado e o ámbito vinculado ao Camiño de Santiago Inglés en Galicia (2014), da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, ademais do trazado principal existe:

- *“Trazado de vestixios históricos: Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional”.*
- *“Trazado complementario: Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante”.*



*Camiño Inglés, Delimitación do trazado e o ámbito vinculado ao Camiño de Santiago.*  
*Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*


*“En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, englobando as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata”.*

No devandito documento recóllense tres ámbitos que argumentan a delimitación:


- *Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.*
- *Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade, de elementos culturais e naturais próximos, inclúense as parcelas catastrais*
- *Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño”.*

#### 03.8.2.2. BENS DE INTERESE CULTURAL

Ademais do Camiño Inglés a Santiago hai un elemento que conta coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC), trátase da Igrexa e casa reitoral de San Martiño de Xuvia (coñecido como Mosteiro do Couto), coa categoría de monumento Histórico artístico por Decreto 2644/1972 (BOE do 02.10.1972). Este conxunto arquitectónico é un dos elementos de maior valor cultural e paisaxístico do concello.



*Ámbito do Camiño de Santiago Inglés e BIC San Martiño de Xuvia. Fonte: Visor de Información Xeográfica de Galicia.*



*Elementos catalogados de patrimonio cultural e os seus contornos de protección. Fonte: Visor de Información Xeográfica de Galicia.*

### 03.8.2.3. ELEMENTOS CATALOGADOS

Os bens que amosan unnotable valor culturalou histórico inclúense no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. A xestión deste catálogo correspóndelle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Segundo esta dirección, *“provisionalmente, en canto se establece o desenvolvemento regulamentario do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e as condicións de acceso á información contida nel, e segundo o que dispón o artigo 30 da Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, que indica que os bens inmobles que se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio forman parte do devandito Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, toda a información relativa aos bens catalogados pode consultarse nos Catálogos do plan vixente”*.

Complementariamente ao PXOM elaborouse un Catálogo, que é o resultado do estudo daqueles elementos que, polas súas características, poidan considerarse de interese. Pasando dos 289 elementos recollidos no Catálogo vixente e outras catalogacións, a un total de 305 elementos catalogados, atendendo á lexislación sectorial de aplicación. A relación completa de elementos detállase neste Catalogo.

Segundo o artigo 140.1.e do RLSG, o patrimonio cultural represéntase a escala 1/10.000 no plano PINF\_04IOT\_AFEC\_13PC, no que se identifican os elementos incluídos no catálogo, os seus contornos de protección e o seu nivel de protección; tamén inclúense as rutas históricas do Camiño de Santiago Inglés (e as súas variantes) así como os seus respectivos ámbitos de protección.

### 03.9 AFECCIÓNS DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL


Terán a consideración de afeccións aquelas que derivan da normativa sectorial en materia de estradas, augas, costas, rede ferroviaria, montes, aeronáutica, portuaria, patrimonio cultural, , mineira, forestal, sector eléctrico e de telecomunicacións, gas, contaminación acústica, comercio e áreas empresariais e cantas poidan ter incidencia sobre o territorio.

No concello de Narón inciden de xeito directo e serán de obrigado cumprimento alomenos as seguintes normas:

#### 03.9.1 AFECCIÓNS DERIVADAS DA CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Tal como se describe no apartado precedente de valores naturais o termo municipal de Narón conta con varias áreas dentro do ámbito da Rede Natura 2000, que se relacionan a continuación.

A costa norte do termo municipal está integramente incluída nunha Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) denominada *Costa Ferrol Terra- Valdoviño e Costa Ártabra*. Tamén se inclúe nunha ZEPVNo *Río Xubia- Castro*. Ambas zonas coinciden coa Zona de especial conservación (ZEC) *Costa Ártabra e Xubia- Castro*, e a costa norte coincide coa Zona Especial Protección das Aves (ZEPA) *Costa Ferroterra- Valdoviño*.



Zonas afección Patrimonio Natural (RN2000: ZEPVN, ZEC, ZEPA).

Consecuentemente resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

**ESTATAL**

- Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
- Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do listado de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas

**AUTONÓMICA**

- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza o dito catálogo.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.
- Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberizaschoeniclus*L.subsp. *lusitanica*Steinbacher) en Galicia.
- Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Resolución do 18 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de

alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

### 03.9.2 LEXISLACIÓN DE COSTAS

O termo municipal de Narón conta con costa ao norte e ao sur cara o interior da ría de Ferrol. O litoral está afectado polos seguintes deslindes de dominio público marítimo- terrestre:

- C- DL-206- C: Desde o límite co T.M. de Valdoviño ao límite co T.M. de Ferrol, (Or.M.24.08.2002).
- C- DL-169- C: Desde o límite co T.M. de Ferrol ata o muíño Aceas (Or.M.30.11.2007).
- C- DL-182- C: Ratificación muíño Aceas ata a ponte das Xuvias (Or.M.14.01.1998)

Resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

#### **ESTATAL**

- Lei 22/1988, 28 xullo, de Costas.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas

A Lei 22/1988 establece as seguintes afeccións:

#### *Artigo 23. Servidume de protección*

- 1. A servidume de protección recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra dentro desde o límite interior da ribeira do mar.*
- 2. A extensión desta zona poderá ser ampliada pola Administración do Estado, de acordo coa da Comunidade Autónoma e o Concello correspondente, ata un máximo doutros 100 metros, cando sexa necesario para asegurar a efectividade da servidume, en atención ás peculiaridades do tramo de costa de que se trate.*
- 3. Nas marxes dos ríos ata onde sexan sensibles as mareas a extensión desta zona poderá reducirse pola Administración do Estado, de acordo coa Comunidade Autónoma e Concello correspondente, ata un mínimo de 20 metros, en atención ás características xeomorfolóxicas, aos seus ambientes de vexetación, e á súa distancia respecto da desembocadura, conforme ao que regulamentariamente dispóñase.*

## Artigo 25

*De acordo co artigo 25 da Lei de Costas, en servidume de protección están prohibidos:*

- a) As edificacións destinadas a residencia ou habitación.*
- b) A construción ou modificación de vías de transporte interurbanas e as de intensidade de tráfico superior á que se determina no Regulamento de Costas, así como das súas áreas de servizo.*
- c) As Actividades que impliquen a destrución de xacementos de áridos naturais ou non consolidados.*
- d) O tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión.*
- e) A vertedura de residuos sólidos, cascallos e augas residuais sen depuración.*
- f) A publicidade a través de carteis ou valos ou por medios acústicos ou audiovisuais*

*Con carácter xeral, só permitiranse sobre esta zona as obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización como os establecementos de cultivo mariño ou as salinas marítimas ou aqueles que presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas. En todo caso, a execución de terrapléns, desmontes ou talla de árbores deberá cumprir as condicións que se determinan no Regulamento de Costas para garantir a protección do dominio público marítimo terrestre.*

*Os usos permitidos en servidume de protección están suxeitos a autorización outorgada polo órgano competente da Comunidade Autónoma.*

## Artigo 27. Servidume de tránsito


- 1. A servidume de tránsito recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra dentro a partir do límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá deixarse permanentemente expedita para o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.*
- 2. En lugares de tránsito difícil ou perigoso dita anchura poderá ampliarse no que resulte necesario, ata un máximo de 20 metros.*
- 3. Esta zona poderá ser ocupada excepcionalmente por obras a realizar no dominio público marítimo-terrestre. En tal caso substituirase a zona de servidume por outra nova en condicións análogas, nas forma en que se sinale pola Administración do Estado. Tamén poderá ser ocupada para a execución de paseos marítimos.*

## Artigo 28. Servidume de acceso ao mar

- 1. A servidume de acceso público e gratuíto ao mar recaerá, na forma que se determina nos números seguintes, sobre os terreos lindeiros ou contiguos ao*

dominio público marítimo-terrestre, na lonxitude e anchura que demanden a natureza e finalidade do acceso.

2. Para asegurar o uso público do dominio público marítimo-terrestre, os plans e normas de ordenación territorial e urbanística do litoral establecerán, salvo en espazos cualificados como de especial protección, a previsión de suficientes accesos ao mar e aparcadoiros, fóra do dominio público marítimo-terrestre. A estes efectos, nas zonas urbanas e urbanizables, os de tráfico rodado deberán estar separados entre si, como máximo, 500 metros, e os peonís, 200 metros. Todos os accesos deberán estar sinalizados e abertos ao uso público á súa terminación.



### Artigo 30.

De acordo co previsto no artigo 30 da Lei de Costas, a ordenación territorial e urbanística sobre terreos incluídos nunha zona, cuxa anchura se determinará nos instrumentos correspondentes e que será como mínimo de 500 metros a partir do límite interior da ribeira do mar, respectará as esixencias de protección do dominio público marítimo-terrestre a través dos seguintes criterios:

- a) En tramos con praia e con acceso de tráfico rodado, preveranse reservas de chan para aparcadoiros de vehículos en contía suficiente para garantir o estacionamento fóra da zona de servidume de tránsito.

- b) *As construcións haberán de adaptarse ao establecido na lexislación urbanística. Deberase evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes sen que, a estes efectos, a densidade da edificación poida ser superior á media do chan urbanizable programado ou apto para urbanizar no termo municipal respectivo.*

#### Artigo 31.

*De acordo co artigo 31.2 da Lei de Costas, os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigo ou rendibilidade, así como os que requiran a execución de obras ou instalacións no dominio público marítimo terrestre, só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización ou concesión, tendo en conta que o artigo 32 da devandita norma restrinxe a ocupación do dominio público marítimo terrestre a aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, estando expresamente prohibidas as utilizacións mencionadas no artigo 25.1 da Lei de Costas, excepto as do seu apartado b), previa declaración de utilidade pública polo Consello de Ministros, e a vertedura de cascallos utilizables en recheos, debidamente autorizados.*

### **AUTONÓMICA**

- **Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia**

O título III da Lei 4/2023 establece a zonificación e os usos e actividades no litoral nos seguintes artigos:

#### *Artigo 30. Zonificación do litoral*

*Para os efectos previstos nesta lei, e sen prexuízo do disposto na normativa de costas e do medio mariño, no litoral de Galicia distínguense tres clases de espazos, agrupados para a súa ordenación en áreas, en función das súas condicións e das accións que corresponde emprender sobre eles:*

- a) *área de protección ambiental: comprende os espazos que conservan características naturais, patrimoniais ou paisaxísticas senlleiras e insubstituíbles e valores ambientais sobranceiros, que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou de calquera outro que poida alterar as súas condicións*
- b) *área de mellora ambiental e paisaxística: comprende os espazos que, sen reuniren as condicións dos anteriores, se manteñen maioritariamente libres de procesos de urbanización ou degradación, ou sufriron uns procesos de desnaturalización*

*reversibles, polo que exixen accións de protección, recuperación e mellora das súas condicións*

*c) área de reordenación: comprende os espazos transformados pola acción urbanizadora ou pola implantación de usos e actividades económicas, e os degradados por calquera causa, de imposible ou difícil renaturalización, que exixen accións de reordenación, orientadas a non agravar a deterioración, humanizar os espazos e renovar os elementos e a súa contorna.*

A disposición transitoria segunda establece a aplicación transitoria do Plan de Ordenación do Litoral que pasa a denominarse Plan de ordenación costeira de Galicia) no seguintes termos:

*Disposición transitoria segunda. Aplicación transitoria do Plan de ordenación do litoral de Galicia*


*1. Ata a revisión do Plan de ordenación do litoral de Galicia, manterase o réxime xurídico das áreas de protección costeira, dos corredores e dos espazos de interese recollidos nos artigos 54, 57 e 58 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, agás no que afecte ás actuacións estratéxicas do título IV, cuxas disposicións serán aplicables a partir da entrada en vigor desta lei.*

*2. Para os efectos da execución das actuacións estratéxicas previstas nesta lei, o Instituto de Estudos do Territorio de Galicia aprobará os instrumentos cartográficos que recollan a zonificación regulada no título III, que estarán dispoñibles no enderezo electrónico a que se refire a disposición derradeira terceira desta lei.*

### **03.9.3 LEXISLACIÓN DE AUGAS**


O concello do Narón conta cunha densa rede fluvial, na que destaca o río Xuvia- Castro que desemboca o fondo da ría de Ferrol.

No termo municipal existen dúas concas, a maior parte do territorio verte cara o sur, na ría de Ferrol ou nos ríos que desembocan nela, contando a costa norte con varios canles que verten directamente ao océanoAtlántico cun percorrido moi curto, e unha área que verte cara o rego do Val de Foxa ou Rego de San Vicente que desemboca a súa ven no océano.




*Mapa da rede fluvial*

Respecto a xestión do risco de inundación identifícanse unha área con risco potencial sensible de inundación (ARPSI) fluvial no Rego Seco ou Freixeiro no centro urbano de Narón e unha ARPSI costeira dende a desembocadura do rego de Freixeiro ata a desembocadura do río Xuvia ao fondo da Ría. Ambas ARPSIs teñen elaborados os mapas de inundabilidade:



*ARPSI costeiro e fluvial. Mapas inundación*

Existe outra zona inundable, na que se identifica a Zona de Fluxo Preferente no Río Grande de Xuvia ao seu paso pola parroquia de Doso.



*Zona fluxo preferente Río Grande Xuvia*

Resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

#### **ESTATAL**

- Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas
- Real Decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, o Regulamento de Planificación Hidrolóxica, aprobado polo Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, e outros regulamentos en materia de xestión de riscos de inundación, capitais ecolóxicos, reservas hidrolóxicas e verteduras de augas residuais

#### **AUTONÓMICA**

- Lei 9/2010 do 4 de novembro de augas de Galicia.
- DECRETO 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e régúlanse determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa (RD 48/2023 do 24 de xaneiro)

ALei de Augas, establece as seguintes afeccións:

#### Artigo 4 Definición de canle


Álveo ou canle natural dunha corrente continua ou descontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias.

#### Artigo 6 Definición de ribeiras

1. Enténdese por ribeiras as fajas laterais das canles públicas situadas por encima do nivel de augas baixas, e por marxes os terreos que lindan coas canles.

- As marxes están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal:

- a) A unha zona de servidume de cinco metros de anchura, para uso público que se regulará regulamentariamente.
- b) A unha zona de policía de 100 metros de anchura na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.



O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia – Costa, establece as seguinte determinacións con especial incidencia na redacción do PXOM:

#### MEDIDAS ENFOCADAS A DIMINUIR OS RISCOS DE INUNDACIÓN

Artigo 63. Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico

1. Calquera instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico que, en aplicación da lexislación vixente, teña que ser informado por Augas de Galicia e afecte a un área onde se estime que existe un risco potencial significativo de inundación incluírá, entre o seu contido, a seguinte información:


- a) *Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e de policía.*
  - b) *Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.*
  - c) *Planos onde se reflectan, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.*
2. *Para elaborar os planos de zonas inundables e de zonas de fluxo preferente aos que se refire o apartado anterior, tomaranse de referencia os mapas de risco e de perigosidade publicados por Augas de Galicia. Calquera modificación con respecto aos mapas publicados acompañarase dos estudos hidráulicos xustificativos correspondentes. Nas áreas onde non existan mapas publicados, os planos de zonas inundables e de fluxo preferente acompañaranse dos estudos que xustifiquen a delimitación proposta.*
- Cando o instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico que teña que ser informado por Augas de Galicia afecte a un tramo de río que non estea definido como ARPSI, pero no que exista información cartográfica de inundabilidade publicada por Augas de Galicia, dita información tamén se incorporará a ditos instrumentos, có contido establecido no apartado 1.*
3. *A representación das zonas inundables e de fluxo preferente realizarase sobre a situación de inundabilidade actual. Si como resultado de actuacións estruturais de prevención de inundacións, previstas en calquera instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, se produce unha modificación significativa da zona inundable ou da zona de fluxo preferente ou unha diminución do risco de inundación, poderanse aplicar na representación as condicións que resulten unha vez executadas esas obras. Neses casos, esas actuacións deberán ser autorizadas expresamente por Augas de Galicia. Ata o momento en que estas actuacións non estean totalmente executadas, non se poderá desenvolver na zona afectada o contido desos instrumentos de planificación.*

En canto ás obras previstas no Plan Hidrolóxico dentro do ámbito municipal executáronse as previsións recollidas no Programa 2009-2015: Interceptor xeral da marxe dereita da ría de Ferrol tramos e saneamento na parroquia de San Mateo (2ª fase).

Non está previsto no vixente PHGC ningunha medida no concello de Narón.

#### **03.9.4 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE PAISAXE**

Narón conta cunha área de especial interese paisaxístico denominada “Montes da Lagoa” (AEIP\_10\_01) situada nos montes a carón do litoral norte entre os concellos de Narón e Ferrol.



*Situación AEIP Montes da Lagoa*

Resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

#### **AUTONÓMICA**


- Lei 7/2008, do 8 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto 238/2020, de 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia

### **03.9.5 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS**

#### **03.9.5.1 LEXISLACIÓN DO SECTOR ENERXÉTICO**

En canto ao sector enerxético no termo municipal de Narón recibe subministración de electricidade de alta tensión mediante varias liñas de distribución de 132 Kv que chegan á subestación de Cornido, da que saen outras liñas de alta que dan servizo ás instalacións de Megasa en Narón e ao Porto de Ferrol. Desta subestación parten tamén 18 liñas de media tensión que distribúen á maior parte do termo municipal. Existe outra subestación no polígono Río do Pozo, da que saen catro liñas de media tensión que dan servizo ao polígono industrial. Ambas as subestacións son propiedade de UNIÓN FENOSA SA. O resto de territorio conta cunha rede de distribución en media e baixa tensión abastece á totalidade dos asentamentos.

No termo municipal existen seis aeroxeradores que forman parte do Parque Eólico Novo, do que se está a tramitar un proxecto de repotenciación que non prevé ningún aeroxerador en Narón.



#### *Rede de distribución eléctrica e aeroxeradores*

Ao sector enerxético resulta de aplicación a seguinte normativa sectorial:

#### **ESTATAL**

- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico
- Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09

#### **AUTONÓMICA**

- Decreto 275/2001, do 4 de outubro, polo que se establecen determinadas condicións técnicas específicas de deseño e mantemento ás que se deberán someter as instalacións eléctricas de distribución
- Decreto 242/2007, de 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia
- Lei 8/20098, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o fondo de compensación ambiental

A Lei 24/2013 establece as seguintes afeccións:

*Artigo 57. Servidume de paso.*

- 1. A servidume de paso de enerxía eléctrica terá a consideración de servidume legal, gravará os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na presente lei e rexeráse polo disposto nela, nas súas disposicións de desenvolvemento e na lexislación mencionada no artigo anterior, así como na lexislación especial aplicable.*
- 2. A servidume de paso aéreo comprende, ademais do voo sobre o predio servente, o establecemento de postes, torres ou apoios fixos para a sustentación de cables condutores de enerxía, todo isto incrementado nas distancias de seguranza que regulamentariamente se establezan.*
- 3. A servidume de paso subterráneo comprende a ocupación do subsolo polos cables condutores, á profundidade e coas demais características que sinale a lexislación urbanística aplicable, todo isto incrementado nas distancias de seguranza que regulamentariamente se establezan.*
- 4. Unha e outra forma de servidume comprenderán, igualmente, o dereito de paso ou acceso e a ocupación temporal de terreos ou doutros bens necesarios para construción, vixilancia, conservación, reparación das correspondentes instalacións, así como a corta de árbores, se for preciso.*

*Artigo 58. Limitacións á constitución de servidume de paso.*

*Non se poderá impor servidume de paso para as liñas de alta tensión:*

- a) Sobre edificios, os seus patios, currais, centros escolares, campos deportivos e xardíns e hortas, mesmo choídos, anexos a vivendas que xa existan ao tempo de se decretar a servidume, sempre que a extensión das hortas e xardíns sexa inferior a media hectárea.*
- b) Sobre calquera xénero de propiedades particulares, se a liña pode tecnicamente instalarse sen variación de trazado superior á que regulamentariamente se determine, sobre terreos de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado, das comunidades autónomas, das provincias ou os municipios, ou seguindo extremas de predios de propiedade privada.*

#### 03.9.5.2 LEXISLACIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS

O concello de Narón conta cunha instalación xeral de telecomunicacións xestionada por RETEGAL a carón do polígono industrial de As Lagoas. Descoñécese a existencia dalgunha antena xestionada por entidades privadas.

No relativo á instalación e xestión de redes de telecomunicación, resultan de aplicación as determinacións da lexislación vixente en materia de telecomunicacións e a súa normativa de desenvolvemento:

### **ESTATAL**

- Lei 11/2022, de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.
- Real Decreto-Lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestruturas comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación.
- Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións.
- Orde ITC/1644/2011, do 11 de xuño, pola que se desenvolve o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións, aprobado polo Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo.
- REAL DECRETO 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións das emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioelétricas

### **AUTONÓMICA**

- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

A Lei 11/2022 establece as seguintes afeccións:

*Artigo 47. Outras servidumes e limitacións á propiedade.*

1. *A protección do dominio público radioeléctrico ten como finalidades o seu aproveitamento óptimo, evitar a súa degradación e o mantemento dun adecuado nivel de calidade no funcionamento dos distintos servizos de radiocomunicacións e aqueloutros que fan uso do dominio público radioeléctrico. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá establecer as limitacións á propiedade e á intensidade de campo eléctrico e as servidumes que resulten necesarias para a protección radioelétrica de determinadas instalacións ou para asegurar o adecuado funcionamento de estacións ou instalacións radioelétricas utilizadas para a prestación de servizos públicos, por motivos de seguridade pública ou cando así sexa necesario en virtude de acordos internacionais, nos termos da disposición adicional segunda e as normas de desenvolvemento desta lei.*

  - d) *As actividades que impliquen o uso de superficies grandes e moi reflectoras que poidan dar lugar a cegamento;*
  - e) *As actuacións que poidan estimular, atraer ou xerar a presenza de fauna;*
  - f) *As actividades ou a presenza de obxectos fixos ou móbiles que poidan interferir o funcionamento dos sistemas de comunicación, navegación e vixilancia aeronáuticas ou afectalos negativamente;*
  - g) *As actividades que faciliten ou leven aparelada a implantación ou funcionamento de instalacións que produzan fume, néboas ou calquera outro fenómeno que supoña un risco para as aeronaves;*
  - h) *O uso de medios de propulsión ou sustentación aéreos para a realización de actividades deportivas, ou de calquera outra índole; e*
  - i) *O lanzamento de fogos artificiais ou dispositivos de índole similar.*
2. *As persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar as actividades e usos a que se refire o apartado 1 deberán comunicar ao xestor do aeródromo ou ao provedor de servizos de navegación aérea cuxas servidumes se vexan afectadas os datos da actividade que pretenden realizar de acordo con os protocolos de coordinación que estableza a autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa. Na forma indicada nestes protocolos de coordinación, a autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa poderán prohibir, limitar ou condicionar a actividade de acordo con o referido no apartado 1.*

3. *As persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar as actividades e usos a que se refire o apartado 1 deberán absterse de realizar as que resulten prohibidas, en aplicación do apartado 2, no seu caso.*
4. *As persoas físicas ou xurídicas que pretendan realizar as actividades e usos a que se refire o apartado 1, e que poidan estar condicionadas ou limitadas, deberán cumprir as medidas de mitigación que se determinen para o seu exercicio en aplicación do apartado 2, no seu caso.*
5. *O establecemento das prohibicións, limitacións ou condicións a que se refiren os apartados anteriores axustarase ao disposto no artigo 25 no caso de actividades ou usos de solo existentes ou ao artigo 31 nos supostos de actividades de nova implantación que leven aparelladas construcións instalacións ou plantacións.*
6. (...)
7. (...)

*Artigo 26. Incorporación das servidumes aeronáuticas aos plans directores aeroportuarios e de navegación aérea e aos plans ou instrumentos de ordenación territorial ou urbanística.*

1. *A aprobación das servidumes aeronáuticas comportará para calquera plans ou instrumentos de ordenación territorial ou urbanística que inclúan dentro do seu ámbito áreas suxeitas ás devanditas servidumes, a obrigaón de incorporar as limitacións que estas impoñen ás determinacións que legalmente constitúen o ámbito obxectivo de cada un dos instrumentos referidos, #de acordo con o establecido na Lei 48/1960, do 21 de xullo. A tales efectos, será obrigatoria a adaptación dos plans ou instrumentos de ordenación territorial ou urbanística en vigor no prazo que determine a lexislación aplicable e non serán de aplicación, mentres tanto, as determinacións do plan ou instrumento de ordenación territorial ou urbanístico que non resulten acordes coas servidumes aprobadas.*
2. *As servidumes aprobadas quedarán integradas nos plans directores aeroportuarios e de navegación aérea, de acordo ao que dispoña o correspondente acto polo que se aproben as mesmas.*

*Artigo 27. Informes de plans ou instrumentos de ordenación.*

1. *Todos os proxectos de plans ou instrumentos de ordenación urbanística ou territorial ou de calquera outra índole que ordenen fisicamente o territorio ou os da súa revisión ou modificación, que afecten os espazos suxeitos ás servidumes aeronáuticas de aeródromos ou instalacións radioeléctricas civís e de uso conxunto,*

*serán informados pola Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana.*

*No caso de aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea ou aeródromo militar e un aeroporto, e no de aeroportos de competencia autonómica, requirirase o informe previo do Ministerio de Defensa e do órgano competente en materia aeroportuaria da comunidade autónoma afectada, respectivamente.*

- 2. Idéntico requisito aplicarase a calquera instrumento de planificación que contemple a instalación de aeroxeradores nunha zona sometida a unha servidume de protección fronte á instalación de aeroxeradores para instalacións radioeléctricas civís e de uso conxunto.*
- 3. Para os efectos previstos nos apartados 1 e 2, previamente á aprobación inicial ou equivalente do instrumento de ordenación, o organismo competente para a súa tramitación solicitará da Dirección Xeral de Aviación Civil a emisión do devandito informe remitindo a documentación correspondente á aprobación inicial.*
- 4. Os informes relativos ás modificacións ou revisións de plans ou instrumentos de ordenación cinguiranse aos aspectos que fosen obxecto de alteración.*
- 5. Os informes previstos neste artigo terán o carácter de preceptivos e vinculantes no que se refire á compatibilidade dos plans ou instrumentos de ordenación coas servidumes aeronáuticas e as limitacións que estas impoñen tanto a obstáculos como a actividades. Neles poderanse establecer as condicións particulares adicionais que resultasen necesarias para garantir o cumprimento das servidumes aeronáuticas.*
- 6. O prazo para a emisión destes informes é de seis meses a contar desde a recepción da documentación requirida, incluídos o informe do Ministerio de Defensa ou o da comunidade autónoma se fosen necesarios. Transcorrido devandito prazo sen que se emitiu o informe da Dirección Xeral de Aviación Civil entenderase emitido con carácter desconforme.*
- 7. A falta de solicitude do informe preceptivo, así como no suposto de desconformidade, non se poderá aprobar definitivamente o instrumento de planificación de que se trate no que afecte o exercicio das competencias estatais.*
- 8. No caso de servidumes correspondentes a aeroportos de interese xeral ou instalacións radioeléctricas incluídas en plans directores, o informe sobre as servidumes vixentes formará parte do contido do informe que haxa de emitirse conforme á disposición adicional segunda do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.*

9. *As Administracións ou organismos competentes para a aprobación definitiva do plan territorial ou urbanístico deberán remitir á Dirección Xeral de Aviación Civil, o máis axiña posible, o plan ou instrumento de ordenación aprobado definitivamente, acompañado de certificación do acto de aprobación definitiva. O Centro directivo comprobará a inclusión das servidumes aeronáuticas e das medidas que se adopten para garantir o seu cumprimento efectivo e resolverá para o efecto. Transcorridos dous meses desde a recepción da devandita certificación sen que se formulen reparos, entenderase emitida resolución en sentido favorable.*

*Artigo 31. Condicións para a realización de actuacións en zonas de servidume ou que supoñan obstáculos.*

1. *Non poderán adquirirse dereitos en contra das servidumes aeronáuticas.*
2. *As persoas físicas ou xurídicas só poderán executar construcións, instalacións ou plantacións con pleno respecto ao contido da normativa sobre servidumes aeronáuticas. A tales efectos, non poderán desenvolverse ditas construcións, instalacións ou plantacións, que se atopen nos espazos e zonas afectados por servidumes aeronáuticas ou que poidan ser consideradas obstáculos, se as autorizacións emitidas polas administracións públicas con competencias en materia urbanística ou de ordenación territorial non contan co previo acordo favorable da autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa, no ámbito das súas propias competencias. O previo acordo favorable emitido pola autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa será preceptivo con independencia do resto de autorizacións emitidas por outras administracións no ámbito das súas competencias. Igualmente esixirase acordo favorable para as actuacións non suxeitas a control previo administrativo.*
3. *A esixencia de acordo previo favorable a que se refire o apartado anterior será de aplicación tanto ás autorizacións expresas como ás declaracións responsables, comunicacións previas ou calquera outra forma de intervención administrativa que permita a execución da actuación. O titular do acordo previo favorable deberá dar cumprimento, en todo momento, aos condicionantes establecidos no devandito acordo previo favorable. O incumprimento dos citados condicionantes dará lugar, á súa vez, ao incumprimento dos artigos 10.3 e 12.3, segundo corresponda, no seu caso.*
4. *As administracións públicas con competencias en materia urbanística e de ordenación territorial non poderán autorizar, nin expresa nin implicitamente ou mediante consideración favorable dunha comunicación previa ou declaración*

*responsable, ningunha construción, instalación ou plantación situada nos espazos e zonas afectados por servidumes aeronáuticas ou que poida constituír obstáculo conforme o previsto no presente real decreto, sen o previo acordo favorable da autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa, no ámbito das súas propias competencias, ou sen a terse ás condicións establecidas no devandito acordo previo favorable. As autorizacións emitidas por outras administracións públicas no ámbito das súas competencias serán independentes do preceptivo acordo favorable que deberá ser emitido pola autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa.*

- 5. A obriga de obtención de acordo previo favorable corresponde, en calquera caso, á persoa física ou xurídica que pretenda desenvolver construcións, instalacións ou plantacións, que se atopen nos espazos e zonas afectados por servidumes aeronáuticas ou que poidan ser consideradas obstáculos. Dita persoa física ou xurídica será considerada interesada no procedemento para a obtención de acordo previo favorable e resultará titular do mesmo.*
- 6. No caso de actuacións que requiran licenza ou autorización da administración de competencias urbanísticas, esta solicitará á autoridade nacional de supervisión civil ou ao órgano competente do Ministerio de Defensa, segundo corresponda, o acordo previo favorable a que se refire este artigo.*
- 7. As administracións públicas con competencias urbanística obrigadas a solicitar o acordo previo da autoridade nacional de supervisión civil, deberán facelo a través do procedemento específico establecido na sede electrónica asociada á mesma.*
- 8. Non será necesario o previo acordo favorable a que se refire este artigo para as actuacións que leven a cabo, no exercicio das súas funcións aeroportuarias, os xestores dos aeroportos de interese xeral nas superficies da súa titularidade comprendidas na zona de servizo delimitada nos seus plans directores, nin os provedores de servizos de navegación aérea para as instalacións contempladas no plan director de navegación aérea ou nos plans directores aeroportuarios correspondentes, a condición de que se realizou unha coordinación previa co xestor aeroportuario. Devandito acordo previo favorable tampouco será necesario para as actuacións que realicen o resto dos xestores aeroportuarios dentro ao lado aire dos seus aeródromos.*

*A documentación que deberán achegar ditas administracións para a solicitude de acordo previo constará, polo menos, do formulario de solicitude, o plano de situación da actuación, os planos acoutados da planta e o alzado da actuación e, en caso de múltiples localizacións, un persoal de solicitude de coordenadas.*

9. *En calquera caso, os acordos previos perderán a súa vixencia e cesarán na produción dos efectos que lles son propios se non se iniciaron os traballos de construción nun prazo de 5 anos.*
10. *A autoridade nacional de supervisión civil ou o órgano competente do Ministerio de Defensa, no exercicio das súas respectivas competencias, poderán adoptar mediante resolución as medidas encamiñadas a impedir que na área afectada polas servidumes de aeródromo, indicadas no artigo 8, e polas servidumes de instalacións radioeléctricas, indicadas no artigo 11, a vexetación, doméstica ou silvestre, supere as superficies de limitación de alturas das devanditas servidumes, de tal modo que impidan que esa vexetación poida interferir ou poñer en risco a seguridade das operacións aeronáuticas.*

*Cando dita vexetación se atope en terreos considerados como monte, a adopción das medidas previstas no parágrafo anterior requirirá o informe previo da administración forestal competente e, a efectos da aplicación da normativa forestal aplicable, serán consideradas como modificación da cuberta vexetal. Para o caso de que as medidas adoptadas impliquen, conforme á normativa forestal da comunidade autónoma na que se sitúen os terreos afectados, unha modificación da cuberta vexetal suxeita a autorización, dita comunidade estará obrigada a conceder a autorización para a súa modificación.*

*Artigo 33. Procedemento e órgano competente en materia de actuacións en zonas de servidume ou que supoñan obstáculos.*

1. *Corresponde ao órgano competente do Ministerio de Defensa adoptar as resolucións previstas nos artigos 31 e 32 en relación cos aeródromos militares e as instalacións de navegación aérea militares.*
2. *Corresponde á autoridade nacional de supervisión civil adoptar as resolucións previstas nos artigos 31 e 32 en relación cos aeródromos civís e as instalacións de navegación aérea civís, e á devandita autoridade, previo informe do Ministerio de Defensa, respecto a os aeródromos de utilización conxunta.*
3. *Corresponde á autoridade nacional de supervisión civil, en coordinación co Ministerio de Defensa, adoptar as resolucións en relación cos obstáculos de gran altura previstas no artigo 15 e as relativas ao artigo 16.*
4. *O Ministerio de Defensa poderá delimitar os casos nos que os seus informes previos previstos nos apartados 2 e 3 deste artigo sexan necesarios.*
5. *No procedemento para resolver sobre as solicitudes de acordo previo favorable poderase solicitar informe ao xestor aeroportuario ou provedor de servizos de navegación aérea, que deberán pronunciarse no prazo de tres meses.*

6. O prazo máximo para a emisión e notificación do acordo previo para a realización de actuacións nas zonas de servidume aeronáutica e de obstáculos de gran altura será de seis meses, transcorrido o cal se entenderá emitido en sentido desfavorable.

*Disposición final primeira. Modificación do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.*

*A disposición adicional segunda do Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social, queda redactada como segue:*

*«Disposición adicional segunda. Remisión ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana dos proxectos urbanísticos que afecten á zona de servizo de aeroportos de interese xeral.*

1. *As administracións ou organismos competentes para a tramitación dos plans ou instrumentos de ordenación territorial ou urbanístico remitirán ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, antes da súa aprobación inicial ou trámite equivalente, os proxectos de plans ou instrumentos de ordenación urbanística ou territorial, ou de calquera outra índole que ordenen fisicamente o territorio, así como as súas revisións ou modificacións, sempre que inclúan dentro do seu ámbito a zona de servizo aeroportuaria ou espazos suxeitos ás servidumes aeronáuticas legalmente establecidas, ou ás propostas de servidumes aeronáuticas, incluídas as acústicas, previstas respecto a as actuacións planificadas na zona de servizo dos plans directores.*

*A Dirección Xeral de Aviación Civil emitirá informe preceptivo e vinculante respecto a devanditos proxectos de plans ou instrumentos no ámbito das competencias exclusivas do Estado en materia de aeroportos de interese xeral e planificación aeroportuaria, en particular sobre a cualificación da zona de servizo aeroportuaria como sistema xeral e as condicións de alturas e usos que se pretendan asignar aos espazos afectados polas servidumes aeronáuticas legalmente establecidas ou polas propostas de servidumes aeronáuticas, incluídas as acústicas, previstas respecto a as actuacións planificadas na zona de servizo dos plans directores.*

*O informe previo, tanto en relación coas afeccións sobre as servidumes aeronáuticas legalmente establecidas, como sobre as propostas de servidumes aeronáuticas, incluídas as acústicas, correspondentes ás instalacións planificadas na zona de servizo do Plan Director adecuarase ao previsto na normativa específica sobre servidumes aeronáuticas, en relación aos informes similares que igualmente a Dirección Xeral de Aviación Civil debe emitir sobre instrumentos de ordenación urbanística ou territorial previstos en dita normativa.*

- 2. A Dirección Xeral de Aviación Civil poderá, mediante resolución, delimitar áreas xeográficas nas que non será necesario solicitar informe sobre os proxectos de plans ou instrumentos de ordenación urbanística ou territorial, cando conste acreditado que non se compromete a seguridade ou regularidade das operacións, o normal funcionamento das axudas á navegación aérea e a planificación e desenvolvemento dos aeroportos de interese xeral e das instalacións para a navegación aérea e que non inclúan dentro do seu ámbito construcións ou instalacións de altura igual ou superior a 100 metros de altura ou aeroxeradores.*

*A exención prevista no parágrafo anterior poderá formularse para os plans ou instrumentos de ordenación de desenvolvemento de plans ou instrumentos de ordenación previamente informados favorablemente.*

- 3. Os informes poderán ser obxecto de consulta previa ao xestor aeroportuario.*
- 4. Os informes emitidos pola Dirección Xeral de Aviación Civil son preceptivos e vinculantes no que se refire ao exercicio das competencias do Estado, e emitiranse no prazo de seis meses a contar desde a recepción da documentación requirida para a súa emisión, incluído, no seu caso, o informe da comunidade autónoma.*

*Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se emitiu o informe da Dirección Xeral de Aviación Civil, entenderase que reviste carácter desconforme.*

- 5. A falta de solicitude do informe preceptivo, así como no suposto de desconformidade, non se poderá aprobar definitivamente o instrumento de planificación territorial ou urbanística no que afecte o exercicio das competencias estatais.»*

### **03.9.6.LEXISLACIÓN EN MATERIA FORESTAL**

Non existen no Concello de Narón montes catalogados como Montes Veciñais en Man Común.

Aínda así é de aplicación a seguinte normativa en materia de montes:

## **ESTATAL**

- Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes

## **AUTONÓMICA**

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

A Lei 7/2012 establece as seguintes afeccións:

### *Artigo 24. Afectación ao dominio público*

- 1. A afectación ao dominio público dos montes non catalogados de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia producirase por acordo específico do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de montes, de conformidade co establecido na normativa patrimonial da Comunidade Autónoma, logo de instruír o correspondente procedemento.*
- 2. A afectación ao dominio público dos restantes montes públicos non catalogados será tramitada pola súa administración titular e requirirá, en todo caso, o informe favorable da Administración forestal.*

### *Artigo 42. Servidumes en montes públicos*

- 1. Os incendios producidos nos montes públicos poderán determinar a suspensión temporal do exercicio das servidumes existentes, cando así se considere para a rexeneración forestal. A suspensión declararase mediante resolución expresa da Administración forestal, e seralles comunicada aos interesados.*
- 2. As servidumes en montes públicos non demaniais rexeranse polo réxime xurídico aplicable á administración titular e, subsidiariamente, polo do dereito privado que lles sexa aplicable.*

## ANEXO II

**Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais**

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 30 metros no resto de especies
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	
j) Con cámpings, gasolinerías e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies

**03.9.7 LEXISLACIÓN EN MATERIA AGROPECUARIA**

No Concello de Narón realizáronse as seguintes concentracións parcelarias con fins agrícolas na maior parte das parroquias situados ao leste e norte do territorio, nas seguintes zonas:

- Lago, Meirás e Val (187Has ) Acta de reorganización. Firmeza 2021
- San Estevo de Sedes (1145Has) Títulos 2003
- San Salvador de Pedroso (431Has) Títulos 1974
- S. Maria a Maior- Santa Maria de Castro e San Mateo de Trasancos (907Has) Títulos 1974



## **AUTONÓMICA**

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28 do 09.02.2017)
- Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.
- Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés (DOG núm. 178 do 18.09.2014)
- Decreto 798/1971, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

A Lei 5/2016 establece as seguintes afeccións:

### *Artigo 12. Contorno de protección*

- 1. Os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.*
- 2. O contorno de protección dos bens inmobles de interese cultural e catalogados poderá estar constituído polos espazos e construcións próximas cuxa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar a súa integridade, apreciación ou estudo. Na declaración de ben de interese cultural ou na catalogación do ben estableceranse as limitacións de uso e os condicionantes necesarios para a salvagarda do dito contorno de protección, sen que isto supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.*

3. *Reglamentariamente poderanse fixar os criterios para a delimitación dos contornos de protección mínimos.*

#### *Artigo 13. Zona de amortecemento*

1. *Poderá delimitarse unha área ao redor dos bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados e, de ser o caso, dos seus correspondentes contornos de protección, denominada zona de amortecemento, co obxecto de reforzar a súa protección e as súas condicións de implantación no territorio. A declaración de interese cultural ou a catalogación do ben determinará o réxime de limitacións ou condicionantes na dita zona de amortecemento, sen que isto supoña a súa cualificación como ben declarado ou catalogado.*
2. *Para delimitar a zona de amortecemento teranse en conta as condicións de visibilidade e perspectiva do ben, así como outros aspectos ou atributos que sexan funcionalmente significativos para a protección dos valores culturais dos bens en relación co territorio.*
3. *No caso de que se delimite unha zona de amortecemento deberá determinarse de forma explícita para cada ben, concretando as actividades, dotacións, instalacións ou infraestruturas que, pola súa potencial afección aos seus valores culturais, requiran a autorización previa para a súa execución da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.*
4. *Reglamentariamente poderanse fixar os criterios para a delimitación das zonas de amortecemento.*

### **03.9.9 OUTRA LEXISLACIÓN SECTORIAL**

Existen outras lexislacións sectoriais que inciden no planeamento pero que non implica unha categorización do solo específica:

#### **03.9.9.1 LEXISLACIÓN EN MATERIA DE DEFENSA**

O limítrofe concello de Ferrol conta diversas con zonas de seguridade e instalacións dependentes do Ministerio de Defensa, afectando ao termo municipal de Narón tan só a instalación da traída de Auga dende o Belelle, no veciño concello de Neda que abastece a este concello así como ás instalacións militares de Ferrol independentemente do abastecemento do resto da cidade.

No informe emitido polo Ministerio de Defensa, de carácter favorable, mencionase a existencia dunha antiga estación de Radio de A Carreira e unha parcela que formou parte do proxecto de heliporto de A Boeira, ambos desafectados a data de hoxe.

### 03.9.9.2 LEXISLACIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

É de aplicación a lexislación en materia de incendios forestais, en especial as redes secundarias de protección sendo o documento que as recolle o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. Este documento deberá adaptarse ás delimitacións propostas no PXOM unha vez aprobado definitivamente.

No plano PINF\_02 Mapas de Riscos reflíctense is incendios acaecidos no termo municipal dende o ano 2005 (para os maiores de 1Ha) e todos independentemente do tamaño dende 2008.

### AUTONÓMICA

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

A Lei 3/2007 establece as seguintes afeccións:

#### *Artigo 2 Definicións*

##### *13. Zona de influencia forestal:*

*As áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros, excluindo o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable delimitado.*

#### *Artigo 16. Planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais*

*A estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais será establecida por orde da consellaría con competencias en materia forestal, de acordo coas directrices que establece a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluírá a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte.*

#### *Artigo 23. Novas edificacións en terreos forestais e zonas de influencia forestal e medidas de prevención de incendios forestais nas novas urbanizacións.*


- 1. Os instrumentos de planeamento urbanístico deberán ter en conta a avaliación de risco de incendio forestal, no que respecta á zonificación do territorio e ás zonas de*

*alto risco de incendio que constan nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.*

2. *As novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións para uso residencial, comercial, industrial ou de servizos resultantes da execución de plans de ordenación urbanística que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, e que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que resulten estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal, terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:*
  - a) *Asegurar a existencia dunha faixa perimetral de protección de 30 metros de largo dentro da mesma propiedade, arredor da urbanización, edificación ou instalación, computada desde o límite exterior da edificación ou instalación destinada ás persoas, libre de vexetación seca e coa masa arbórea rareada, que en ningún caso conterà especies da disposición adicional terceira, consonte os criterios que se establecerán mediante orde da consellaría competente en materia forestal.*
  - b) *No caso de urbanizacións e edificacións para uso industrial deberán dispoñer de xeito perimetral dunha rede de hidrantes homologados para a extinción de incendios ou, na súa falta, de tomas de auga, de acordo co que se estableza regulamentariamente.*
3. *A partir da faixa perimetral de 30 metros indicada na alínea a) do punto anterior, establécese unha franxa perimetral de 20 metros de largo na cal os propietarios dos terreos serán responsables da realización das medidas de xestión da biomasa.*

### 03.9.3LEXISLACIÓN MINEIRA

No concello de Narón existen dúas concesións de recursos da sección C, que actualmente non se están explotando. No plano de información PINF\_04IOT\_AFEC\_14OAS. Outras afeccións sectoriais, pódese consultar a súa delimitación a escala 1/10.000.



Concesións de explotación de recursos das Seccións C) e D)

### ESTATAL

- Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas
- Lei 54/1980, do 5 de novembro, de modificación da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas

- Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería.

### **AUTONÓMICA**

- Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.

O artigo 11 da Lei 3/2008 de ordenación da minería de Galicia sinala que o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia establecerá os principios e directrices para a ordenación mineira e que as súas determinacións prevalecerán sobre ás do plan urbanístico.

O Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galicia atópase actualmente en tramitación, aínda que se terá en conta na ordenación do solo rústico do concello.

### 03.9.4LEXISLACIÓN CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

#### **ESTATAL**

- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído
- RD 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental.
- RD 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas

#### **AUTONÓMICA**

- Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia

#### **MUNICIPAL**

- Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións ( BOP nº 71 de 27/03/2007)

ORD 1367/2007 establece as seguintes afeccións:

*Artigo 7. Servidume acústica.*

1. *Para os efectos da aplicación deste real decreto considéranse servidumes acústicas as destinadas a conseguir a compatibilidade do funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de transporte viario, ferroviario, aéreo e portuario, cos usos do*

- solo, actividades, instalacións ou edificacións implantadas, ou que poidan implantarse, na zona de afección polo ruído orixinado nas ditas infraestruturas.
2. Poderán quedar gravados por servidumes acústicas os sectores do territorio afectados ao funcionamento ou desenvolvemento das infraestruturas de transporte viario, ferroviario, aéreo e portuario, así como os sectores de territorio situados no ámbito de tales infraestruturas, existentes ou proxectadas.
  3. Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas as inmisións poderán superar os obxectivos de calidade acústica aplicables ás correspondentes áreas acústicas.
  4. Nos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas poderanse establecer limitacións para determinados usos do solo, actividades, instalacións ou edificacións, coa finalidade de, cando menos, cumprir os valores límites de inmisións establecidos para aqueles.
  5. A delimitación dos sectores do territorio gravados por servidumes acústicas e a determinación das limitacións aplicables nestes estará orientada a compatibilizar, no posible, as actividades existentes ou futuras neses sectores do territorio coas propias das infraestruturas, e terán en conta os obxectivos de calidade acústica correspondentes ás zonas afectadas.
  6. En relación coa delimitación das zonas de servidume acústica das infraestruturas novas de competencia estatal, solicitarase informe preceptivo das administracións afectadas, e realizarase en todo caso o trámite de información pública e tomaranse en consideración as suxestións recibidas. Así mesmo, solicitarase informe preceptivo da administración afectada en relación coa determinación das limitacións de aplicación de tal zona a que fai referencia o número 4.

#### *Artigo 8. Delimitación de zonas de servidume acústica.*

*As zonas de servidume serán delimitadas pola administración competente para a aprobación de mapas de ruído de infraestruturas, mediante a aplicación dos criterios técnicos seguintes:*

- a) *Elaborarase e aprobarase o mapa de ruído da infraestrutura de acordo coas especificacións seguintes:*
  - 1º *Avaliaranse os niveis sonoros producidos pola infraestrutura utilizando os índices de ruído Ld, Le e Ln, tal como se definen no anexo I do Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro.*
  - 2º *Para a avaliación dos índices de ruído anteriores aplicarase o correspondente método de avaliación tal como se describe no anexo IV.*

- 3º O método de avaliación dos índices de ruído por medición só se poderá utilizar cando non se prevexan cambios significativos das condicións de funcionamento da infraestrutura, rexistradas no momento en que se efectúe a delimitación, que modifiquen a zona de afección.
  - 4º Para o cálculo da emisión acústica considérase a situación, actual ou prevista para o futuro, de funcionamento da infraestrutura, que orixine a maior afección acústica no seu ámbito.
  - 5º Para cada un dos índices de ruído calcularanse as curvas de nivel de ruído correspondentes aos valores límite que figuran na táboa A1 do anexo III.
  - 6º Para o cálculo das curvas de nivel de ruído terase en conta a situación dos receptores máis expostos ao ruído. O cálculo referenciarase con carácter xeral a 4 m de altura sobre o nivel do solo.
  - 7º Representación gráfica das curvas de nivel de ruído calculadas de acordo co número anterior.
- b) A zona de servidume acústica comprenderá o territorio incluído no ámbito da infraestrutura delimitado pola curva de nivel do índice acústico que, representando o nivel sonoro xerado por esta, estea máis afastada da infraestrutura, correspondente ao valor límite da área acústica do tipo a), sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial, que figura na táboa A1 do anexo III.

**Artigo 11. Servidumes acústicas e planeamento territorial e urbanístico.**

1. O planeamento territorial e urbanístico incluírá entre as súas determinacións as que resulten necesarias para conseguir a efectividade das servidumes acústicas nos ámbitos territoriais de ordenación afectados por elas. Caso de que o devandito planeamento inclúa a adopción Suplemento núm. 27 Mércores 31 outubro 2007 3159 de medidas correctoras eficaces que diminúan os niveis sonoros no ámbito da infraestrutura, a zona de servidume acústica poderá ser modificada polo órgano que a delimitou. Cando estas medidas correctoras perdan eficacia ou desaparezan, a zona de servidume restituirase ao seu estado inicial.
2. Co fin de conseguir a efectividade das servidumes acústicas, os instrumentos de planeamento territorial e urbanístico que ordenen fisicamente ámbitos afectados por elas deberán ser remitidos, con anterioridade á súa aprobación inicial, revisión ou modificación substancial, ao órgano substantivo competente da infraestrutura, para que emita informe preceptivo. Esta regra será aplicable tanto aos novos instrumentos como ás modificacións e revisións dos xa existentes.
3. Os titulares das infraestruturas para o servizo das cales se establecen as servidumes acústicas poderán instar na vía procedente a súa aplicación, sen

*prexuízo de que o incumprimento sexa imputable en cada caso ao responsable deste.*

A Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións ( BOP nº 71 de 27/03/2007), establece:

*Artigo 13. Zonas de sensibilidade acústica.*

- 1. Son zonas de sensibilidade acústica para os efectos da aplicación das presentes ordenanzas as sinaladas a continuación e que se clasifican en función daquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica.*
- 2. Zonas de sensibilidade e tipos de recintos:*
  - a) Zona de alta sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.*
  - b) Zona de moderada sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hoteis ou zonas de especial protección como os centros históricos.*
  - c) Zona de baixa sensibilidade acústica: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.*
  - d) Zona de servidume: comprende os sectores do territorio afectados por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias u outros equipos públicos que a reclamen.*
  - e) Zonas específicas xustificadas polo usos do solo ou a concorrencia doutras causas.*

*As zonas referidas con anterioridade, agás a zona de servidume, teñen adscritos cinco tipos de recintos, que se clasifican segundo os usos en:*

- Tipo I: dormitorios de edificios sanitarios, clínicas ou centros de descanso, auditorios, teatros de ópera.*
- Tipo II: dormitorios en vivendas, consultorios médicos, dormitorios de hoteis, teatros.*
- Tipo III: salas de estar, aulas de ensino, centros de culto, bibliotecas, oficinas de dirección, cines, salas de exposicións, museos.*
- Tipo IV: usos comúns de vivendas, corredores, cociñas, recibidores, salas de espera, laboratorios.*
- Tipo V: comercios, restaurantes, polideportivos, piscinas cubertas, estacións de viaxeiros*

3. *O plan xeral de ordenación municipal delimitará as zonas de sensibilidade acústica. No suposto de que o plan non o dispoña, as zonas virán delimitadas polo uso predominante existente en cada unha delas.*

**Artigo 14.**

1. *Os valores de recepción son os niveis de avaliación máximos permitidos no ambiente exterior ou no interior e fíxanse en función do período horario e da zona de sensibilidade acústica de acordo coa Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.*

2. *Os valores de recepción do ruído no ambiente exterior son os seguintes:*

*Z = Zonas de sensibilidade acústica.*

*(1) De 08.00 horas a 22.00 horas LpAeq.*

*(2) De 22.00 horas a 08.00 horas LpAeq.*

*Zona de servidume:*

*A zona de servidume sonora derivada da existencia ou previsión de focos emisores de ruído e/ou vibracións, como poden se-las infraestruturas viarias, as ferroviarias ou outros equipos públicos que o reclamen, será delimitada polo órgano administrativo competente.*

*A zona de servidume abranguerá o territorio do contorno do foco emisor e delimitarase nos puntos do territorio, ou curva isófona, onde se midan os valores guía de recepción no ambiente exterior que correspondan de acordo coas zonas de sensibilidade acústica.*

*No caso de que pola zona de sensibilidade acústica, A, transcorra unha autoestrada, a zona de servidume derivada desta comprenderá o territorio do contorno da autoestrada ata os puntos do espazo delimitado pola curva isófona 60 dB(A).*

*Excepcionalmente, poderá autorizarse unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos, nuns puntos determinados do termo municipal, atendendo eventos singulares programados, tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns.*

3. *Os valores de recepción do ruído no ambiente interior son os seguintes:*

*Z= Zonas de sensibilidade acústica.*

*(1) De 08.00 horas a 22.00 horas LpAeq.*

*(2) De 22.00 horas a 08.00 horas LpAeq.*

**03.9.19 LEXISLACIÓN DE COMERCIO****AUTONÓMICA**

- **Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.**

*Artigo 27. Uso comercial do solo.*

- 1. Con carácter xeral, o planeamento xeral de ordenación municipal de cada concello ordenará especificamente os usos comerciais, garantindo unha axeitada protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente e a protección do medio ambiente.*
  - Nos supostos de insuficiencia das previsións dos instrumentos de ordenación urbanística, en particular, cando estea motivada pola falta de adaptación destes instrumentos á normativa urbanística e comercial en vigor, a consellaría competente en materia de comercio, logo de audiencia do concello ou dos concellos afectados, poderá impulsar plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal destinados a regularen a implantación de equipamentos comerciais, cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia, demanda social ou especiais características.*
- 2. Para os efectos do previsto na alínea anterior, a ordenación territorial e urbanística, ao ordenar os usos comerciais, destinará solo axeitado e suficiente para atender as necesidades da poboación, prestándolle especial atención á densidade comercial, tentando acadar o equilibrio do territorio.*
- 3. Nos sectores de solo urbanizable e nos polígonos de solo urbano non consolidado, para os que se prevexan usos residenciais, aínda cando estes usos non sexan maioritarios, os plans establecerán unha reserva mínima de edificabilidade para uso comercial acorde á establecida na normativa urbanística aplicable.*
- 4. Para os efectos da ordenación comercial, a consellaría competente en materia de urbanismo, con ocasión do informe preceptivo que proceda ao correspondente instrumento de ordenación territorial ou urbanística, referirase expresamente ao cumprimento do disposto neste artigo.*

**03.9.20 LEXISLACIÓN AREAS EMPRESARIAIS****AUTONÓMICA**

- **Lei 2/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.**

*Artigo 24. Alcance da eficacia*

- 1. O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia ten vixencia indefinida e as súas determinacións terán, en todo caso, a eficacia que sexa*

*congruente coa súa funcionalidade, debendo expresar de forma clara e inequívoca o alcance co que operarán.*

- 2. A aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia non implica a modificación da clasificación urbanística dos terreos incluídos nos ámbitos das áreas empresariais delimitados no mesmo, salvo no suposto previsto no segundo parágrafo do apartado e) do artigo 11.*

*Neste caso, e con pleno respecto á autonomía municipal, dada a presenza de intereses supramunicipais, a fin de garantir a eficacia das determinacións previstas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e os principios de celeridade, eficacia, simplificación administrativa e seguridade xurídica, poderán tramitarse simultaneamente, mediante os procedementos previstos na presente lei, e garantindo, polo tanto, a intervención municipal a través dos trámites de consulta e audiencia, a aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e a modificación dos planes urbanísticos, nas cuestións estritamente afectadas polas determinacións do mesmo e para garantir a súa efectividade, sen perxucio da eficacia das súas determinacións prevista no parágrafo anterior, que se producirá dende que entren en vigor.*

- 3. Cando o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia conteña determinacións de aplicación directa e, polo tanto, inmediatamente aplicables aos terreos sobre os que incidan, estas prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente. Neste caso, os municipios haberán de adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido do citado plan sectorial, no prazo que determine este último e, en todo caso, no primeira modificación ou revisión do planeamento urbanístico, sen perxucio da eficacia de ditas determinacións dende a entrada en vigor do plan.*
- 4. Cando o plan conteña determinacións vinculantes para o planeamento urbanístico que non teñan aplicación directa e inmediata, estas obrigarán a adaptarse ao seu contido na elaboración e modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico, ben sexa cando se decida levala a cabo, ben sexa no prazo previsto na propia determinación.*
- 5. Así mesmo, a aprobación do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia producirá os efectos previstos na lexislación urbanística para a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico, no que resultasen compatibles coa natureza do mesmo.*

### 03.6.10.6 PERSPECTIVA DE XÉNERO

#### ESTATAL

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno;
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes;
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público;
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.

#### AUTONÓMICA

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG núm. 149 do 03/08/2004; BOE núm. 228 do 21/09/2004).
DE deportivo                      REL relixioso  
REC: recreativo ou de relación

No seu conxunto, Narón presenta unha taxa de 15,7m<sup>2</sup>de solo destinado a equipamentos públicos por habitante, que ascende a 23,26m<sup>2</sup> si se consideran os equipamentos privados, valor que se estima adecuado pero do mesmo xeito que nos espazos libres a taxa global de equipamentos esconde desequilibrios territoriais no termo municipal.


Estes déficits analizáronse no estudo de impacto de xénero, e os equipamentos establecidos polo PXOMnos distintos ámbitos de solo urbano non consolidado teñen en conta a necesidade de cobertura destes déficits.

*Síntese de coberturas en 100/200/300/500/1000m das dotacións*



É claro nesta análise que a cobertura no medio urbano é moi superior á existente nas parroquias rurais, a pesar de que este feito constitúe unha realidade difícil de resolver a proposta é a mellora das comunicacións coa xeración de sendas peonís e espazos libres lineais que melloren a conectividade das dotacións existentes e previstas.

### Síntese da análise relacional Dotación-Distancia-UsuariosPotenciais



#### 03.12.3 INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS

Segundo o artigo 65 RLSG, o sistema de infraestruturas de comunicacións comprende as ferroviarias, portuarias, aeroportuarias, viarias e fluviais. Narón carece de aeroporto e non alberga instalacións relacionadas co transporte fluvial.

O devandito artigo define as infraestruturas portuarias como os portos e as instalacións vinculadas ao seu funcionamento, así como os terreos afectados ao servizo de sinalización marítima. Os terreos da siderúxica MEGASA considéranse sistema xeral Portuario situado parcialmente sobre terreos de dominio público portuario.

Centrarémonos, polo tanto, nas redes xerais de infraestruturas ferroviarias e viarias.

Segundo o establecido no artigo 140 RLSG, na serie de planos de información PINF\_04IOT\_AFEC\_10IV. Infraestruturas viarias represéntanse as determinacións dos instrumentos de ordenación do territorio e afeccións da normativa sectorial que deban considerarse para a ordenación urbanística. Para este caso concreto represéntase a rede xeral

de comunicación viaria e a rede ferroviaria de interese xeral así como súas zonas de afección e protección.

Nun segundo plano, PINFSU\_02URB\_01VIARIO, plásmanse as características do viario existente no solo urbano.

Todo isto sen prexuízo de que, en caso de contradición ou desaxuste prevalecerá o disposto na normativa sectorial de referencia en cada caso.

#### 03.12.3.1 INFRAESTRUTURAS VIARIAS

O sistema de estradas de comunicación comarcal dirección a Cedeira, San Sadurniño e Valdoviño establece un elemento primario de interdependencia sobre o sistema tradicional de asentamentos rurais exteriores, modificando a súa configuración e conformando eixos lineais de crecemento disperso que enlazan segundo unha trama continua distintas agregacións nas parroquias de Narón, Castro e Pedroso, unindo aqueles asentamentos tradicionais preexistentes conforme ao percorrido da estrada.

Á meirande parte dos núcleos, ata os menores, pode accederse seguindo o itinerario, polo menos dunha pista pavimentada, aínda que o estado e características do firme varían segundo o tipo e localización do mesmo. A pavimentación é xeralmente de aglomerado asfáltico, mantendo os camiños agrícolas, exceptuando as pistas da concentración parcelaria, a súa configuración tradicional.

Conforme a súa organización a partir da expansión da periferia de Ferrol, absorbendo o seu crecemento as agrupacións preexistentes, o núcleo urbano de Narón carece dun núcleo central diferenciado, constituíndose nunha aglomeración case continua, cuxo eixo principal de desenvolvemento estrutúrase segundo o percorrido das estradas de Castela e Cedeira.

O territorio estrutúrase así mediante unha malla irregular de estradas principais, onde aos grandes eixos lonxitudinais, constituídos pola mencionada estrada de Castela, a estrada local da Carreira a San Sadurniño e a nova autovía de Ferrol ás Pontes, superpóñense as vías transversais de relación exterior, seguindo tres pequenas valgas da vertente da ría que fragmentan o val central, conformando as saídas a Valdoviño e Cedeira.

O termo municipal de Narón está moi ben comunicado, tanto a nivel comarcal como a nivel metropolitano. A autoestrada que articula o eixo atlántico de Galicia, a AP-9, que une dende Tui ata Ferrol é o principal acceso ao Concello, con enlaces no termo municipal en Freixeiro, A

Gándara e Xuvia, e enlaza ademais co Polígono Industrial Río do Pozo a través de vías de alta capacidade.

A autovía A-64, Ferrol-As Pontes-Vilalba, posúe tres accesos no termo municipal en Sedes, Castro e Polígono Industrial Río do Pozo. A estas vías hai que engadir unha extensa rede de estradas autonómicas, a estrada de Castela que atravesa o núcleo urbano ata chegar ao termo municipal de Ferrol, e as estradas Ferrol-Cedeira e Ferrol-Ribadeo.

Polo termo municipal de Narón discorren cinco estradas estatais: a mencionada autoestrada de peaxe (AP-9), tres estradas multicarril (FE-11, FE-12 e FE-13) e unha convencional (N-655). Discorren, tamén, sete estradas autonómicas e nove pertencentes á Deputación.

	CATEGORÍA	SUBCATEGORÍA/ TIPO DE REDE	ESTRADA
ESTADO	Autoestradas	Autoestrada de peaxe	AP-9
	Rede de interese xeral do Estado (RIGE)	Multicarril	FE-11
			FE-12
			FE-13
			Estrada convencional
XUNTA	Autovía	Estruturante	AG-64
	Convencional	Local/ Complementaria	AC-566
		Local	AC-862
		Local	AC-116
		Local	AC-112
		Local	AC-125
DEPUTACIÓN	Deputación	Local	DP-3614
			DP-5401
			DP-5402
			DP-5403
			DP-5404
			DP-5405
			DP-5406
			DP-5407
			DP-5408

Por último, Narón conta con varias áreas de aparcadoiro, tanto no centro urbano como no solo rústico. Estes aparcamentos teñen, en xeral, consideración de sistemas locais. Non en tanto, dous deles considéranse sistemas xerais. Trátase do aparcamento do apeadeiro de Santa Icíá, integrado no Plan Sectorial de aparcadoiros disuasorios ao que nos referiamos nun apartado

anterior desta Memoria e cuxo carácter complementario da rede ferroviaria aconsella a súa inclusión na rede xeral viaria. Por outra banda temos a área de estacionamento de camións de Río do Pozo, que polas súas dimensións, características e proximidade á AG-64 da servizo tanto ás actividades do polígono como posibilita o estacionamento de vehículos de paso.

Achegamos a continuación a táboa correspondente aos aparcamentos existentes:

CÓDIGO	TITULARIDADE	ALCANCE	OBTENCIÓN	TIPO	SUBTIPO	BARRIO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m <sup>2</sup> )
S30	pb	SX	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro disuasorio	1327
R25	pb	SX	Ex	IC	VIA	CASTRO	Aparcadoiro	12060
X24	pb	SL	Ex	IC	VIA	SAN XIAO	Aparcadoiro	391
R24	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2308
G29	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2969
R23	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	5708
AC47	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	628
F20	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2012
N09	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1743
AC50	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	3925
AC49	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	959
G30	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1214
AC48	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	4528
X23	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1207
P35	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1676
<b>TOTAL SISTEMAS XERAIS INFRAESTRUTURA VIARIA</b>								<b>42.622</b>

DPb	Titularidade pública	SX	Sistema xeral	Ex	Existente	IC	Infr. comunicacións
DPv	Titularidade privada	SL	Sistema local			VIA	Viario

Ademais, o concello instrumentou, mediante a fórmula do comodato, o uso provisional como aparcadoiro dalgúns terreos privados sen uso na actualidade estes usos poderán manterse dado que é un uso permitido nas ordenanzas de solo urbano consolidado.

### 03.12.3.2. INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

En canto á rede ferroviaria, compre sinalar que polo termo municipal de Narón discorren dúas liñas de interese xeral, ambas as pertencentes á rede de ADIF: Betanzos Infesta-Ferrol e Ferrol - Pravia. A estación principal de Narón atópase en Xuvia, aínda que o centro urbano conta con cinco apeadeiros máis e existen outros tres en As Ferrerías, Sedes e Pedroso.

Achegamos a continuación a táboa correspondente aos apeadeiros ferroviarios.

CÓDIGO	TITULARIDADE	ALCANCE	OBTENCIÓN	TIPO	SUBTIPO	BARRIO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m <sup>2</sup> )
AC51	DPb	SX	Ex	IC	FER	ALTO DO CASTIÑEIRO	Apeadero de FEVE O Alto do Castiñeiro	185
P36	DPb	SX	Ex	IC	FER	PIÑEIROS	Apeadero de FEVE Piñeiros	384
N08	DPb	SX	Ex	IC	FER	PIÑEIROS	Apeadero de FEVE O Ponto	189
S32	DPb	SX	Ex	IC	FER	A SOLAINA	Apeadero de FEVE Santa Iclía	137
S31	DPb	SX	Ex	IC	FER	A SOLAINA	Apeadero de FEVE Virxe do Mar	133
N10	DPb	SX	Ex	IC	FER	XUVIA	Estación FEVE Xuvia	4.288
N11	DPb	SX	Ex	IC	FER	AS FERRERÍAS	Apeadeiro de FEVE As Ferrerías	91
PE12	DPb	SX	Ex	IC	FER	PEDROSO	Apeadeiro de FEVE Pedroso	1.645
SE12	DPb	SX	Ex	IC	FER	BORRALLADA	Apeadeiro de FEVE Sedes	210
<b>TOTAL SISTEMAS XERAIS INFRAESTRUTURA FERROVIARIA</b>								<b>7.262</b>

DPb Titularidade pública    SX Sistema xeral    Ex Existente    IC Infr. comunicacións  
 FER Ferroviario

### 03.12.3.3. INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

Como se explicou no apartado 03.9.10 desta memoria a zona portuaria de Narón está situada ao fondo da Ría de Ferrol, na zona industrial de Megasa, e forma parte da zona portuaria do Porto de Ferrol que xestiona Portos do Estado. Non obstante, debemos mencionar que, aínda que se trata de terreos que forman parte do dominio público portuario, non nos atopamos ante unha instalación portuaria ao uso, senón ante unha actividade industrial. Por iso, represéntase no plano de información PINF\_04\_2 como dominio público portuario, se ben especifica o carácter industrial da área. Considérase un sistema xeral portuario.

Por outra parte, cabe destacar que a delimitación do dominio público portuario inclúe un tramo da FE-11, tramo no que non resultarán de aplicación as afeccións sinaladas na normativa sectorial de estradas do Estado.

### 03.12.4 REDES DE SERVICIOS BÁSICOS.

O artigo 65 RLSG dispón que os sistema xeral de infraestruturas está formado polo conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, para a prestación dos servizos urbanísticos do termo municipal, entre outros os destinados:

- Á execución da política hidráulica, especialmente os encoros e as construcións e conducións que aseguren o abastecemento de auga.
- Á evacuación das augas residuais e a súa depuración.
- Ao tratamento e á eliminación de residuos.
- Á protección da natureza e á loita contra o lume.
- Á execución da política enerxética.
- Aos elementos e liñas xerais de telecomunicacións en calquera das súas formas.

Analizamos a continuación cada un destes servizos.

#### 03.12.4.1 ABASTECIMIENTO

A empresa concesionaria do servizo de abastecementode auga é a *Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico S.A. (COSMA)*.

No seu informe do 7 de outubro de 2019, a compañía manifestaba que *“O caudal subministrado á rede antes do inicio de actividade de COSMA, ascendía a 4.115.295 m<sup>3</sup>/ano. O cal foi reducíndose ao longo dos anos a pesar do incremento de poboación e industria, grazas á renovación da rede e os programas de sectorización e busca de fugas, ata os 2.892.663 m<sup>3</sup>/ano no ano 2018. Tendo en conta estes datos e os reforzos na rede de abastecemento incluídos no plan de inversión aprobado por COSMA, a rede xeral de abastecemento ten capacidade hidráulica suficiente para albergar o incremento de caudal considerado no documento de aprobación inicial do PXOM”*.

Cabe mencionar respecto do anterior que a necesidade total de abastecemento estimada nese documento informado ascendía a 4.378.540 m<sup>3</sup>/ano, análogo ao caudal fornecido antes de comezar a operar a citada compañía.

#### **CAPTACIÓN**

A captación de abastecemento da área metropolitana de Ferrol sitúase no encoro das Forcadas (Concello de Valdoviño). A capacidade do encoro é de 11 hm<sup>3</sup> e sitúase a cota 169,65 m.

No Plan Hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC) 2.021-2.027 móstranse os datos estimados para as distintas demandas urbanas e industriais, que suman:

- Narón: 3,72 hm<sup>3</sup>/ano (2019), con dotación 270 l/hab día e o 20% de perdas.
- Río do Pozo: 3,82 hm<sup>3</sup>/ano.
- Enseada de Gándara (Ferrol e Narón): 1,388 hm<sup>3</sup>/ano.
- As Lagoas: 0,798 hm<sup>3</sup>/ano.

### **ESTACIÓN DE TRATAMENTO DA AUGA POTABLE**

A auga captada no encoro das Forcadas é enviada á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Catabois, situada no concello de Ferrol e explotada pola Empresa Mixta de Augas de Ferrol (EMAFESA).

Os procesos de tratamento desta ETAP son os que se mencionan a continuación:

- Pre-oxidación con derivados do cloro
- Mestura rápida /Floculación. Floculante e carbón activo en po.
- Decantación (superpulsator)
- Filtración por filtros de area
- Desinfección (cloro gas)





*Planta da ETAP Catabois*

A ETAP de Catabois ten un caudal de deseño de 1.100 l/s (95.040 m<sup>3</sup>/día) e conta con dúas liñas. EMAFESA facilitou os seguintes datos de caudais actuais (2018) tratados pola potabilizadora, que reflicten que está a recibir como máximo o 62% dos caudais de deseño:

- Caudal medio actual: 45.934 m<sup>3</sup>/día.
- Caudal punta actual: 58.571 m<sup>3</sup>/día.

### **REDE DE ABASTECIMENTO**

Segundo a información de EMAFESA, a ETAP subministra auga ao concello de Narón, a través de dous depósitos:


- Depósito de Catabois: volume 40.000 m<sup>3</sup>, cota 80,3 m.
- Depósito Ou Senón Alto: volume 20.000 m<sup>3</sup>, cota 68,2 m.

Ademais, Narón conta cun pequeno depósito coñecido como Depósito de O Val e situado no lugar deCaaveiro.

Tal e como se indica no Plan de Investimentos 2017-2022 elaborado por COSMA, a subministración realízase a través de tres puntos da rede xeral de abastecemento:


- Liña xeral de 400: A conexión da rede de Ferrol coa de Narón realízase á altura do Ponte das Cabras. É o principal punto de subministración, representando en torno ao 80% da auga en alta que entra na rede xeral de abastecemento. Abastece á maior parte da zona urbana e a unha pequena parte da zona rural.

- Polígono Río do Pozo: A conexión da rede de Ferrol coa de Narón realízase á altura do límite do Polígono Río do Pozo (zona de Río Seco). Representa en torno ao 10% da auga en alta que entra na rede xeral de abastecemento. Cubre a subministración ao polígono industrial, ás parroquias de o Val, San Mateo, Castro, parte da parroquia de San Xiao e a unha parte da zona rural.
- Polígono de A Gándara: O entroncamento da rede de Ferrol coa de Narón realízase á altura do límite municipal no polígono de A Gándara. Representa en torno ao 10% da auga en alta que entra na rede xeral de abastecemento. Abastece ao polígono industrial e á parte da zona urbana de A Gándara.



*A rede de abastecemento do concello de Narón é xestionada e explotada pola empresa  
Compañía de Servizos Ambientais do Atlántico S.A. (COSMA)*

A lonxitude total da rede é de algo máis de 216 km e estásectorizada, o que permite un seguimento e control efectivo do rendemento e un axuste das presións, evitando no posible presións moi altas ou moi baixas. Ademais, actualmente o servizo presenta unha cobertura completa das zonas urbanas (salvo casos illados), pero existen amplas zonas do rural nas que as vivendas se atopan moi dispersas e que carecen de servizo.



*Rede de abastecemento de auga do concello de Narón*

Na táboa seguinte móstranse os volumes comprados polo concello nos últimos anos:

	ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE	TOTAL
2002	287.127	309.831	292.097	400.267	333.404	358.685	349.499	393.386	337.433	361.987	335.498	356.081	4.115.295
2003	356.081	356.081	332.470	342.150	340.168	371.195	326.106	368.580	332.330	282.634	323.160	334.028	4.064.983
2004	349.010	322.030	287.049	335.963	298.183	324.270	341.672	299.712	338.115	339.918	277.654	280.273	3.793.849
2005	301.300	274.549	301.315	298.166	298.903	308.975	324.536	334.761	312.712	289.897	272.941	287.055	3.605.110
2006	317.586	272.351	276.769	300.174	279.910	320.531	287.653	308.291	329.484	305.787	290.697	304.362	3.593.595
2007	333.334	284.014	333.766	306.312	300.070	319.260	318.379	355.409	364.548	346.019	305.319	298.942	3.865.372
2008	295.385	259.031	252.194	239.243	255.803	243.872	272.164	251.159	251.376	252.144	245.712	181.590	2.999.673
2009	211.767	188.904	255.215	247.881	276.912	262.559	265.786	239.086	251.367	260.675	199.348	246.470	2.905.970
2010	280.997	249.253	269.630	255.338	275.260	266.172	283.653	265.714	262.353	264.011	230.975	245.245	3.148.601
2011	254.076	224.420	243.836	248.087	246.236	265.210	265.201	271.168	270.912	267.568	235.709	238.810	3.031.233
2012	261.695	236.816	259.479	234.524	246.644	243.733	251.970	257.327	267.585	231.304	233.592	247.007	2.971.676
2013	261.251	231.653	258.125	244.903	216.233	242.191	261.359	271.263	242.455	239.890	253.100	225.651	2.948.074
2014	230.651	217.729	243.460	215.382	226.379	241.438	239.326	215.100	246.125	230.314	225.761	201.093	2.732.758
2015	220.368	231.270	221.946	217.503	247.904	250.190	255.068	246.475	239.814	231.501	239.158	230.487	2.831.684
2016	239.506	210.736	228.652	221.702	214.244	228.434	264.269	274.715	235.237	238.667	238.910	219.311	2.814.383
2017	240.311	215.544	226.177	244.497	254.682	245.146	261.482	249.655	242.977	232.112	238.849	217.486	2.868.918
2018	247.448	218.712	263.197	227.578	235.385	244.155	246.366	253.195	259.966	238.850	229.315	229.112	2.893.279

Segundo datos de COSMA, en 2018 o consumo total ascendeu a 1.880.567,25 m<sup>3</sup>; é dicir, 5.152,24 m<sup>3</sup>/día. Deste total o 79% corresponde a uso doméstico e o 21% restante a usos produtivos, xa sexan industriais ou terciarios.

	Nº CLIENTES	ABASTECIMENTO						TOTAL VARIABLE
		TRAMO 1	TRAMO 2	TRAMO 3	TRAMO 4	TRAMO 5	TRAMO 6	
		m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>	m <sup>3</sup>
DOMÉSTICO	17050	1.204.640,23	178.069,03	57.056,56	37.719,47	0,00	0,00	1.477.485,29
INDUSTRIAL I	415	21.011,50	12.991,19	13.756,28	4.502,00	3.336,20	0,00	55.597,17
INDUSTRIAL II	207	22.006,49	24.959,62	26.759,72	9.343,76	9.029,56	21.243,67	113.342,82
INDUSTRIAL III	269	19.256,74	17.824,81	24.726,36	11.164,06	20.521,76	120.833,16	214.326,89
OBRA MAIOR	22	1.331,87	1.252,70	1.828,04	382,00	276,36	0,00	5.070,97
OBRA MENOR	79	5.379,98	3.168,24	1.751,42	782,00	1.940,00	1.722,48	14.744,11

*Industrial I: comercios en xeral, oficinas, pequenas clínicas, bancos, salóns de peiteado e negocios non incluídos nas categorías II y III.*

*Industrial II: negocios relacionados coa hostalaría coma bares, restaurantes, establecementos hoteleiros, cines, residencias ou similares.*


*Industrial III: talleres, concesionarios, gasoleiras, industrias, naves industriais o similares.*

O consumo medio rexistrado nos últimos anos sufriu unha redución despois dun incremento a mediados da década pasada. Manténdose a tendencia a medio e longo prazo, o consumo debería estabilizarse en valores similares aos actuais, da orde de 130 - 140 l/ hab/día. Este valor contrasta co PHGC, que recolle dotacións de 210 a 300 l/hab/día para municipios de entre 10.000 e 50.000 habitantes, segundo se a actividade industrial é baixa ou alta.

### **PLAN DE INVESTIMENTOS**

O Plan de inversións 2017-2022 analiza as necesidades do municipio en materia de abastecemento para os próximos anos e propón as seguintes actuacións:

- Ampliación da capacidade da liña de abastecemento que discorre pola estrada de O Feal para reforzar a canalización xeral que atravesa Narón desde o Ponte das Cabras ata Neda. Actualmente esta canalización vai diminuindo de diámetro segundo se achega ao límite co Concello de Neda, polo que a capacidade hidráulica queda comprometida. A subministración desta canalización reforzaríase coa auga procedente desde o Polígono do Río do Pozo, a través dunha tubaxe nova de DN150 que discorrería pola estrada de O Feal.



● Reforzo nas redes abastecemento parroquias de Castro, O Val e San Xiao.

Proponse a instalación de 1.113 metros de colector de abastecemento para poder dar servizo a canalizacións xa preinstaladas en anteriores obras, e reforzar a rede da parroquia de O Val, para dispoñer dun abastecemento alternativo nos casos de mantemento do Depósito de O Val. Coa actuación nas parroquias de Castro e O Val, conéctanse as redes das dúas parroquias, podendo abastecer a ambas parroquias por un novo punto, no caso de ser necesario. O que derivará, así mesmo, na optimización das instalacións existentes (Depósito de O Val e Grupo de Presión de O Feal).



Refuerzo red abastecimiento en Castro - O Val



Refuerzo red abastecimiento en San Xiao

A rede de abastecemento represéntase no plano de información PINF\_09SERV\_01ABAST, no que figura a rede de abastecemento existente. Tamén gráfanse depósitos, puntos de subministroeaETAP de Catabois. No plano PINFSU\_02URB\_02ABAST pódese consultar a rede de abastecemento na zona urbana a maior escala. Engádese aquí información máis detallada da rede, como hidrantes, ventosas ou arquetas.

#### 03.12.4.2 SANEAMENTO.

A rede de colectores do municipio de Narón son xestionados e explotados pola empresa *Compañía de Servizos Ambientais do Atlántico S.A. (COSMA)*, mentres que o interceptor xeral e os tanques de tormenta son explotados por ACUAES.

#### **REDE DE SANEAMENTO**

Os datos achegados por COSMA reflicten a lonxitude da complexa rede de saneamento de 227 km. A zona urbana ten rede separativa na súa maior parte, mentres que na zona rural está instalada unicamente a rede de saneamento de augas residuais, á que se prohíbe verter pluviais. Segundo COSMA, as verteduras totais son de 1.998.445,53 m<sup>3</sup>/ano; é dicir, 5.475,19 m<sup>3</sup>/día. Deste volume o 79%, correspóndense a uso doméstico e o 21% a industrial e terciario. No seu informe do 7 de outubro de 2019, COSMA conclúe que a rede existente ten capacidade para incorporar o incremento de caudal derivado do desenvolvemento do PXOM sometido a informe.

As verteduras van ao interceptor xeral da marxe dereita da ría de Ferrol a través de varios tanques de tormenta. Conforme á documentación recibida da empresa explotadora ACUAES o esquema das obras do interceptor é o seguinte:



Colector Interceptor da marxe dereita da ría de Ferrol

A continuación recómilase a información fundamental dos proxectos dos distintos tramos do interceptor que recollen as verteduras de distintas zonas de Narón:

Proxecto segregado de acondicionamento do interceptor da marxe dereita da ría de Ferrol.

Tramo: A Malata – P.I. Gándara

Rehabilitáronse distintos tramos do interceptor existente e construíronse colectores xerais e secundarios para recoller as augas de Ferrol Centro, Esteiro e A Gándara.

O interceptor no subtramo Gándara é unha condución de formigón armado nunha lonxitude de 1.234 m.

interceptor no subtramo Esteiro é unha condución de 1.500 mm de formigón armado nunha lonxitude de 782 m. Tamén hai 450 m de galería de formigón rehabilitada *insitu*.

Ademais construíronse dous tanques de tormentas na zona de Esteiro, *Esteiro 1* e *Esteiro 2*.

O tanque de tormentas Esteiro 1 ten 700 m<sup>3</sup> de capacidade. Recolle fundamentalmente augas a través unha serie de colectores que conectan coas redes existentes na conca baixa do antigo río Tronco, cun caudal máximo á entrada de 1,5 m<sup>3</sup>/s.

As augas envíanse cara ao interceptor mediante un bombeo de caudal máximo de 254 l/s, a través dunha impulsión de FD 350 con lonxitude 149 m. O caudal medio de tempo seco é de 13 l/s e o de punta de 21 l/s.

O tanque de tormentas Esteiro 2 ten 1.800 m<sup>3</sup> de capacidade. Recolle fundamentalmente augas a través de colectores executados pola Confederación Hidrográfica de Miño-Sil, cun caudal máximo á entrada de 8,26 m<sup>3</sup>/s.

As augas envíanse cara ao interceptor mediante un bombeo de caudal máximo de 680 l/s, cunha impulsión de FD 500 con lonxitude 48 m. O caudal medio de tempo seco é de 39 l/s e o de punta de 66 l/s.

#### Proxecto de acondicionamento do interceptor da marxe dereita da ría de Ferrol. Tramo: “A Gándara – Cadaval”

Acondiciónase o interceptor xeral nos tramos do barrio de Caranza e o tramo entre A Gándara e Cadaval. Ademais executáronse unha serie de colectores xerais e secundarios que conducen as augas cara aos tanques de tormenta que impulsan as augas ao interceptor.

O interceptor no subtramo da Gándara é de formigón armado de 1.200 mm con 167 m de lonxitude.

O tanque de tormentas de Gándara ten 800 m<sup>3</sup> de capacidade. Ten un caudal de deseño á entrada de 4,7 m<sup>3</sup>/s. O caudal medio de tempo seco é de 11 l/s e o de punta de 19 l/s.

As augas envíanse cara ao interceptor no tramo de Narón mediante un bombeo de caudal máximo de 54 l/s, cunha impulsión de FD 200 con lonxitude 854 m.

O tanque de tormentas de Cadaval ten 11.000 m<sup>3</sup> de capacidade. Ten un caudal de deseño á entrada de 7,6 m<sup>3</sup>/s. O caudal medio de tempo seco é de 317 l/s e o de punta de 532 l/s.

As augas envíanse cara ao interceptor xeral mediante un bombeo de caudal máximo de 930 l/s. A impulsión é unha tubaxe de FD 700 mm en 852 m de lonxitude.

#### “Proxecto de interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol. Tramo Río Inxerto”.

Consta de condución de PRFV 800 mm en lonxitude de 44 m, condución de formigón de 800 mm en lonxitude de 792 m e condución formigón de 1.000 mm en lonxitude de 281 m.

No tramo de Inxerto recolléronse as verteduras directas que recibía o encanamento do río Inxerto baixo o Polígono da Gándara.

Para iso construíronse varios colectores xerais e secundarios, cuxo caudal é regulado mediante un novo tanque de tormentas, denominado Inxerto 1.

O tanque de tormentas Inxerto 1 ten 2.100 m<sup>3</sup> de capacidade. Ten un caudal de deseño á entrada de 4,3 m<sup>3</sup>/s. O caudal medio de tempo seco é de 13 l/s e o de punta de 21 l/s.

As augas envíanse cara ao interceptor mediante un bombeo de caudal máximo de 107 l/s. A impulsión desde o tanque Inxerto 1 ata a cámara de rotura no interceptor na Gándara, ten 505 m de impulsión de FD de 250 mm.

No tramo de Inxerto 2 recolléronse as verteduras da marxe esquerda do río Inxerto, no inicio do seu tramo canalizado ata a zona do hipermercado Alcampo. Para elo substituíuse parte da rede de colectores existente nas inmediacións da Estrada de Castela, por outros de maior capacidade que se conectaron ao tanque de tormentas de Inxerto 2.

O tanque de tormentas Inxerto2 ten 3.850 m<sup>3</sup> de capacidade. Ten un caudal de deseño á entrada de 16,25 m<sup>3</sup>/s. O caudal medio de tempo seco é de 68 l/s e o de punta de 115 l/s.

As augas envíanse cara ao interceptor xeral mediante un bombeo de caudal máximo de 257 l/s.

#### “Proxecto de acondicionamento do interceptor da marxe dereita da ría de Ferrol. Tramo: Cadaval – Neda”

Realizouse o acondicionamento do interceptor xeral, executouse o tanque de tormenta de Xuvia co seu bombeo ao estanque de tormentas de Cadaval, substituíuse o interceptor entre Freixeiro e Neda e realizáronse obras de conexión nos puntos baixos da estrada de Castela e o Parque do Río Freixeiro.

O interceptor no subtramo Cadaval consta dunha conducción de formigón de 600 mm con lonxitude de 654 m e unha conducción de 800 mm con lonxitude de 552 m.

O tanque de tormentas de Xuvia ten 4.500 m<sup>3</sup> de capacidade. O caudal máximo de deseño da entrada é de 8,6 m<sup>3</sup>/s. O caudal medio de tempo seco é de 7 l/s e o de punta de 12 l/s.

As augas envíanse cara ao tanque de tormentas de Cadaval mediante un bombeo de caudal máximo de 310 l/s. A impulsión é unha conducción de FD 600 mm nunha lonxitude de 1.060 m e de FD 500 mm nunha lonxitude de 482 m.

### **ESTACIÓN DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

O interceptor xeral da marxe dereita de Ferrol, explotado por ACUAES, leva as augas ata a estación de bombeo da Malata e de aí á estación depuradora de augas residuais de Cabo Prioriño, explotada por EMAFESA.

A EDAR de Cabo Prioriño foi deseñada para dar servizo á poboación de Ferrol, Narón e Neda, cunha poboación horizonte de 198.500 habitantes equivalentes (156.000 habitantes domésticos e 42.500 habitantes equivalentes industriais), conforme ao Proxecto realizado por Confederación Hidrográfica do Norte en 2.005.

Os datos de deseño da liña de auga da depuradora recollidos no devandito proxecto son:

- Caudal máximo de chegada en tempo de choiva: 23.400 m<sup>3</sup>/h.
- Caudal máximo de pretratamento: 14.400 m<sup>3</sup>/h.
- Caudal medio diario: 99.360 m<sup>3</sup>/día.
- Carga de deseño DBO5: 222 mg/l.
- Carga de deseño SS: 230 mg/l.

Os datos de verteduras tratadas actualmente na EDAR por EMAFESA son de 59.194,22 m<sup>3</sup>/día.

Na zona rural, COSMA explota varios bombeos e dúas depuradoras que dan servizo ás parroquias de Sedes e Pedroso respectivamente. No seu estudio das necesidades dos núcleos rurais en materia de abastecemento, a compañía propón a realización de 25 actuacións e conclúe que as prioritarias son “O Val Zona 1” e “Sedes Zona 1”.

Nº	Nº Zona Actuación	PEM	PBL	PEC	Condicionantes
01	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 1	257.801,15	306.783,37	371.207,88	Sin condicionates externos
02	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 2	470.349,50	559.715,91	677.256,25	Sin condicionates externos
03	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 3	412.805,32	491.238,33	594.398,38	Sin condicionates externos
04	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 4	278.330,69	331.213,52	400.768,36	Sin condicionates externos
05	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 5	189.936,84	228.024,84	273.490,06	Sin condicionates externos
06	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 6	88.107,51	104.847,94	128.866,00	Sin condicionates externos
07	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 7	97.448,92	115.961,83	140.313,82	Sin condicionates externos
08	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 8	117.793,61	140.174,40	169.611,02	Sin condicionates externos
09	Ampliación Saneamiento San Mateo-O Val. ZONA 9	98.469,65	117.178,88	141.786,45	Sin condicionates externos
<b>Total San Mateo - O Val</b>		<b>2.011.041,19</b>	<b>2.393.139,02</b>	<b>2.895.698,21</b>	
10	Ampliación Saneamiento Narón. ZONA 1	376.296,10	447.792,36	541.828,75	Sin condicionates externos
11	Ampliación Saneamiento Narón. ZONA 2	123.537,72	147.009,88	177.881,95	Sin condicionates externos
<b>Total Narón</b>		<b>499.833,82</b>	<b>594.802,24</b>	<b>719.710,71</b>	
12	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 1	433.140,73	515.437,47	623.679,34	Sin condicionates externos
13	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 2	198.999,64	236.809,57	286.539,58	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
14	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 3	277.463,21	330.169,32	399.504,88	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
15	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 4	108.440,03	129.043,64	156.142,80	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
16	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 5	482.118,30	573.720,78	694.202,14	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
17	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 6	166.910,98	198.624,07	240.335,12	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
18	Ampliación Saneamiento Sedes. ZONA 7	331.188,25	394.111,64	478.675,08	Supeditada a ampliación EDAR de Sedes
<b>Total Sedes</b>		<b>1.998.249,14</b>	<b>2.377.916,48</b>	<b>2.877.278,94</b>	
19	Ampliación Saneamiento Pedroso. ZONA 1	434.450,18	516.995,71	625.564,81	Sin condicionates externos
20	Ampliación Saneamiento Pedroso. ZONA 2	166.483,04	198.114,82	239.718,93	Supeditada a ejecución Pedroso Zona 1
21	Ampliación Saneamiento Pedroso. ZONA 3	108.140,37	128.687,04	155.711,32	Sin condicionates externos
22	Ampliación Saneamiento Pedroso. ZONA 4	144.868,41	172.393,41	208.596,02	Sin condicionates externos
<b>Total Pedroso</b>		<b>853.942,00</b>	<b>1.016.190,98</b>	<b>1.229.591,09</b>	
23	Ampliación Saneamiento Doso. ZONA 1	910.055,86	1.082.968,47	1.310.389,43	Sin condicionates externos
24	Ampliación Saneamiento Doso. ZONA 2	529.072,21	629.595,93	761.811,08	Supeditada a ejecución Doso Zona 1
25	Ampliación Saneamiento Doso. ZONA 3	285.061,31	339.222,96	410.459,78	Supeditada a conexión Red Concello Neda
<b>Total Doso</b>		<b>1.724.189,38</b>	<b>2.051.785,36</b>	<b>2.482.660,29</b>	
<b>TOTALES</b>		<b>7.087.255,53</b>	<b>8.433.834,07</b>	<b>10.204.939,23</b>	

*Análise de necesidades de saneamento nos núcleos rurais. Memoria*

## **PLAN DE INVESTIMENTOS**

No Plan de investimentos 2018-2023, COSMA manifesta que existen dous puntos críticos onde se aprecia unha falta de capacidade dos colectores: a zona da rotonda de Freixeiro e a estrada de O Feal. O Plan recolle as seguintes actuacións en materia de saneamento:

- Ampliación da rede de saneamento na parroquia de O Val – Cima de Vila.
- Ampliación da rede de saneamento na parroquia de O Val – Os Vilares.
- Reforzo da rede de saneamento da Estrada de Castela.
- Ampliación da rede de saneamento na parroquia de O Val – Outeiros.
- Ampliación da rede de saneamento na parroquia de Sedes – Salgueiral.
- Renovación de servizos urbanos en estrada do Feal (Proxecto de Deputación).

A rede de saneamento represéntaseno plano de información PINF\_09\_SERV\_02SAN, no que figuran as conducións existentes sinalando diámetro e materiais, así como as correspondentes á análise de necesidades dos núcleos rurais. Tamén contén a localización das EDAR, EBAR e tanques de tormenta e grafase o colector-interceptor da Ría de Ferrol.

No plano PINFSU\_02URB\_03SAN pódese consultar a rede desaneamento na zona urbana a maior escala. Engádesse aquí información máis detallada da rede, como a situación dos pozos.

### **03.12.5 OUTRAS INFRAESTRUTURAS**

#### **03.12.5.1. ALUMEADO PÚBLICO**

Narón conta cun sistema de iluminación pública ao longo de rúas, estradas e camiños. En termos xerais, nin o solo urbano nin os núcleos rurais presentan grandes déficits nesta materia. Con todo, si se detecta unha casuística xeneralizada nos núcleos rurais, nos que os camiños principais adoitan ter iluminación pública adecuada mentres que nos secundarios é habitual que carezan del. Trátase, normalmente, de camiños que conducen a tres ou catro vivendas cunha urbanización un tanto precaria. A ausencia de iluminación nestes tramos pode xerar problemas de inseguridade aos habitantes das vivendas contiguas. En calquera caso, trataríase dunha cuestión menor e coutada, dada a reducida lonxitude dos tramos afectados.

Nos planos de información represéntanse os puntos de luz nos planos PINF\_09SERV\_05ILUM e PINFSU\_02\_06ILU, este último referido á zona urbana.

#### **03.12.5.2. ENERXÍA ELÉCTRICA**

A rede de subministro eléctrico está xestionada polas empresas UNIÓN FENOSA SA, do Grupo Naturgy, e ELECTRA DO NARAHIO SA, do Grupo Apyde.

Narón recibe subministración de electricidade de alta tensión mediante varias liñas de distribución de 132 Kv que chegan á subestación de Cornido, da que saen outras liñas de alta que dan servizo ás instalacións de MEGASA en Narón e ao porto de Ferrol. Desta subestación parten tamén 18 liñas de media tensión que distribúen á maior parte do termo municipal. Existe outra subestación no polígono Río do Pozo, da que saen catro liñas de media tensión que dan servizo ao polígono industrial e garanten a subministración dos novos solos industriais. Ambas subestacións son propiedade de UNIÓN FENOSA SA e presentan as seguintes características:

Subestación de Cornido CRN

Coordenadas UTM X: 567132, Y: 4817679

Regulación Tele mandada

Transformadores de Potencia: 2 X 132/15,75 kV 25,0 MVA, 1 X 132/15,75 30,0 MVA

Número de Salidas de Media Tensión 18

Subestación Río do Pozo DDP

Coordenadas UTM X: 563996, Y: 4821162

Regulación Tele mandada

Transformadores de Potencia: 2 X 136/15,75 kV 30,0 MVA

Número de Salidas de Media Tensión 4

No seu informe de 5 de febreiro de 2020, UNIÓN FENOSA SA conclúe que as instalacións en alta son suficientes para o consumo actual. Para o derivado do desenvolvemento do PXOM prevese unha potencia total de 48,6 MVA, aproximadamente 40 MVA para usos residenciais e o resto para usos industriais. Isto requirirá unha ampliación significativa das instalacións existentes.

ELECTRA DO NARAHÍO SA tamén afirma que as súas instalacións actuais son insuficientes para atender os crecementos previstos no PXOM. No seu informe do 2 de marzo de 2020, inclúe as actuacións de reforzo necesarias para dar servizo aos novos crecementos. Estas actuacións de reforzopropostasrepresentanse, xunto coa rede existente, no plano PINF\_09SERV\_03ELE.

A rede eléctrica representase no plano PINF\_08\_3, distinguindo segundo compañías subministradoras, redes de alta e media tensión e tendidos aéreos e subterráneos, así como as actuacións de reforzopropostas por Electra do Narahío SA. Ademais, localízansesubestacións eléctricas etransformadores.

Por último, mencionar que na zona nordés do termo municipal está o parque eólico de Novo, que se sitúa entre os concellos de Narón e Valdoviño, atopándose varios aeroxeradores en Narón. Este parque eólico conta con 25 turbinas eólicas que dan unha potencia nominal total de 18.750 kW. Con todo, a electricidade producida non se distribúe directamente en

Narón. Ademais, trátase dunha instalación de produción, non de transporte ou distribución, polo que non se representa no plano de rede eléctrica. Si o fai, como xa vimos, nos planos PINF\_01\_1 de usos do solo e PINF\_04 de afeccións sectoriais. Este parque ten prevista a súa mellora, co que se desmontarán os aeroxeradores existentes substituíndoos por uns máis modernos eficientes non previndo ningún novo no termo municipal de Narón.

#### 03.12.5.3. GAS

A concesión administrativa para o servizo público de distribución e subministración a usuarios domésticos, comerciais e industriais, de gas natural, no termo municipal de Narón pertence a empresa NEDGIA GALICIA do Grupo Naturgy.

A distribución municipal prevese a partir da rede de distribución industrial de ENAGAS, SA. Dende esta rede, cunha presión máxima de operación de 16 bar, alimentaranse os puntos de entrega de gas natural (PGNE) da rede primaria de NEDGIA GALICIA, onde se reduce a presión ata os 4 bar. Dende esta rede primaria, ben directamente ou a través das redes secundarias, que se constituirán partir de ela, subministrárase gas para os consumos domésticos, comerciais e de pequenas industrias do Concello. O caudal máximo que se conducirá será o necesario para atender a demanda máxima prevista para os diferentes mercados do termo municipal, estimándose en 2.500 m<sup>3</sup>(n)/h.

No seu informe de 19 de setembro de 2019, NEDGIA GALICIA manifesta capacidade de ampliación en todas as áreas nas que existe subministración, e de canalización e subministración nas susceptibles de ser urbanizadas.

En cumprimento do artigo 140 RLSG, a rede de gas represéntase no plano de información PINF\_09SERV\_04GAS, no que se distingue entre as redes de alta e media presión. No plano PINFSU\_02URB\_05GAS pódese consultar a rede de gas na zona urbana a maior escala, representándose tamén reguladores e válvulas.

#### 03.12.5.4 TELECOMUNICACIÓNS


O municipio conta cunha extensa rede de telefonía a través de cables soterrados nas zonas urbanas e mediante cableado aéreo nas zonas rurais. A rede de banda ancha concéntrase na zona urbana de Narón e nos polígonos de Río do Pozo, As Lagoas e A Gándara, mentres que nas zonas rurais o acceso a internet é de peor calidade ao recibilo por liñas aéreas ou a través das redes de móbil.

Hai dúas zonas nas queas empresas "R" Cable e Telecable Telecomunicacións teñen previsto ampliar a zona de cobertura das redes fixas: ao oeste de Río do Pozo, en torno aos núcleos rurais de Carabuchal, Muiño do Vento e Lavandeira, e aoleste do polígono, na zona norte de Borreiros ena zona sur de Mata e Nelle.

Nos planos de información PINF\_09SERV\_06TEL e PINFSU\_02URB\_07TEL (zona urbana) represéntase a distribución das redes de telefonía (canalizaciónsecableado aéreo) e as de "R" Cable e Telecable Telecomunicacións e as súas zonas de cobertura. Grafitase, ademais, a antena de Retegal existente aoleste do Estadio de Rioseco.

### 03.12.5.5 XESTIÓN DOS RESIDUOS

A xestión dos residuos do Narón segue o modelo SOGAMA, no que a recollida selectiva faise a través dos diferentes colectores no municipio; despois son distribuídos a diferentes centros de tratamento segundo o tipo de residuo. Os residuos da recollida diferenciada son trasladados ao complexo ambiental de Cerceda onde se realiza un proceso de valorización enerxética.



Esquema de xestión do modelo SOGAMA. Fonte: PXRUG 2010-2020

O municipio conta cun punto limpo situado no polígono Río do Pozo, que se grafano plano PINF\_09SERV\_02SAN.

### 03.12.5.6. PROTECCIÓN DA NATUREZA E Á LOITA CONTRA O LUME

Narón conta cunha unidade municipal, o Servizo de Prevención, Extinción de incendios e Salvamento (SPEIS de Narón), constituída a partir da fusión do antigo corpo de Emerxencias Narón e a asociación de voluntarios de Protección civil. Ademais de ser o organismo encargado das tarefas de extinción de incendios e salvamento o SPEIS de Narón desempeña unha importante labor no campo da prevención de riscos e das actividades formativas. A súa sede localízase no polígono de Río Pozo. Ademais, ao norte de Piñeiros, na marxe occidental da FE-11, sitúase a Base anti-incendios da Xunta, centro administrativo de carácter supramunicipal.


Ambas dotacións represéntanse no plano de información PINF\_09SERV\_02SAN Saneamento e xestión de residuos.

### 03.13 EXPOSICIÓNS A RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS

Neste apartado identifícanse as zonas do territorio nas que existan riscos naturais ou tecnolóxicos incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofe; ou que perturben o medio ambiente, a seguridade ou a saúde (artigo 133.2. c RLSG).

Os terreos ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes ou que perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde, son incompatibles coa súa urbanización segundo o artigo 45 do RLSG.

Segundo os datos publicados polo PLATERGA (Plan Territorial de emerxencias de Galicia), o concello de Narón ten un Risco Potencial de Emerxencia (RPE) **moi alto**.



Distribución territorial do Risco Potencial de Emerxencias. Fonte: LATERGA (2009)

Para a análise dos riscos no municipio tívose en conta o Plan de Emerxencia Municipal de Narón.

### 03.13.1 RISCOS TECNOLÓXICOS

Son os propios das sociedades desenvolvidas e débense á existencia de actividades de carácter industrial ou tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo home (empresas, fábricas, instalacións). Os principais riscos tecnolóxicos poden verse no plano de información PINF\_02RISC\_03TEC. Riscos tecnolóxicos.

#### **ASOCIADOS A FACTORÍAS E ALMACENAMENTOS CON RISCO QUÍMICO**

<b>Zonas afectadas</b>	Instalacións con produción ou almacenamento de produtos químicos nas naves industriais dos Polígonos Industriais, almacéns de produtos químicos a pequena escala pero en área urbana, Estacións de Servizo
<b>Ponderación do risco</b>	<b>MEDIO</b>

#### **RISCOS ASOCIADOS AO TRANSPORTE DE MERCADURIAS PERIGOSAS**

Refírense tanto ao transporte por estrada como por ferrocarril. As súas consecuencias dependen do tipo de sinistro, do produto transportado, etc. Os principais riscos adoitan ser explosións, incendios, fugas de gas, nubes tóxicas, fuga de líquidos tóxicos ou inflamables, contaminación, etc.

<b>Zonas afectadas</b>	Rede viaria principal, en especial a AP-9, a Estrada de Castela e as estradas de accesos aos Polígonos Industriais
<b>Ponderación do risco</b>	<b>ALTO</b>

Segundo o Plantransgal (Plan de Emerxencia por Accidente no Transporte de Mercadorías Perigosas de Galicia) Narón está especialmente afectado. Ademais das vías sinaladas no PEMU, o Plantransgal identifica a AG-64 como outra das principais vías de comunicación que serviron de base para a determinación do risco.

As dúas liñas polas que se transportan mercadorías perigosas en Galicia (A Coruña-Lugo-Monforte de Lemos-Ponferrada- León e Vigo-Ourense-Monforte de Lemos-Ponferrada- León) non discorren polo concello de Narón.

### **ASOCIADOS A CONSTRUCCIÓN DE ENXEÑERÍA CIVIL**

Poden ser de diferentes tipos -derrubes, afundimentos, colapso de estruturas, etc.- e polo tanto con diferentes consecuencias –inundacións, explosións, cortes de estradas, etc.- que poden provocar perdas tanto materiais como persoais.

<b>Zonas afectadas</b>	Todo o Concello
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

### **CONTAMINACIÓN**

Distinguimos:

- Riscos Bacteriolóxicos: asociados a hospitais, clínicas, etc.
- Riscos Sanitarios: intoxicacións, epidemias, pragas.
- Tratamento de residuos tóxicos e perigosos.
- Verteduras contaminantes á ría e/ou ás cuncas fluviais

<b>Zonas afectadas</b>	Áreas limítrofes a focos e zonas “permeables”. Curso dos ríos e regos, en especial aqueles aos que se verten augas residuais ou que discorren preto de zonas industriais. Espazo marítimo limítrofe ao casco urbano e ó polígono de A Gándara, espazo marítimo limítrofe a MEGASA, rede de distribución e saneamento da auga, sistemas de depuración da auga.
<b>Ponderación do risco</b>	<b>MEDIO</b>

### **LUMES URBANOS OU INDUSTRIAIS**

<b>Zonas afectadas</b>	Polígonos Industriais e núcleos urbanos do Concello
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

#### **03.13.2 RISCOS XEOTÉCNICOS**

Dende o punto de vista da planificación e a avaliación dos riscos, como a natureza e tipos de solos e de terreo, non consta a existencia de fallas nin dunha xeomorfoloxía que afecte de maneira importante ao municipio.

Tampouco existen lugares de interese xeolóxico no concello.

### 03.13.3 RISCOS NATURAIS

Considéranse como riscos naturais os seguintes:

- ANevaradas
- Xeadas e olas de frío
- Inundacións
- Temporais
- Choivas intensas
- Sismos
- Derrubes, avalanchas, afundimentos e correntes de terras
- Seca
- Incendio e erosión

Algúns destes riscos como os de nevadas, xeadas ou temporais son difíciles de predicir e de delimitar; todo o concello está afectado en maior ou menor medida (nalgúns casos obsérvanse nas táboas que o risco esténdese a todo o concello e noutros a áreas bastante grandes e xenéricas). Outros son practicamente imprevisibles como os sismos, ou especialmente difusos en canto aos límites xeográficos, como a seca, ademais, nalgúns casos son estacionais. Estes factores fan que non sexa posible representar graficamente moitos destes riscos.

#### **RISCO DE NEVADA**

Son de difícil predición en canto a súa duración e evolución. En Narón, debido a súa xeomorfoloxía, a probabilidade é moi escasa.

<b>Zonas afectadas</b>	Zonas rurais e altas do concello
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

#### **RISCO DE XEADAS**

O risco de xeadas é moi baixo na zona de estudio e, en xeral, en todo o litoral galego. Isto débese principalmente á influencia do Océano Atlántico que exerce un efecto regulador sobre as temperaturas. A medio e longo prazo espérase que o litoral galego sexa unha zona libre de xeadas de acordo coa investigación de Cancelo et ai. (2009).



Distribución da zona de xeadas en Galicia 2075-2099. Fonte: Cancelo, J. Díaz- Fierros, F. García, H. e Rial, M.E. (2009) Fenoloxía, xeadas, materia orgánica do solo e viticultura.

Son riscos excepcionais; atendendo a razóns históricas, a probabilidade de incidencia é mínima.

<b>Zonas afectadas</b>	Zonas altas montañosas e adxacentes a cursos fluviais
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

### INUNDACIÓNS

A AEMET define o concepto de inundación como “desbordamento de auga dos confíns normais dunha corrente ou doutro corpo de auga”. As inundacións constitúen, polas características orográficas e singulares do Concello de Narón, un fenómeno natural que se manifesta ó desbordarse os ríos debido as altas precipitacións, e nalgún caso cando hai concorrencia destas coas mareas altas.


No que respecta ás inundacións, o Concello de Narón, que está incluído na bacía do arco Ártabro-Fisterrán, ten a catalogación da Xunta de Galicia como Zona de Inundación Ocasional

cunha probabilidade entre o 2% e o 1% de sufrir inundacións nun ano e cun período de retorno de 50 a 100 anos.


No análise de riscos do Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia, o área do concello contéplase dentro da zona da Ría de Ferrol, clasificada como zona C de risco Baixo, con un coeficiente de risco de 1,0.

<b>Zonas afectadas</b>	Cuncas fluviais
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

De acordo co Xeoportal de Protección civil da Xunta de Galicia o risco localízase ao carón do Río de Santa Cecilia. A nivel municipal o PLATERGA establece que o risco é baixo.



*Zonas inundables do Rego Santa Cecilia. Fonte: Xeoportal de Protección civil*



*Zonas inundables do Ríu Grande de Xuvia*

Segundo o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables, o Xeoportal de protección civil e o visor da Demarcación Hidrográfica Galicia-costa, no municipio de Narón existen dúas zonas inundables unha no Ríu Seco ou Rego de Santa Cecilia en Freixeiro e outra no río Grande de Xuvia ao seu paso polas parroquias de Doso e Pedroso. (ver plano PINF\_04IOT\_AFEC:08INU. Inundacións.

### **CHOIVAS INTENSAS**

Poden chegar a producir danos por desprendementos e escorrentadas, saturación dos sumidoiros de pluviais cos seus consecuentes desbordes e inundacións. A maior afectación dáse no caso de coincidir con preamares vivas.

<b>Zonas afectadas</b>	Cuncas fluviaias e casco urbano
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

### **TEMPORAIS**

Na clasificación do Plan de Protección Civil ante o Risco de Temporais en Galicia (Orde do 24 de xuño de 2002), Narón está situada na Área 2: Litoral e Costas, área cualificada como de máximo risco.

Narón atópase na franxa costeira que abarca desde Cabo Vilán ata Estaca de Bares, e por tanto pertence a ZONA DE MAIOR PERIGOSIDADE.


Todo o Concello está afectado en maior ou menor medida por temporais de vento e auga, pero estes requiren maior relevancia na franxa costeira atlántica, xa que aquí únese ao temporal de auga e vento outro factor perigoso, como é o temporal do mar, convertendo toda a costa nunha zona perigosa.

<b>Zonas afectadas</b>	Todo o Concello, con especial relevancia no casco urbano e na franxa costeira norte
<b>Ponderación do risco</b>	<b>ALTO</b>

**SISMOS**

O cálculo do perigo sísmico realízase por cada zona sobre o punto do emprazamento. Considerando unha zona, é necesario multiplicar a taxa ou número de terremotos por unidade de tempo nela polas probabilidades de distancia, pola probabilidade de que ese sismo sexa dunha magnitude especificada e pola probabilidade de que o movemento do solo correspondente a cada distancia e magnitude sexa do movemento especificado.


Segundo o Plan Especial fronte ao risco sísmico en Galicia ( SISMIGAL), todas as parroquias de Narón atópanse nunha zona de baixa intensidade.



*Mapa de intensidades finais por parroquias*

*Fonte: Plan Especial fronte ao risco sísmico en Galicia ( SISMIGAL)*

En canto á clasificación da vulnerabilidade, Narón atópase nunha zona de vulnerabilidade baixa.



*Mapa de clasificación da vulnerabilidade*

*Fonte: Plan Especial fronte ao risco sísmico en Galicia ( SISMIGAL)*

**DERRUBES, AVALANCHAS, AFUNDIMENTOS E CORREMENTOS DE TERRAS**

Por regra xeral, as causas deste risco, teñen a súa orixe en actuacións antrópicas pouco previsibles e/ou pouco estudadas sobre o medio ambiente: macizos fracturados con pendentes superiores ó 15%, recheos de materiais de distintas densidades, entullos, escavacións para construcións de cimentacións de vivendas, canalizacións de infraestruturas de servizos públicos ou obras públicas con movementos de grandes volumes de terra.

<b>Zonas afectadas</b>	Poboacións e infraestruturas localizadas no terreo rural
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

**SECA**

A literatura científica contempla máis de 150 definicións para o concepto de seca. Neste caso, aplicaremos a definición da AEMET:

“ A seca consiste nunha anomalía transitoria, máis ou menos prolongada, caracterizada por un período de tempo con valores das precipitacións inferiores ás normais na área. A causa inicial de toda seca é a escaseza das precipitacións (seca meteorolóxica) o que deriva nunha insuficiencia de recursos hídricos necesarios para abastecer a demanda existente (seca hidrolóxica).”


Ademais das secas meteorolóxicas e hidrolóxicas, tamén existe un tipo de seca agrícola, entendida como déficit de humidade para satisfacer as necesidades dun cultivo, e seca socio-

económica, que consiste na afección da escaseza de auga ás persoas e á actividade económica.

O Plan Especial de Seca de Galicia-Costa define a vulnerabilidade á seca das diferentes unidades territoriais (Unidades Territoriais de Escaseza, UTE) definidas pola Demarcación. A UTE 14 Ferrol á que pertence o ámbito de estudo ten as seguintes vulnerabilidades:

- VRH (É a vulnerabilidade asociada á satisfacción das demandas a través dos recursos calculados segundo o estudo “Definición de actuacións en situación ordinaria e de seca (2018)”) **baixa**,
- V (É a vulnerabilidade total incluíndo recursos, demandas e estado dos sistemas de abastecemento por concello do estudo “Definición de actuacións en situación ordinaria e de seca (2018)”) **Media (0,69)**
- Vba (É a vulnerabilidade asociada ao cumprimento da garantía do abastecemento determinada no Plan Hidrolóxico a través da modelización por UDU dos recursos e as demandas.) **Baixa** .

Por tanto, ten un índice de combinación de vulnerabilidade BAIXA segundo Plan especial de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.



A seca é especialmente difusa nos seus límites xeográficos e temporais e, debido ao alto índice de precipitacións nestas latitudes, non adoita darse no concello de Narón, pero unha falta de precipitacións durante un longo período de tempo (especialmente no período estival) pode afectar seriamente aos incendios forestais.


<b>Zonas afectadas</b>	Todo o concello, con especial relevancia nas masas forestais e espazos naturais con afectación
<b>Ponderación do risco</b>	<b>BAIXO</b>

### **INCENDIOS FORESTAIS**

Trátanse de sinistros que poden afectar a núcleos de poboación e zonas ecolóxicas de protección ambiental.

<b>Zonas afectadas</b>	Todo o concello
<b>Ponderación do risco</b>	<b>ALTO</b>

Narón, encadrado no Distrito I na comarca forestal de Ferrol, está catalogado segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio. Segundo o Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) Narón se atopa nunha Zona de Alto risco de incendio ZAR.



Concello de declarados como Zonas de Alto Riesgo de incendio forestoa. Fonte: PLADIGA

As ZAR son aquelas áreas onde se recoñece como prioritaria a aplicación das medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia e/ou virulencia dos incendios forestais ou pola importancia dos valores ameazados.


Posúe unha masa forestal moi abundante cun alto índice de incendio. Hai 4 parroquias de especial vixilancia polo número de incendios que se producen cada ano (San Mateo, Pedrosa, Ou Val e Sedes).

### **INCENDIOS E EROSIÓN**

Óptase por tratar dun modo conxunto tanto incendios como erosión porque, nun clima tépedo húmido como é o de Narón, o risco de erosión atópase moi ligado aos períodos de contado posteriores aos incendios; posto que a cuberta vexetal permanente propia da contorna, protexe aos solos deste fenómeno. A análise céntrase nos incendios forestais, sen entrar a valorar os de inmoables, que entrarían no campo da seguridade.

Os incendios contan con catro factores fundamentais: vexetación (índice de combustibilidade), clima (índice de inflamabilidade), topografía (índice de intensidade) e causa (índice de

causalidade). Considerando o clima como común para a totalidade do termo municipal, e non entrando a valorar a causa, pódese sintetizar que os terreos susceptibles de contar con incendios son os forestais, tal e como se sinala nos planos de información e que se corresponderían coas coberturas forestais e de matogueira sinaladas no epígrafe 3.1 da presente memoria; sendo a pendente determinante en canto á velocidade de propagación do incendio. A análise do risco pódese sintetizar na seguinte figura:



*Risco de incendio, velocidade de propagación e sensibilidade á erosión post-incendio  
En vermello, zonas susceptibles de incendios forestais; o máis escuro, maior velocidade de  
propagación e maior sensibilidade á erosión post-incendio*

Nos planos de información represéntanse os focos ocorridos entre 2005 e 2018, así como os grandes incendios; destes cabe destacar, pola superficie afectada, o da zona de Monte de Vilallonte e o que comprende entre O Val e Covarraderiras (Ferrol).

Na serie de planos de información PINF\_02RISC\_01EROS: PINF\_02RISC\_02INC e PINF\_02RISC\_03TEC represéntanse a escala 1/10.000 aqueles riscos que afectan ao territorio

do concello de Narón e que son representables cartograficamente, tendo en conta tanto as súas propias características como a dispoñibilidade, escala e resolución das fontes de orixe.

### **RISCOS NATURAIS E DERIVADOS DO CAMBIO CLIMÁTICO**

En cumprimento das determinacións do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana (artigo 20 c), analízanse a continuación os riscos derivados do cambio climático:

1. Riscos derivados de embates mariños, inundacións costeiras e ascenso do nivel do mar.
2. Riscos derivados de eventos meteorolóxicos extremos sobre as infraestruturas e os servizos públicos esenciais, como o abastecemento de auga ou os servizos de emerxencias.
3. Riscos de mortalidade e morbilidade derivados das altas temperaturas e, en particular, aqueles que afectan a poboacións vulnerables. Estes datos ofreceranse desagregados por sexo.
4. Riscos asociados á perda de ecosistemas e biodiversidade e, en particular, de deterioro ou perda de bens, funcións e servizos ecosistémicos esenciais.
5. Riscos de incendios, con especial atención aos riscos na interfaz urbano-forestal e entre as infraestruturas e as zonas forestais.

O informe *Impactos y riesgos derivados del Cambio Climático en España* publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en 2021 sinala o seguinte con respecto ao concepto de risco:


*“En el marco de la evaluación de los impactos del cambio climático, el término riesgo suele utilizarse para hacer referencia al potencial de consecuencias adversas de un peligro relacionado con el clima, en la vida, los medios de subsistencia, la salud y el bienestar, los ecosistemas y las especies, los bienes económicos, sociales y culturales, los servicios (incluidos los servicios ecosistémicos), y la infraestructura. Los riesgos se derivan de la interacción de la vulnerabilidad (del sistema afectado), la exposición a lo largo del tiempo (al peligro), así como el peligro (relacionado con el clima) y la probabilidad de que ocurra [...]. Por lo general, para la determinación del riesgo es importante incluir la probabilidad de que un suceso ocurra en una escala temporal. Sin embargo, no todos los impactos descritos en la literatura disponible han*

*sido modelizados, ni incluyen una descripción de la probabilidad de ocurrencia según escenarios más recientes [...] para España.”*

### **Riscos derivados de embates mariños, inundacións costeiras e do ascenso do nivel do mar**

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico creou o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables (SNCZI) seguindo os principios da Directiva 2007/60 sobre avaliación e xestión de riscos de inundación. O eixo central do SNCZI é o visor cartográfico de zonas inundables. Esta información de zonas inundables coincide ca información do Xeoportal de Protección Civil.

Segundo os datos das zona inundables con probabilidade media e ou baixa de orixe mariño a maior parte son parcelas agrícolas ou forestais cun considerable capacidade de absorción deste risco. Tamén pode ser afectadas coberturas con menor capacidade de absorción como dotacións e infraestruturas, como é o caso do paseo marítimo de Xuvia ou da estrada FE-11, como se pode ver na seguinte figura (Pode verse con maior detalle no plano de información: *15054\_PXOM\_202310\_AI\_PINF\_04IOT\_AFEC\_08INU: INST. DE ORD. DO TERRITORIO E AFECCIÓNS SECTORIAIS. Inundacións*).



*Zona de inundabilidade mariña. Fonte: Xeoportal de Protección Civil*

En períodos de preamar e de chuvias torrenciais (máis frecuentes co cambio climático) o risco de inundación incrementase considerablemente, afectando a zonas máis afastadas da costa. Esta situación debe terse en conta debido a forte urbanización do borde costeiro.

### **Riscos derivados de eventos meteorolóxicos extremos**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) define o concepto de “fenómeno meteorolóxico adverso” da seguinte forma:

*“Todo evento atmosférico capaz de producir, directa o indirectamente, danos a las personas o daños materiales de consideración. En sentido menos restringido, también puede considerarse como tal cualquier fenómenos susceptibles de alterar la actividad humana de forma significativa en un ámbito espacial determinado. En consecuencia, pueden resultar adversas, por sí mismas, aquellas situaciones en las que algunas variables meteorológicas alcanzan valores extremos.”*

### **Risco por Temporais e choivas intensas**

Xa se analizaron no apartado de temporais e choivas intensas. A acción do cambio climático fará que os eventos meteorolóxicos extremos sexan máis frecuentes.

#### **Risco por inundacións fluviais**

Co cambio climático a frecuencia de eventos meteorolóxicos extremos aumentará a súa frecuencia, conlevando que as inundacións sexan máis habituais e con maior intensidade.

#### **Risco por seca**

Se definiu anteriormente no apartado de Seca.


#### **Risco por xeadas**

Non ten risco neste concello.

### **Riscos de mortalidade e morbilidade derivados das altas temperaturas**


O sistema de monitorización da mortalidade diaria por tódalas causas (MoMo) foi desenvolvido en 2004 no marco do Plan de accións preventivas contra os efectos das temperaturas excesivas (coordinado polo Ministerio de Sanidade) para reducir o impacto sobre a saúde da poboación como consecuencia do exceso de temperatura. Este sistema ofrece datos sobre o número de defuncións atribuíbles ao exceso ou defecto de temperatura desagregados por sexo, idade e ámbito territorial.

Nas seguintes figuras recóllense os datos para a provincia da Coruña desagregados por sexo e tamén a súa evolución entre os anos 2015 e 2022. Na seguinte figura represéntase a porcentaxe de mortes atribuíbles ao exceso ou defecto de temperatura para tódalas idades. Contabilizáronse máis mortes por esta causa no grupo das mulleres. A porcentaxe para as mulleres mantense sempre superior que para os homes ao longo da serie de datos. A pesar de que o rexistro temporal sexa curto, a liña de tendencia é ascendente para ambos sexos, polo que se pode concluír que o risco na saúde da poboación por altas temperaturas é cada vez máis elevado na provincia da Coruña.



*Porcentaxe de mortes atribuíbles á temperatura en relación co número total de mortes na provincia da Coruña entre 2015 e 2022. Fonte: MoMo*

En canto á poboación vulnerable, analizáronse os datos para os grupos de idade comprendidos entre os 0 e os 14 anos e o grupo de maiores de 65 anos. No grupo dos de menos idade non se atribuíu ningunha morte por esta causa para ningún dos sexos. Porén, no grupo de idade dos maiores de 65 anos a porcentaxe de mortes por esta causa é maior que si consideramos a totalidade da poboación sen ter en conta a idade. Polo tanto, existe maior risco de morte por temperatura canda máis idade teña o individuo e volve a contar como factor determinante o sexo. As mortes seguen a ser máis numerosas para o grupo das mulleres de máis de 65 anos.




*Porcentaxe de mortes atribuíbles á temperatura para a poboación maior de 65 anos en relación co número total de mortes para ese grupo de idade na provincia da Coruña entre 2015 e 2022. Fonte: MoMo*

### **Riscos asociados á perda de ecosistemas e biodiversidade**

A desertificación é un problema real para unha parte moi importante do territorio español. O Programa de Acción Nacional contra a Desertificación (PAND) estima que o territorio galego ten un índice de aridez húmido ou subhúmido, polo que determina que non existe risco de desertificación como tal.


Por outro lado, o Visor de Escenarios de Cambio Climático AdapteCCa.es permite consultar as proxeccións rexionalizadas de cambio climático para España realizadas a partir das proxeccións globais do Quinto Informe de Avaliación do IPCC (Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático) no marco da iniciativa Escenarios PNACC e, concretamente, da colección de Escenarios PNACC 2017. Os datos dispoñibles utilizan principalmente dúas fontes de información: proxeccións puntuais da AEMET e proxeccións en reixa procedentes da iniciativa internacional Euro-CORDEX. Nas seguintes figuras pódense observar as proxeccións para o concello de Narón no escenario RCP 4.5 tanto para as temperaturas máximas como para as precipitacións. O escenario refírese ás Traxectorias de Concentración Representativas (RCP polas súas siglas en inglés), as cales varían en función dos esforzos de mitigación que se apliquen a respecto da emisión de gases de efecto invernadoiro. O escenario RCP 4.5 é o de estabilización, é dicir, prevéase que as emisións se estabilicen despois do ano 2100 e que o aumento da temperatura exceda os 2°C. Emprégase este escenario por representar unha situación intermedia en relación ca emisión de gases de efecto invernadoiro.



*Escenarios RCP e a súa relación coas emisións de CO<sup>2</sup>. Fonte: IPCC.*

De cumprirse as predicións do escenario RCP 4.5 en Narón, o ecosistema terrestre e a biodiversidade do ámbito de estudo non se verían demasiado perxudicados. As precipitacións non sufrirían cambios relevantes ata o ano 2100. Mentres que as temperaturas si que sufriran un ascenso claro. En canto ás temperaturas máximas, espérase que estas alcancen unha media de 19,33 °C en 2100. No ano 2022, a media das temperaturas máximas no concello de Narón foi de 18,22 °C e no ano 2006 de 18,01 °C. De acordo con estas proxeccións, a media da temperatura máxima aumentaría un 7,38% en 2100 respecto a 2006.

Escenarios AdapteCCa - Temperatura máxima - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 4.5 - Año completo - Narón




Fuente: <http://escenarios.adaptecca.es>

*. Predicción da temperatura máxima para o concello de Narón ata 2100. Fonte: AdapteCCa.es*

En canto ás precipitacións, estas aumentarían un 13,14% en 2100 respecto a 2006 pasando de 3,73 mm por día a 4,22 mm/día. Inda que se analizamos a gráfica observamos que non existen grandes variacións como no caso da temperatura.

Escenarios AdapteCCa - Precipitación - Datos en rejilla ajustados (media) - RCP 4.5 - Año completo - Narón



Fuente: <http://escenarios.adaptecca.es>

*Predicción das precipitacións para o concello de Narón ata 2100. Fonte: AdapteCCa.es*

A grandes rasgos, os cambios esperamos neste escenario non causarían graves impactos sobre a biodiversidade, inda que existirá unha subida considerable nas temperaturas, favorecendo as secas e facilitando a colonización e proliferación de especies adaptadas a climas máis cálidos. Este cambio pode propiciar o desprazamento de especies, trocos nos hábitats e nos patróns de emigración.

### 03.14 ANÁLISE DAS NECESIDADES DE VIVENDA E SOLO PARA ACTIVIDADES PRODUTIVAS.

#### 03.14.01. ANÁLISE DAS NECESIDADES DE VIVENDA

Os cálculos masivos, como o de vivenda, non adoitan coincidir cando se comparan diferentes fontes. Dentro das dispoñibles, a explotación dos datos catastrais resulta máis útil que outras fontes como o Censo de poboación e vivenda do INE, máis antigo (2011; o catastro é de 2018) e de menor desagregación espacial (o Censo chega a sección censal, mentres que o catastro alcanza resolución de parcela).

Segundo os datos catastrais o número de vivendas no termo municipal ascende a 19.362 vivendas, das que 16.064 están en solo urbano consolidado, 225 en ámbitos de non consolidado e 3016 vivendas nos núcleos rurais, mentres que existen 33 vivendas en solo rústico. Se ben catastro non proporciona información respecto do carácter principal o secundario das vivendas.

#### O PARQUE DE VIVENDAS NO CENSO DE 2011

O parque de vivendas no concello no censo INE do ano 2011 era de 20.062, dos cales o 77% son vivendas principais, o 16% atópanse baleiras e o 7% son vivendas secundarias.

Censo	Total	Vivendas familiares	Vivendas principais	Vivendas non principais	Vivendas secundarias	Vivendas baleiras	Vivendas colectivas	Outro tipo
2001	15.669	15.669	11.246	4.422	1.215	3.143	-	64
2011	20.062	20.060	15.491	4.569	1.385	3.184	2	-

Se se compara co censo de 2001 o incremento de vivendas nese período foi do 28%, sendo o incremento maior nas vivendas principais dun 38%, mentres que o incremento de vivendas secundarias foi máis moderado cun 14%. En canto ás vivendas baleiras, o incremento foi moi pequeno, do 1,3%.

En canto o tamaño medio dos fogares, en 2001 era de 2,8 hab/viv, mentres que en 2011 a taxa diminuíu a 1,94 hab/viv.

Total vivendas	< de 30 m <sup>2</sup>	30 – 45 m <sup>2</sup>	46 – 60 m <sup>2</sup>	61 e 75 m <sup>2</sup>	76 – 90 m <sup>2</sup>	91 – 105 m <sup>2</sup>	106 – 120 m <sup>2</sup>	121 – 150 m <sup>2</sup>	151 – 180 m <sup>2</sup>	> de 180 m <sup>2</sup>
15.491	0	167	1.185	2.255	6.715	2.716	1.227	681	213	331

*Vivendas principais segundo a superficie útil da vivenda.*

*Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE*

O 43% das vivendas de Narón ten unha superficie entre 76 e 90 m<sup>2</sup>. O segundo grupo é o de vivendas entre 91 e 105 m<sup>2</sup>, que supón o 17,5% do total. Tamén é relevante o grupo de vivendas entre 61 e 75 m<sup>2</sup>, cun 14,56%.

Para os efectos da estimación do número de vivendas nos novos desenvolvementos tomaremos unha superficie media de 100 m<sup>2</sup> por vivenda.

### **O PARQUE DE VIVENDAS NO CATASTRO (2023)**

Se ben os datos do censo non aporta información desagregada respecto das distintas clases de solo a explotación dos datos catastrais aportan esa información contando cos seguintes números:

<b>Nº VIV EXISTENTES</b>	<b>SUC</b>	<b>SUNC</b>	<b>SNR</b>	<b>TOTAL</b>
	16.064	225	3.016	19.305

### **MERCADO DE VIVIENDA**

A análise do mercado de vivenda pode realizarse a través dunha mostra. Para iso, apoiarémonos en portais inmobiliarios, sendo conscientes de que o que estes publican son anuncios e non transaccións. Con todo, tende a estimarse que a negociación dos prezos adoita roldar o 10%, o que é próximo aos gastos que supón a adquisición dunha vivenda.

Neste caso analizamos o portal [www.idealista.com](http://www.idealista.com), que publica para marzo de 2019 un total de 725 anuncios, o que supón case un 23% das vivendas baleiras que sinala o censo de 2011. A seguinte figura sintetiza os datos obtidos:



A raíz dos datos, pode sinalarse o seguinte:

- En cifras redondas, o 90% dos anuncios refírense a compravendas e só 75 anuncios son de alugueres, o que demostra a polarización do mercado.
- Os prezos tamén se polarizan, con diferenzas de ata vinte veces entre os máximos e os mínimos. Os primeiros están dominados por vivendas unifamiliares de gran tamaño, mentres as segundas son vivendas en moi malas condicións (“a reformar”), onde o investimento en obra adoita ser maior que o custo do propio inmovible.
- O prezo medio é bastante homoxéneo en todas as áreas, ao redor de 1.000€/m².
- As áreas urbanas polarizan o mercado inmobiliario.
- Nas zonas rurais, o mercado do aluguer é case testemuñal.

Resulta interesante comparar o mercado de Narón co de Ferrol, que presenta un maior volume, con 1.119 vivendas en venda e 209 en aluguer. O prezo medio en compravenda é de 839 €/m<sup>2</sup>, menor ao de Narón, mentres que o prezo medio en aluguer é similar (4,63 €/m<sup>2</sup> en Ferrol por 4,28 €/m<sup>2</sup> en Narón). Ante este feito cabe preguntarse por que Narón gaña poboación mentres Ferrol pérdela. A resposta estará en varios factores, pero podería deberse en parte á antigüidade do parque inmobiliario, máis novo e de mellor calidade en Narón, o que compensa a diferenza de prezos.

### **NECESIDADES DE VIVENDA**

O artigo 68 do RLSG establece que o PXOM deberá fundamentar as súas previsións de desenvolvementos de carácter residencial nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación. E que, neste senso, o plan xeral deberá xustificar os solos urbanizables de carácter residencial que prevexa.

Dado o escaso grao de execución do plan vixente e a existencia de múltiples baleiros no interior do solo urbano, non se considera aconsellable a clasificación de solo urbanizable residencial, máis aló dalgún posible sector de pequeno tamaño que permita completar a trama urbana existente.

Con todo, e máis aló do cumprimento concreto da normativa vixente, a cuantificación das necesidades en materia de vivenda para o ano horizonte é un dato de partida fundamental na elaboración de calquera plan xeral.

Seguindo o artigo 68 RLSG, estimaremos o número de vivendas necesarias (VNN) en función do incremento poboacional e o tamaño medio do fogar definidos no apartado de parque de vivendas no censo 2011, que é o que nos aporta información a este respecto, así como a estimación de evolución demográfica prevista do apartado 03.4.4:

$$\text{VNN} = \Delta P / \text{tmH} \quad \text{VNN} = 3.451\text{hab} / 1,94 = \mathbf{1.778 \text{ vivendas}}$$

Esta é a cifra estricta da necesidade de vivenda para cubrir o aumento de poboación (vivendas principais),, pero de cara a que exista un mercado que posibilite a construción e/ou rehabilitación de vivenda, así como que o plan no chegue no seu prazo de vixencia (16 anos) a o esgotamento, acúdese, tal como se prevé nalgunhas comunidade autónomas, como as Directrices de Ordenación do Territorio de Euskadi (2014) á definición dun factor de esponxamento:

«índice que converte a cifra de necesidades na capacidade residencial máxima do solo cualificado no plan, a remate de garantir a eventual satisfacción de tales necesidades [...] variará entre un 2,2 e un 3,0»

É unha forma de recoñecer que nos plans adoitan desenvolverse ao redor dun terzo da súa capacidade antes da súa revisión. Iso implica que a necesidade real de vivendas debería multiplicarse por unha cifra entre 2 e 3.

Cunha formulación conservadora, propoñemos o uso dun factor de esponxamento de 2, de modo que **o total de vivendas necesarias para dar resposta ao crecemento poboacional prevista estímase en 3.556 vivendas.**

O artigo 68 establece que para estimar a necesidade real de vivenda nova (NRVN) deberemos restar as vivendas baleiras existentes (VB) e engadir as vivendas de segunda residencia estimadas (VS)

$$NRVN = VNN - VB + VS$$

VIVENDAS SECUNDARIAS: O RLSG fixa o número de vivendas secundarias nun máximo do 20% das vivendas novas necesarias; é dicir: **711 vivendas.**

VIVENDAS BALEIRAS: En canto ás vivendas baleiras, o censo de 2011 as cifra en 3.184, un número elevado que supón o 15,9% das vivendas totais en 2011.

A fórmula definida no RLSG ( $NRVN = VNN + VS - VB$ ) contempla a completa eliminación do stock de vivendas baleiras, hipótese sen dúbida idónea, pero de moi difícil cumprimento no mercado real, polo tanto cabe indicar:

1. O número de vivendas baleiras mantívose estable na década transcorrida entre os censos de 2001 e 2011, do que cabe inferir que podería tratarse de inmobles en malas condicións de difícil recuperación para o mercado inmobiliario.
2. As referidas vivendas baleiras son de propiedade privada, polo que a súa incorporación real ao mercado inmobiliario dependerá, en última instancia, dos seus propietarios.

Por este motivo, estúdase unha hipótese máis realista que a de eliminación total do stock de vivenda baleira existente baseada na redución da porcentaxe de vivenda baleira sen chegar á súa completa eliminación:

Entre 2001 e 2011 as vivendas baleiras mantivéronse estables, cun lixeiro incremento de apenas 41. Con todo, o seu peso reduciuse, pasando do 20% ao 16%, o que supón unha diminución do 0,4% anual. Isto significaría que cada ano incorpóranse ao mercado inmobiliario unhas 80 vivendas.

Dado que o período de vixencia deo PXOM é de 16 anos, nese tempo a estimación de incorporación de vivendas baleiras é de **1.280 vivendas** ( 80 vivendas ao ano nun período de 16 anos).

Deste xeito a necesidade de vivenda así calculada ascende a

$$\text{NRVN} = 3.556 + 711 - 1.280 = \mathbf{2.987 \text{ vivendas}}$$

### **NECESIDADES DE VIVENDA PROTEXIDA**

O artigo 77 RLSG establece que os plans xerais deberán prever unhas reservas de solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública de polo menos o 30% da edificabilidade residencial prevista no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado no que sexan necesarios procesos de urbanización. E unha reserva de polo menos o 10% da edificabilidade residencial prevista no solo urbano non consolidado no que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana.

Pero o artigo citado tamén permite que os plans xerais fixen unha reserva inferior sempre que cumpra a establecida anualmente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Na Resolución do 31 de xaneiro de 2023, pola que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2023, fixa para Narón unha porcentaxe mínima (a media da C. A.) do 6,8%.

Ademais, as reservas deberán localizarse favorecendo o principio de cohesión social, polo que no solo urbano non consolidado deberá acreditarse o cumprimento no distrito, e no solo urbanizable farase en cada sector.

O cumprimento destas reservas xustificárase na Memoria Xustificativa. Non obstante, achegamos a continuación unha análise sobre a vivenda protexida e a súa demanda apoiándonos na Lista de Demandantes de vivenda de promoción autonómica e pública inscritos no Rexistro.

Á data 23 de outubro de 2023, o número total de demandantes de VPA e VPP inscritos no Rexistro Único de Demandantes ascendía para o Termo municipal de Narón a 199.

Concello solicitado	Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública			Vivenda de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos Históricos			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Especial			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Xeral			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Concertado			Total	%
	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra		
Narón	5	77	23	2			2	1	2	34	52	1				199	28,92
Ares	1	2	1	1			1		1	2						9	1,31
As Somozas																0	0
Cedeira		0														0	0
Fene	1	13	5							1						20	2,91
Ferrol	18	294	68	4	12	4	4	5	4	20	7	3		2		445	64,68
Moeche																0	0
Mugar dos		5										1				5	0,73
Neda		2	1													3	0,44
Valdoviño		2	1		1				1	1						6	0,87
San Sadurñiño		1														1	0,15
TOTAL																688	100

Inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Galicia á data de 23/10/2023

A continuación comparamos os datos de Narón de 2016, 2019 e 2023:

Ano	Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública			Vivenda de Promoción Pública de Núcleos Rurais e Cascos Históricos			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Especial			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Xeral			Vivenda de Promoción Privada de Réxime Concertado			Aloxamento Protexido	Total
	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra	compra	alugueiro	alugueiro con opción de compra		
Dec 2016	4	158	30	1			1	1		15	10	1				6	227
Mar 2019	4	133	27	1			3	1		27	24	2					222
Oct 2023	5	77	23	2			2	1	2	34	52	1					199

Evidénciase nos datos que apenas houbo variacións neste período e que hai unha clara preferencia pola vivenda en réxime de aluguer, xa que máis do 70% das solicitudes orientáanse cara este sentido.

### 03.14.02. NECESIDADES DE SOLO PARA ACTIVIDADES PRODUTIVAS

Actualmente no concello de Narón existen seis áreas empresariais:

Área Empresarial	Concello	Superficie	Superficie dispoñible
P.I. Enseada de A Gándara *	Narón - Ferrol	328.000 m <sup>2</sup>	0 m <sup>2</sup>
P.I. As Lagoas	Narón	900.000 m <sup>2</sup>	0 m <sup>2</sup>
P.E. Rio do Pozo Fase I	Narón	596.403 m <sup>2</sup>	0 m <sup>2</sup>
P.E. Rio do Pozo Fase II	Narón	377.004 m <sup>2</sup>	0 m <sup>2</sup>
P.E. Rio do Pozo Fase III	Narón	513.012 m <sup>2</sup>	0 m <sup>2</sup>
P.E. Rio do Pozo Fase IV	Narón	935.938 m <sup>2</sup>	328.471,77 m <sup>2</sup>
<b>Superficie áreas industriais existentes</b>		<b>3.650.357 m<sup>2</sup></b>	<b>328.471,77 m<sup>2</sup></b>

\* Tómase a superficie incluída en Narón

No ano 2010 realizouse unha modificación do PXOM para reclasificar solo rústico apto para urbanizar como solo urbanizable non delimitado na contorna do solo industrial de Rio do Pozo, onde dous dos ámbitos son de uso industrial/terciario (Ámbitos I e II).

Sectores de solo urbanizable modificación puntual PXOM	Uso	Superficie bruta
SUND (AMBITO I)	Industrial/Terciario	558.240 m <sup>2</sup>
SUND (AMBITO II)	Industrial/Terciario	228.684 m <sup>2</sup>
<b>Total Solo Urbanizable no delimitado Industrial</b>		<b>786.924 m<sup>2</sup></b>

O Ámbito I conta cun plan de sectorización aprobadoo<sup>31</sup> de xaneiro de 2013 (DOG nº 40 de 26 de febreiro de 2013). O polígono 1 no que se localiza unha cementeira conta con instrumento de equidistribución e proxecto de urbanización aprobados definitivamente o 25 de maio de 2023.

Ademais o Plan Sectorial de Áreas empresariais de Galicia propón un novo ámbito de solo industrial que é o da Boeira.

Área Empresarial	Concello	Estado	Superficie
P.I. A Boeira	Narón - Valdoviño	En estudo	1.400.000 m <sup>2</sup>

A estimación da demanda de só empresarial para área funcional de Ferrol para o 2024, segundo o Plan Sectorial de Áreas empresariais de Galicia é o seguinte:

Área funcional	Solo Urbanizado		Solo en reserva		Total	
	Sup. neta (m <sup>2</sup> )	Sup. bruta (m <sup>2</sup> )	Sup. neta (m <sup>2</sup> )	Sup. bruta (m <sup>2</sup> )	Sup. neta (m <sup>2</sup> )	Sup. bruta (m <sup>2</sup> )
FERROL	143.187,96	238.646,60	49.399,38	82.332,20	192.587,34	320.978,90


O Plan Sectorial de Áreas empresariais de Galicia establece como factores que inciden nas necesidades de solo empresarial os seguintes factores:

1. *O realoxo de actividades industriais existentes*
  - 1.1. *Actividades industriais existentes nos portos de interese xeral do estado*
  - 1.2. *Actividades industriais existentes no interior das tramas urbanas residenciais*
  - 1.3. *Actividades industriais existentes que necesitan aumentar o volume ou a superficie da parcela, situadas no interior de áreas empresariais ou polígonos industriais consolidados*
  - 1.4. *Complexos industriais*
2. *Adecuación e coherencia co modelo territorial proposto nas DOT*
  - 2.1. *Determinación das DOT*
  - 2.2. *Necesidades de solo empresarial para adecuar o modelo territorial das DOT.*

Área funcional	REALOXO DE ACTIV. INDUSTRIAIS				POSIBLES RESERVAS PROPOSTAS POLAS DOT					TOTAL	
	Existentes en portos (m <sup>2</sup> )	Existentes en áreas urbanas (m <sup>2</sup> )	Para ampliación de actividade (m <sup>2</sup> )	Complexos industriais (m <sup>2</sup> )	Dotacións asociadas a asentam. de habitación (m <sup>2</sup> )	Act. de loxística (m <sup>2</sup> )	Act. fuerte carácter localiz. (m <sup>2</sup> )	Parques especializ. (m <sup>2</sup> )	Parques Tecnolóxicos (m <sup>2</sup> )	S. Neta (m <sup>2</sup> )	S. bruta (m <sup>2</sup> )
Ferrol	0	0	0	300.000	0	900.000	0	0	0	1.200.000	2.000.000

*Solo empresarial para o cumprimento da estrutura territorial. Fonte Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia.*

O PSOAEG, documento marco en materia de solos produtivos, define dous polos económicos de importancia en Narón, en ambos casos de carácter supramunicipal: o P.I. A Boeira, a cabalo entre Narón e Valdoviño, e a área constituída polos polígonos de Río Pozo e as súas ampliacións, As Lagoas, o Parque empresarial San Pedro de Leixa e incluso a Plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol. Enlazados polas vías de altas prestacións AG-64, FE-12 e N-655, o conxunto formado por estes polígonos está chamado a constituír unha das principais áreas económicas da comarca, senón a principal.



A relación conómica entre Ferrol e Narón é innegable. Así o recollen as DOT, que aluden ao eixo industrial Ferrol-As Pontes no seguintes termos:

*“(...) Este espazo de crecemento industrial debe orientarse a realizar unha oferta tan diversa e flexible como sexa posible para acoller demandas de moi diverso tipo, dende novas implantacións de grandes industrias a pequenas instalacións orientadas a facilitar o desenvolvemento das súas iniciativas polos emprendedores locais. A conexión destes eixos viarios co porto exterior proporciona unha oportunidade para moitas actividades loxísticas e constitúe un atractivo adicional para captar inversións foráneas. Ademais, este novo espazo de actividades económicas debe desenvolver un papel estratéxico na configuración do futuro desenvolvemento urbano no eixo Ferrol-Narón, favorecido pola existencia dun ferrocarril de*

*proximidade, permitindo operacións de renovación urbana de forma combinada coa reubicación de actividades que se atopan en ámbitos urbanos moi centrais. Trátase non só de mellorar a competitividade de Ferrol como espazo de actividade, senón de lograr que a nova etapa de desenvolvemento que agora afrontamos prodúzase de forma ordenada, sen que se hipotequen as oportunidades de futuro mediante implantacións dispersas, de maior impacto ambiental e carentes de integración territorial (...)*".

A actuación de A Boeira non termina de encaixar neste planteamento. Illada do resto de zonas produtivas e urbanas, non demasiado accesible e definida sobre terreos de natureza forestal, o seu desenvolvemento vai en contra das determinacións expresadas e das lóxicas actuais do mercado. Así pois, e sen prexuízoda súa clasificación como solo urbanizable polo PSOAEG, este Plan concentrará os espazos produtivos en áreas estratéxicas que reforcen os lazos económicos con Ferrol.

Ademais do polo produtivo citado, Narón e Ferrol comparten o polígono de A Gándara, practicamente ocupado e podería dicirse que especializado en actividades comerciais de gran tamaño, como concesionarios de automóviles, tendas de mobiliario e similar que requiren grandes superficies de exposición, complexos comerciais como o Odeón ou medianas superficies como Lidl ou Eroski.

O éxito deste polígono relaciónase con toda probabilidade coa súa boa accesibilidade, debida á presenza das estradas FE-11, FE-13 y FE-14. Neste mesmo sentido detéctase unha área de grande potencialidade ligada á rotonda de Freixeiro, enlace entre a AP-9 e a FE-12 e a culminación da conexión entre a FE-12 e a FE-13 prevista no Plan sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Mugar dos e Cabanas. En Ferrol xa se instalou un gran complexo comercial ao norte da AP-9 e hai operadores interesados en instalarse en Narón no entorno da rotonda de Freixeiro. Por isto, e co dobre propósito de propiciar un uso eficiente e racional das infraestruturas e favorecer a aparición de correlacións entre Ferrol e Narón, este Plan concentrará os solos urbanizables de carácter produtivo no entorno da AG-64 e a FE-12, en concreto xunto aos polígonos existentes de Río Pozo e As Lagoas e a rotonda de Freixeiro.

Trátase máis dunha decisión estratéxica de futuro que do traslado ao documento dunha necesidade cuantificada de solo para actividades produtivas; necesidade que en todo caso é moi difícil de valorar máis aló do curto prazo, xa que depende de múltiples factores de escala, incluso mundial, imposibles de prever, como nos ensinaron as últimas crises e a pandemia que nos asola.

Por isto, o PXOM opta por concibir as reservas para solo de actividades produtivas como unha política estratéxica a medio e longo prazo, concentrándoas en localizacións ben comunicadas e con potencialidades distintas que favorezan a implantación dun tecido económico diversificado. E ocúpase menos da xustificación da súa necesidade en termos cuantitativos, cuestión que difire ao planeamento que desenvolven os distintos sectores de solo urbanizable. Será, por tanto, cada plan parcial o instrumento que deberá analizar o momento, as súas circunstancias e a demanda concreta que xustifican a transformación deses terreos a súa posta no mercado.

Äsinado en A Coruña outubro de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto  
Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto  
Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda. Arquitecta  
Codirectora dos traballos